

# CADERNOS DE PSICOLOXÍA

# 34

DECEMBRO DE 2013

EDITORIAL: FAGAMOS MEMORIA

QUE PENSAN OS/AS LECTORES/AS?:  
RESULTADOS DA ENQUISA DE AVALIACIÓN  
DE CADERNOS DE PSICOLOXÍA

A PSICOLOXÍA FORENSE E O EQUIPO  
TÉCNICO NA XURISDICCIÓN DE MENORES:  
DAS ORIXES Á ACTUALIDADE

EMOCIÓN E MEMORIA PROSPECTIVA:  
TEORÍA E APLICACIÓN

A MEMORIA DO TRAUMA  
OU O TRAUMA DA MEMORIA

MEMORIA E TERAPIA EMDR

PASEO POLA MEMORIA

JOSÉ LUIS SAMPEDRO, PREMIO DOLORES  
LLÓPIZ - PSICOLOXÍA E SOCIEDADE 2013



# **CADERNOS DE PSICOLOXÍA**

Decembro de 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.



Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia

# CRÉDITOS

## CONSELLO EDITORIAL / XUNTA DO GOBERNO DO COPG

Mª Rosa Álvarez Prada. *Decana.*  
Hipólito Puente Carracedo. *Vicedecano.*  
Concepción Fernández Fernández. *Secretaria.*  
Mª Concepción Prado Álvarez. *Vicesecretaria.*  
Miguel A. Chouza Ponte. *Tesoureiro.*  
José Luis Domínguez Rey. *Vogal.*  
Antonio González Fernández. *Vogal.*  
Ana Isabel Martínez Arranz. *Vogal.*  
Eva Muíño Gómez. *Vogal.*  
José Manuel Oreiro Blanco. *Vogal.*  
Marta Rivas Rodríguez. *Vogal.*  
Concepción Rodríguez Pérez. *Vogal.*  
Victor Manuel Torrado Oubiña. *Vogal.*

## CONSELLO DE REDACCIÓN

José Manuel Oreiro Blanco. *Director.*  
Carlos Montes Piñeiro. *Subdirector.*  
Felisa Balboa Cardoso  
Rocío García Calvo  
Mª Elena Rodríguez Borrajo

## TRADUCCIÓN

Eliana Martíns Alvela

## REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Eva Blanco Ferreira  
Mónica Figueira Rial  
Raquel Martínez Mosquera  
Mª Teresa Santamónica Fernández

## DESEÑO E MAQUETACIÓN

Uqui.net

ISSN: 0213-5973

D.L.: C-900-1997 Créditos

# SUMARIO

5. **EDITORIAL: FAGAMOS MEMORIA**  
José Manuel Oreiro Blanco
9. **QUE PENSAN OS/AS LECTORES/AS?: RESULTADOS DA ENQUISA DE AVALIACIÓN DE CADERNOS DE PSICOLOXÍA**  
Carlos Montes
28. **A PSICOLOXÍA FORENSE E O EQUIPO TÉCNICO NA XURISDICIÓN DE MENORES: DAS ORIXES Á ACTUALIDADE**  
Juan Luís Basanta Dopico
42. **EMOCIÓN E MEMORIA PROSPECTIVA: TEORÍA E APLICACIÓN**  
Fernando Gordillo León  
José M. Arana Martínez  
Juan José García Meilán  
Juan Carro Ramos  
Lilia Mestas Hernández
60. **A MEMORIA DO TRAUMA OU O TRAUMA DA MEMORIA**  
Jorge Barudy
75. **MEMORIA E TERAPIA EMDR**  
Anabel González Vázquez  
Dolores Mosquera
103. **PASEO POLA MEMORIA**  
José Manuel Pazos Riveiro
116. **JOSÉ LUIS SAMPEDRO, PREMIO DOLORES LLÓPIZ - PSICOLOXÍA E SOCIEDADE 2013**  
Eliaana Martíns
121. **NORMAS DE PUBLICACIÓN**

# **EDITORIAL: FAGAMOS MEMORIA**

Cadernos de Psicoloxía, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

**José Manuel Oreiro Blanco**

Director de Cadernos de Psicoloxía



L

E

P

D

.....  
A QUIMERA  
DO ESQUEZO  
NON É UNHA  
POSIBILIDADE  
DOS HUMANOS  
.....

Esta é a invitación que vos queremos achegar neste número. Facer memoria, boa memoria, é o obxectivo da nosa actividade diaria como psicólogos e psicólogas en incontables ocasións.

Aqueles profesionais que traballan con procesamentos mentais básicos, nos que recordar ocupa un papel transcendental; aqueles que interveñen con experiencias traumáticas, onde a permanencia no presente de episodios que deberían recoñecerse e situarse como xa pasados continúan perturbando; quen busca axudar a construír novos esquemas de funcionamento non condicionado aos xa ensaiados. Todos eles buscan domear a materia prima que é a memoria na especie humana.

Cando nace a idea deste número, atopámonos socialmente inmersos no proceso de «recuperación da memoria histórica», un exercicio da sociedade que mostra que para poder esquecer hai que primeiro lembrar e reparar os recordos. E é que non hai superación con esquezo cando o vivido é transcendental. A quimera do esquezo non é unha posibilidade dos humanos. Os seres humanos recordan sempre, incluso cando non son conscientes de estar recordando. É por iso que sanear a memoria é imprescindible para poder seguir o noso camiño.

Desde aquel momento inicial, chegamos ao remate deste número inmersos nunha época de reto social, político e profesional, que nos esixe xerar novas respostas e na que todos, a psicoloxía tamén, temos que implicarnos en presentar ilusións de cambio e de mellora. Tamén aquí a memoria pode xogar un papel fundamental: recordando o futuro. En «Alicia a través do espello», de Lewis Carroll, a Raíña Branca dille a Alicia que «a memoria funciona en ambas direccións». A raíña non só recorda cousas do pasado senón tamén «cousas que pasaron a semana que vén». Alicia replícalle que non se poden lembrar cousas antes de que sucedan, ao que a raíña responde: «Trátase dunha clase de memoria bastante pobre a que só funciona cara atrás».

Como no conto, recordar o futuro é o desvío da memoria que posibilita romper co previsto. Tomar conciencia de elo e asentar a memoria no «xa pasado» libéranos para poder imaxinar un futuro distinto.

Os artigos que vos presentamos neste número recollen as achegas dos seus autores sobre este tema, ás veces centrados no estudo e intervención sobre o recordo de outros, ou a través do exercicio da elaboración pública da memoria persoal. A todos eles, grazas polas súas valiosas contribucións que, sen dúbida, colaborarán na construción da boa memoria de todos nós.



# **QUE PENSAN OS/AS LECTORES/AS?:** RESULTADOS DA ENQUISA DE AVALIACIÓN DE *CADERNOS DE PSICOLOXÍA*

Cadernos de Psicoloxía, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

Carlos Montes

Universidade de Santiago de Compostela (USC).

.....  
(...) AO LONGO DOS  
ANOS, CADERNOS  
DE PSICOLOXÍA  
SUFRIU CAMBIOS  
PROFUNDOS FROI-  
TO DA CONTINUA  
REORGANIZACIÓN  
DO SEU CONSELLO  
DE REDACCIÓN E  
EQUIPO EDITORIAL  
.....

## Resumo

Este traballo pretende recoller a opinión das colexiadas e colexiados do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) sobre diferentes aspectos da calidade e do contido de *Cadernos de Psicoloxía*. Para isto, deseñouse un cuestionario estruturado *ad hoc* que foi enviado por correo electrónico a un total de 1147 colexiados/as. A taxa de resposta foi do 3.9% (45 enquisas). O 51.4% dos/das enquisados/as traballaban no ámbito da Psicoloxía Clínica. A sección da revista preferida e mellor puntuada foi «Orixinais» e a que menos interese suscita foi «Editoriais». A valoración xeral da revista é elevada, sendo especialmente mellorable a diversidade temática. As opinións expresadas polos/as participantes suxiren que a calidade e a utilidade da revista é satisfactoria para a maioría de lectores.

## Palabras chave

Cadernos de Psicoloxía, enquisa, cuestionario, opinión, satisfacción.

## Introdución

No ano 1986 botou a andar *Cadernos de Psicoloxía*, a primeira revista científico-profesional de Psicoloxía creada en Galicia (Pérez Pereira, 1997). Desde os seus albores, a revista procurou ser un vehículo de información plural no que se recolliesen investigacións e estudos sobre aspectos teóricos e prácticos de especial relevancia para a profesión. Tamén serviu de plataforma para coñecer experiencias, reflexións e opinións elaboradas por especialistas de recoñecido prestixio. Con todo, ao longo dos anos, *Cadernos de Psicoloxía* sufriu cambios profundos froito da continua reorganización do seu Consello de Redacción e Equipo Editorial. Neste sentido, a renovada liña editorial da revista ten como principal obxectivo estratéxico achegar *Cadernos de Psicoloxía* ás colexiadas e aos colexiados do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).

O coñecemento dos aspectos que poden mellorar a aceptación dunha revista constitúe un dos instrumentos dos que dispoñen os responsables das publicacións científicas e profesionais para tomar decisións sobre a estratexia editorial. Dentro das múltiples fontes de información existentes, pódese recorrer ao exame do proceso editorial (Härtel e Arndt, 2012), á análise do contido publicado (Montes, 2010), e mesmo ao estudo da satisfacción dos/das autores/as que colaboran na mesma (Sweitzer e Cullen, 1994). Así e todo, a evidencia máis directa atópase na opinión dos/das lectores/as.

O presente estudo xurde da inquietude por coñecer as percepcións e as valoracións das colexiadas e dos colexiados do COPG sobre *Cadernos de Psicología*. Pretende debuxar un bosquexo xeral da valoración da publicación, tanto para os/as lectores/as habituais como para os/as ocasionais, intentando identificar os contidos máis atractivos así como posibles áreas de mellora. Para isto, levouse a cabo un estudo descritivo transversal (Montero e León, 2007). Diseñouse unha breve enquisa, distribuída por correo electrónico entre os/as suscriptores/as, que aborda as percepcións e valoracións que estes fan da mesma.

## **Materiais e método**

### *Deseño da enquisa*

A enquisa foi elaborada polo Consello de Redacción como un cuestionario estruturado con alternativas de resposta pechadas e preguntas abertas para responder libremente. As preguntas incluídas recollían diferentes aspectos vinculados ao interese das seccións para os colexiados/as, a súa adecuación ás necesidades académicas e/ou profesionais dos/as lectores/as, a súa adecuación ás expectativas xeradas por unha revista do COPG, e a valoración da calidade da revista. Ao mesmo tempo, tamén se preguntaba se consideraban oportuno abrir novas seccións na revista, neste caso solicitando que se especificasen cales. Finalmente, incluíase unha última cuestión aberta que os/as interesados/as podían empregar para especificar calquera aclaración, observación ou suxestión que desexasen facer.

Os datos solicitados foron dixitalizados nun formulario electrónico en formato de documento portátil (PDF, *Portable Document Format*) que posibilitase a súa autoadministración por vía telemática. Un ensaio piloto con estudantes universitarios revelou que tempo necesario para contestar todas as preguntas sería inferior a 10 minutos.

### *Aplicación da enquisa*

O 1 de xullo de 2011 enviouse a enquisa á dirección electrónica de 1147 subscritores da revista, todos eles colexiados/as do COPG que compoñían a lista de envíos electrónicos (Data de revisión: 30 de xuño de 2011). O 15 de xullo de 2011 reenviouse a enquisa como recordatorio para todos aqueles que non responderan. Ademais, para facilitar o acceso á enquisa a aquelas persoas das que non se dispoñía da súa dirección electrónica, o formulario colocouse no sitio web da revista en [www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es), na sección de «Novas». A recepción das respostas cerrouse 1 de setembro de 2011.

### *Análise estatística*

Todas as respostas recibidas foron recollidas polo *webmaster* do COPG e os datos foron gravados nunha folla de cálculo. Para resumir a información obtida calculáronse porcentaxes e medias aritméticas segundo o formato de resposta de cada pregunta da enquisa. Todas as análises foron realizadas co paquete estatístico SPSS 17.0.

## **Resultados**

### *Participación.*

Un total de 45 enquisas foron remitas ao COPG. Tendo en conta que o número exacto de colexiados/as que compoñían a lista de envíos electrónicos era de 1147 colexiados/as, a participación total cífrase nun 3.9% (ver [Figura 1](#)).

### *Depuración inicial.*

Do total de enquisas recibidas, o 11.1% (5 enquisas) foron eliminadas ao non satisfacer as demandas técnicas e metodolóxicas do estudo (ver [Figura 2](#)). Concretamente, unha das enquisas recibidas non contiña ningunha resposta e as catro restantes correspondían a colexiados/as que non leran ningún número de *Cadernos de Psicoloxía* e que, polo tanto, carecían da información necesaria para contestar a enquisa. Polo tanto, a base final do estudo estivo composta por un total de 40 enquisas sobre as que se realizaron o resto das análises.

### *Caracterización dos/das participantes.*

Atendendo ao campo de especialización dos/as participantes no estudo, cabe sinalar que a maioría traballa no ámbito da Psicoloxía Clínica (51.4%). O resto distribúese entre colexiados/as da sección de Intervención social (11.4%), Xurídica (11.4%) e Traballo e das Organizacións (11.4%). A sección con menor representación é a da Psicoloxía Educativa (5.8%) (ver [Figura 3](#)).

### *Números lidos.*

Como recolle a [Figura 4](#), o 60.0% dos/as enquisados/as leu o último número de *Cadernos de Psicoloxía*, sendo o exemplar máis consultado de entre todos os editados.

### *Interese e adecuación de Cadernos de Psicoloxía.*

A valoración media das seccións da revista é de 6.3 sobre 10 (DT=1.7), sendo «Orixinais» a sección máis valorada cunha media de 7.1 (DT=1.9) e «Editorial» a que ten menor puntuación (M=5.4; DT=2.2) (ver [Figura 5](#)). Neste sentido, máis da metade dos/as enquisados/as (o 52.5%) considera que os contidos de *Cadernos de Psicoloxía* cobren as súas necesidades académicas e/ou profesionais (ver [Figura 6](#)).

Ademais, a ampla maioría dos/as consultados/as afirma que a revista comprace as súas expectativas. De feito, o 70.0% considera

.....

A VALORACIÓN  
XERAL DA REVISTA  
É DE 7.3 SOBRE 10

.....

que os contidos de *Cadernos de Psicoloxía* adecúanse ao que esperan recibir dunha revista editada polo COPG (ver [Figura 7](#)).

Porén, como reflexa a [Figura 8](#), catro de cada dez enquisados/as considera moi oportuno abrir novas seccións ademais das xa existentes na revista. Concretamente, recibíronse 14 propostas que abranguen os seguintes temas:

- Diseñar seccións específicas atendendo aos diferentes ámbitos profesionais (42.9%).
- Incorporar unha sección onde se traten temas actuais, novidades, avances científicos e orientacións para a reciclaxe profesional (21.4%).
- Introducir seccións relativas aos campos emerxentes da Psicoloxía (14.3%).
- Engadir unha sección que conteña materiais para o exercicio profesional: Casos prácticos, dinámicas de grupo, exemplos, etc. (14.3%).
- Incluír unha sección que vincule a Psicoloxía con outras disciplinas como a literatura, o cine, ou a arte (7.1%).

*Valoración de Cadernos de Psicoloxía.*

A valoración xeral da revista é de 7.3 sobre 10 (DT=1.6), sendo a «Actualidade temática» o aspecto máis valorado (M=7.5; DT=1.7) e a «Diversidade temática» a que ten menor puntuación (M=6.6; DT=2.2) (ver [Figura 9](#)).

*Colaboración coa revista.*

Interrogados pola posibilidade de publicar os resultados do seu exercicio profesional en *Cadernos de Psicoloxía*, o 45.9% dos/as enquisados/as manifesta estar interesado/a (ver [Figura 10](#)).

*Aclaracións, observacións e/ou suxestións.*

Finalmente, ofreceuse a posibilidade de que os/as enquisados/as fixeran calquera aclaración, observación ou suxestión que consi-

derasen oportuna sobre a revista. Neste sentido, rexistráronse dúas suxestións: «Eliminar o formato impreso e optar por un medio de difusión *online*» e «Incorporar contidos máis prácticos e aplicados». Ademais, tamén se recolleron dous comentarios: «*Cadernos de Psicoloxía* está francamente ben e contén temas de áreas moi diversas» e «Aínda que sempre tiveron a intención de exercer, diferentes razóns laborais e persoais non permitiron especializarme. Pero gústame estar en contacto co que facedes. Grazas!>».

### Discusión e conclusións

Coa finalidade de establecer un diálogo aberto cos lectores, o Consello de Redacción de *Cadernos de Psicoloxía* elaborou unha enquisa para coñecer as súas percepcións, opinións e valoracións. Un total de 40 colexiados/as contestaron correctamente a enquisa, un número moi baixo tendo en conta o número de colexiadas e colexiados do COPG aos que lles chega a revista. A baixa participación ten importantes implicacións metodolóxicas xa que pode provocar unha distorsión da mostra como consecuencia do efecto de autoselección (Llauradó, 2006), minimizando a representatividade da información obtida, e debilitando as conclusións extraídas. Non obstante, un número moi baixo de participantes suscita outra cuestión máis determinante aínda: Existe un interese real dos/das colexiados/as por *Cadernos de Psicoloxía*? Para contestar a esta cuestión axeitadamente, será preciso esperar unha segunda enquisa coa que se poderá comprobar se a participación se mantén en niveis tan baixos ou, pola contra, se incrementa.

Centrando a atención no propósito principal da enquisa, os resultados amosan que a ampla maioría dos/das consultados/as están satisfeitos/as coa revista. De feito, a valoración xeral da revista é elevada, cunha nota de 7.3 sobre 10. Destaca a valoración positiva que recibe a súa actualidade temática, o seu interese profesional e a súa calidade científico/técnica. No que respecta ás seccións, destaca o interese que suscita a sección de «Orixinais» que, cunha valoración de 7.1 sobre 10, é a que máis interese esperata. Polo que non é de estrañar que a maioría dos/das enquisados/as considere que *Cadernos de Psicoloxía* cubre as súas necesidades académicas e ou profesionais e, incluso, que o 45.9% estea inte-

=====

CADERNOS  
DE PSICOLOXÍA  
DEBE MANTER A  
VONTADE E  
COMPROMISO DE  
SEGUIR OFRECENDO  
INFORMACIÓN  
PLURAL E EFICAZ  
PARA TODAS AS  
PERSOAS VINCULA-  
DAS Á PSICOLOXÍA

=====

resado en publicar os resultados da súa actividade académica ou profesional na revista.


Con todo, os resultados tamén invitan á reflexión. Especialmente no que respecta aos contidos xa que, segundo a opinión dos/das enquisados/as, a diversidade temática da *Cadernos de Psicología* é mellorable. Concretamente, o 40.0% dos/das consultados/as suxire repensar as seccións da revista. Así, os/as lectores/as preferirían unha revista que incorporase novas seccións especializadas por ámbitos de actuación profesional. Ademais, dentro do reducido número de suxestións recibidas, tamén se propuxo cambiar o formato tradicional da revista a un formato electrónico e incorporar contidos máis aplicados.

A información obtida nesta enquisa proporcionou unha axuda incalculable aos editores de *Cadernos de Psicología*. A pesar de non dispoñer dunha mostra representativa de lectores, as persoas que contestaron a enquisa, achegaron datos concretos e suxestións que permitiron (e permitirán no futuro) planificar os cambios necesarios para satisfacer a aqueles que desexan unha revista dinámica e útil para o seu perfeccionamento científico e o da súa práctica profesional.


Á luz dos resultados obtidos, consideramos que *Cadernos de Psicología* debe seguir a liña trazada no presente número da revista, movendo o seu foco de interese cara as colexiadas e os colexiados do COPG. Debe manter a vontade e compromiso de seguir ofrecendo información plural e eficaz para todas as persoas vinculadas á Psicología e, polo tanto, debe continuar co seu obxectivo de servir de material de lectura, consulta e actualización profesional para todas as psicólogas e psicólogos de Galicia.




**Figura 1.** Participación na enquisa. | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 2.** Porcentaxe de participantes que leu algún número de Cadernos de Psicoloxía (Base=100%). | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 3.** Distribución das/dos participantes segundo o seu campo de especialización (Base 87.5%). | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 4.** Porcentaxe de lectores dos números publicados de Cadernos de Psicología (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 5.** Valoración das seccións de Cadernos de Psicoloxía (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 6.** Porcentaxe de lectores de Cadernos de Psicoloxía que considera que os contidos da revista se adecúan ás súas necesidades académicas e/ou profesionais (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)



**Figura 7.** Porcentaxe de lectores de Cadernos de Psicoloxía que considera que os contidos da revista adecúanse ao que esperan dunha revista editada polo COPG (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)




**Figura 8.** Porcentaxe de lectores de Cadernos de Psicoloxía que considera oportuno abrir novas seccións ademais das xa existentes na revista (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)






**Figura 9.** Valoración da calidade de Cadernos de Psicoloxía (Base 100%). | [Voltar ao texto.](#)



**Figura 10.** Porcentaxe de lectores que estarían interesados/as en publicar os resultados do seu exercicio profesional en Cadernos de Psicoloxía (Base 92.5%). | [Voltar ao texto.](#)



## Agradecementos

O autor expresa en nome propio e no de todo o Equipo Editorial de *Cadernos de Psicoloxía*, o agradecemento a todas as colexiadas e colexiados que desinteresadamente investiron parte do seu tempo en contestar a enquisa.

## Referencias bibliográficas

- Härtel, C.E.J e Arndt, F.(2012). Some thoughts about reviewing: An editor's and newcomer's perspective. *Journal of Management & Organization*, 18(2), 281-284.
- Llauradó, O. (2006). El trabajo de campo Online: Qué hemos aprendido en los últimos 10 años. *Investigación y Marketing*, 91, 1-7.
- Montero, I. e León, O.G. (2007). A guide for naming research studies in Psychology. *International Journal of Clinical and Health Psychology*, 7(3), 847-862.
- Montes, C. (2010). 25 números de Intangible Capital: Análisis bibliométrico. *Intangible Capital*, 6(2), 300-311.
- Pérez Pereira, M. (1997). Historia da Psicoloxía en Galicia. *Cadernos de Psicoloxía*, 21, 68-85.
- Sweitzer, B. e Cullen, D. (1994). How well does a journal's peer review process function? A survey of authors' opinions. *JAMA*, 272, 152-153.

# **A PSICOLOXÍA FORENSE E O EQUIPO TÉCNICO NA XURISDICIÓN DE MENORES: DAS ORIXES Á ACTUALIDADE**

Cadernos de Psicoloxía, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

Juan Luís Basanta Dopico

Xulgado de menores de Ourense.

## Resumo

Neste artigo preténdese esbozar unha visión xeral, ao longo do tempo, de cal foi o lugar do menor respecto ás institucións de atención á infancia no conflito e cal a posición da Psicoloxía Forense dentro do ámbito da Xustiza Xuvenil.

## Palabras chave

Menores. Psicoloxía Forense. Equipo Técnico. Xustiza Xuvenil. Historia.

## O menor e as súas institucións

Máis alá da época Romana e seguindo, en parte, o clásico traballo sobre a *Historia de la Obra de los Tribunales Tutelares de Menores en España* (Roca, 1968), pódense establecer referencias á infancia en situación de dificultade social desde a Alta Idade Media; así, por exemplo, en España o comezo da lexislación protectora atópamolo no *Foro Vello* de Castela e no *Foro Real*, acadando o seu maior desenvolvemento coas partidas de Afonso X o Sabio, onde sinalaba, en termos xerais, a maioría de idade a partir dos dez anos.

Os primeiros antecedentes que se refiren a institucións españolas destinadas ao tratamento de menores infractores datan de 1337, cando o Rei Pedro IV o Cerimonioso institúe en Valencia o denominado Pai de Orfos (Pare d'Orfens). Nesa institución pretendíase redimir os menores delincuentes a través do traballo, sendo os seus mestres de oficio os responsables das súas faltas, polo que actuaban así como pais de orfos. Tal figura, aínda que con distintas denominacións (de vagos, de traballadores, de mozos...), persiste ata o século XVIII.

Toribio de Velasco, en 1723, crea en Sevilla a primeira escola de reforma, na que tenta acoller e educar nenos na doutrina cristiá. Foi o pioneiro dunha serie de educadores orientados cara á corrección das condutas infantís inadaptadas. No seu sistema educativo destacaba: a participación e a corresponsabilidade dos alumnos, a liberdade e a falta de medios represivos, o ensino elemental levado

A PRIMEIRA VEZ  
 QUE A LEXISLACIÓN  
 ESPAÑOLA RECOLLE  
 ACTUACIÓN S  
 TEMÁTICAS PARA  
 A PROTECCIÓN E  
 A REFORMA DE  
 MENORES SERÁ NA  
 DENOMINADA LEI  
 TOLOSA

a cabo por persoal especializado, a posibilidade de acceder ao ensino secundario, a aprendizaxe dun oficio en obradoiros dirixidos por profesionais e a participación en actividades recreativas.

No século XVIII, durante o reinado de Carlos III, o Estado comeza a intervir con procedementos tutelares, situando os menores baixo as Xuntas ou Deputacións de Caridade, para que lles ensinasen un oficio ou lles desen o ensino adecuado.

No século XIX comeza a preocupación pola educación profesional e a dos menores internados nas prisións. D. Francisco Javier Abadía destaca neste labor, encargándose dos mozos presos en Cádiz en 1803. A partir de entón aparecen dous tipos de intervención: a vía do hospicio para orfos, vagos e vagabundos; e a do cárcere, para os que cometeran algún tipo de delito (alí había escolas elementais para a aprendizaxe de lectoescritura e obradoiros para aprender un oficio). A partir de 1834, o coronel Montesinos establece, no presidio de Valencia, o primeiro sistema diferencial de intervención en menores de idade, creando unha sección de mozos separada do resto dos penados na que instaurou obradoiros, organizou escolas e cambiou o perfil dos funcionarios dedicados á atención destes menores, suavizando así o rigor da disciplina penitenciaria (Roca, 1968).

A primeira vez que a lexislación española recolle actuacións sistemáticas para a protección e a reforma de menores será na denominada Lei Tolosa (de Tolosa Latour), de 12 de agosto de 1904, pola que tamén se crea o Consello Superior de Protección á Infancia. Posteriormente virá a Lei sobre Organización e Atribucións dos Tribunais Tutelares para Nenos, publicada na *Gaceta de Madrid* por Real Decreto de 25 de novembro de 1918 (Lei Montero Ríos), pola que se crea unha lexislación especial para menores que os protexe do internamento no cárcere, ao tempo que se fomentan os patronatos e as sociedades tutelares para a fundación de reformatorios ou de centros tutelares. O sistema reeducativo proposto por esta lei baséase en tres tipos de institucións: casas de observación, reformatorios e casas de familia (Roca, 1968, Suárez, 1998).

Daquela época data a fundación do Laboratorio de Experimentación Psicolóxica, inicialmente no ano 1914, pero que non obtivo recoñecemento público ata 1916, por Luis Folch i Torres, psicólogo e inspector das institucións do Tribunal Tutelar de Me-

nores e da Xunta de Protección de Menores de Barcelona (Roca, 1968). En tal laboratorio procedíase á observación e á valoración de menores no contexto do que se entendía como unha rede de institucións catalás para o estudo da infancia; cómpre destacar o auxo que o laboratorio chegou a ter no ámbito europeo grazas á presenza do Dr. Emili Mira i López. En 1917, como continuación do Laboratorio de Psicoloxía, créase o Centro de Observación e Diagnóstico, e pouco despois organízase unha estrutura de intervención psicoeducativa baseada na idea de fogares funcionais distribuídos anonimamente pola cidade de Barcelona, rompendo por primeira vez en España coas estruturas asilares e carcerarias típicas de períodos precedentes.

En 1924 fúndase o Instituto de Psicoloxía Aplicada e Orientación Profesional de Madrid, que tamén realizou intervencións en colaboración cos Tribunais Tutelares de Menores (TTM); pouco despois, en 1932, pasa a depender do Ministerio de Instrución Pública.

En 1925 constitúese a Comisión Directiva dos Tribunais Tutelares. Entre as modificacións que efectúa destacan dúas importantes: a) a ampliación da competencia do Tribunal Tutelar, dos 15 anos que marcaba a Lei de 1918 aos 16 anos; b) a especialización dos cargos de presidente, vogais e secretarios, en estudos de enxuízamento e en protección de menores.

Pola súa importancia, destaca a fundación polos Terciarios Capuchinos do Reformatorio e Centro Permanente de Estudos de Amurrio, en 1920, lugar onde se implantou un Plan de Estudos Psicopedagóxicos destinado a educadores e a persoal de menores que contiña materias como Biopsicopedagogía, Psicoloxía, Pedagogía, Estatística e Metodoloxía Científica (Reais Ordes de 14/7/1926 e 2/6/1928), mantendo áreas de investigación aplicada, como a confección da ficha biopsicopedagóxica e realizando estudos e investigacións psicométricas.

Por Real Orde do 2 de xuño de 1928, créase o Centro de Estudos Psicopedagóxicos do Reformatorio Príncipe de Asturias, en Madrid. As funcións que tiña asignadas o centro eran, entre outras, dar unha adecuada formacións ás persoas que no futuro desenvolvesen labores educativos en menores, tanto en calidade de directores dos centros como de xefes das seccións, figura que co-

respondería aos actuais educadores. Impartíanse materias como Psiquiatría, Dereito, Pedagogía Correccional e Xeral, Orientación Profesional e Lexislación do Menor, contidos que facían destes cursos unha formación válida para persoas tales como médicos, avogados, pedagogos ou relixiosos que tiñan un especial interese no campo dos menores.

Coa chegada da República, derogouse o decreto de creación do Centro de Estudos, e non será ata a chegada de Matilda Huici cando se porá en pé o Instituto de Investigación Psicolóxica do Menor.

Namentres, en España, a Institución Libre de Ensino potenciou a actividade do Protectorado do Neno Delincuente, atendendo os menores na Casa Escola Concepción Arenal, na idea de adaptalos á sociedade no marco dunha pedagogía máis activa.

Durante a II República, encargáronse dos reformatorios mestres especializados, pero a Guerra Civil cortou o proceso. Tras a guerra, os Terciarios Capuchinos volven facerse cargo, integrando nos reformatorios escolas elementais e creando o primeiro laboratorio español de psicoloxía de orientación claramente xermanófila, dedicado a menores en conflito social, no Reformatorio de Amurrio.

O Consello Superior de Protección de Menores (CSPM) fundou diversas institucións de intervención en menores de dificultade social:

- Casas de Observación. Trátase de lugares destinados a realizar un proceso de estudo, diagnóstico e clasificación; desde unha tripla vertente social, psicolóxica e educativa, se ben en moitos casos quedaba reducida a intervención a unha paréntese na vida do menor namentres se atopaban alternativas para o mozo máis alá da institución: busca de familia biolóxica nuclear ou extensa, busca de institucións que puidesen albergar o mozo ao dispoñer de prazas, etc.
- Reformatorios. Tratábase dos antigos correccionais e na inmensa maioría, daban traballo a persoas relacionadas cos corpos de seguridade do Estado que se atopaban en situacións de reserva ou outras figuras similares; dispoñían de persoal docente, mestres nacionais adscritos ao Patronato de Educa-



.....

A PROMULGACIÓN  
DA CONSTITUCIÓN  
ESPAÑOLA EN  
1978 SUPÓN A IN-  
TRODUCCIÓN DE  
PERSPECTIVAS  
MODERNAS, ENTRE  
ELAS, UNHA NOVA  
CONCEPCIÓN DOS  
DEREITOS DA  
INFANCIA

.....

ción que se limitaban a iniciar os menores en actividades de lectoescritura e de cálculo básico, así como a orientalos no seu proxecto vital; nalgúns casos existían coidadores con discreta formación académica; adoitaban dispoñer de talleres de oficios, noutros moitos casos dependían de ordes relixiosas.

Outras institucións dependentes do CSPM foron os Centros de Anormais, as Casas de Familia, os Centros Tutelares e as Colonias Agrícolas, que se ben atendían de forma preferente a menores de protección, non era estraño que interviñesen en menores de reforma, dada a permeabilidade da época.

En 1948 apróbase o texto refundido da Lei de Tribunais de Menores, un novo texto legal que refunde os anteriores de 1931, 42 e 44, e que permaneceu vixente, case na súa totalidade, ata a recente produción normativa xurdida a raíz do establecemento do Estado de Dereito en España. Esta lei establecía nas súas normas de procedemento dúas Facultades: a de Protección e a de Reforma, coas seguintes medidas: amoestación, liberdade vixiada, custodia por outra persoa, familia ou sociedade tutela, ingreso en establecemento de observación, de reforma tipo educativo, correctivo ou semiliberdade, e ingreso nun establecemento para anormais (Palacios, 1997).

A promulgación da Constitución Española en 1978 supón a introdución de perspectivas modernas, entre elas, unha nova concepción dos dereitos da infancia, que dará lugar a leis como a Lei 21/1987, de 11 de novembro, pola que se modifican determinados artigos do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil en materia de adopción, lei que instaura un novo sistema de protección de menores que se consolida coa Lei Orgánica 1/1996 de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.

De forma máis específica, no que concirne aos menores en conflito social, a Lei Orgánica do Poder Xudicial de 1985 crea a figura do Xuíz de Menores, incluída no esquema do Poder Xudicial e, naturalmente, na xurisdición ordinaria; ao propio tempo, despoxa eses órganos das funcións de protección de menores que tiñan atribuídas os antigos Tribunais Tutelares de Menores e que pasaron a ser competencia das Comunidades Autónomas.

En 1988 incorpóranse os psicólogos aos Xulgados de Menores nos Equipos Técnicos da Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza.

Catro anos despois xurde a Lei Orgánica 4/92, de 5 de xuño, sobre a reforma da Lei Reguladora da Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores, como unha medida urxente para proceder a modificar a Lei 1948 dos TTM, dada a existencia de artigos inconstitucionais, polo que se procede a modificar a Lei de 1948, que desde agora se virá a chamar Lei Orgánica Reguladora da Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores, dito isto, trátase dunha lei que só resolve parcialmente a intervención en menores infractores e onde o papel do psicólogo queda por definir.

A Lei Orgánica 5/2000 de responsabilidade penal de menores e a súa modificación posterior, Lei 8/2006, de 4 de decembro, establece a responsabilidade penal dos menores comprendidos entre os 14 e os 18 anos, así como uns principios xerais fundamentais:

1. Natureza formalmente penal pero materialmente sancionadora-educativa do procedemento e das medidas aplicables aos infractores menores de idade.
2. Recoñecemento expreso de todas as garantías que se derivan do respecto dos dereitos constitucionais e das especiais esixencias do interese do menor.
3. Diferenciación de diversos tramos de idade a efectos procesais e sancionadores na categoría de infractores menores de idade.
4. Flexibilidade na adopción e na execución das medidas aconselladas polas circunstancias do caso concreto.
5. Competencia das entidades autonómicas relacionadas coa reforma e a protección de menores para a execución das medidas impostas na sentenza.
6. Control xudicial desta execución.

De igual forma, ofrece unha diversidade de medidas xudiciais que conterán programas de intervención ao obxecto de modificar a conduta antisocial e antixurídica do mozo.

A continuación, expóñense as medidas que no texto da propia lei se fan pivotar sobre o interese do menor, que determinará unha decisión xudicial flexible atenta ao caso particular e á evolución do menor no cumprimento das mesmas, e todo isto tendo en conta a «concreta finalidade que as ciencias da conduta esixen que se persiga con cada unha das medidas» (BOE, 2000, p. 1424):

1. Internamento en réxime semiaberto.
2. Internamento en réxime aberto.
3. Internamento terapéutico.
4. Tratamento ambulatorio.
5. Asistencia a centro de día.
6. Permanencia de fin de semana.
7. Liberdade vixiada.
8. Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.
9. A prohibición de aproximarse ou de comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz.
10. Prestacións en beneficio da comunidade.
11. Realización de tarefas socio-educativas.
12. Amoestación.
13. Privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos a motor, ou do dereito a obtelo, ou das licencias administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas.
14. Inhabilitación absoluta.

A xustiza xuvenil en España dáse no marco dun proceso garantista respecto ao menor, tanto xudicial como científico, por canto as institucións actuais de cumprimento de medidas son entidades

O EQUIPO TÉCNICO  
 É UN ÓRGANO DA  
 ADMINISTRACIÓN  
 DE XUSTIZA (...)

CONFORMADO  
 POR UN TRABALLA-  
 DOR/A SOCIAL, UN  
 EDUCADOR/A E UN  
 PSICÓLOGO/A

controladas tanto polo Ministerio Fiscal como pola propia Autoridade Xudicial, dotadas de programas científicos de intervención, por veces faltos dunha adecuada protocolización, que se desenvolven no seo dun marco normativo xurdido do Regulamento de Réxime Interior proposto por lei.

### **O lugar actual do psicólogo forense na xurisdición de menores**

O papel que viñan desempeñando estes equipos técnicos, nos que o psicólogo se atopa inmerso, amplía as súas funcións e competencias coa posta en funcionamento da Lei 5/2000, de responsabilidade penal de menores, posteriormente co decreto que regula o seu funcionamento e, finalmente, consolídase nos seus principios e na súa composición coa modificación introducida pola Lei Orgánica 8/2006, de 4 de decembro.

O Equipo Técnico é un órgano da Administración de Xustiza, composto por profesionais que achegan os seus coñecementos para a realización da xustiza xuvenil (Cuello, 2000). A propia lei establece «o carácter especializado destes expertos» (BOE, 2000, p. 1422); e seguindo a exposición de motivos, apartado 1, da Lei Orgánica 5/2000, de responsabilidade penal, «configúrase como instrumento imprescindible para acadar o obxectivo que perseguen as medidas» (BOE, 2000, p. 1422) sancionadoras educativas enumeradas na citada Lei.

Está conformado por un traballador/a social, un educador/a e un psicólogo/a (Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, artigo 4, apartado 1). Respecto á composición, cómpre destacar a disposición final terceira da Lei 5/2000, na que no seu apartado 5 establecía que o Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, sen prexuízo das competencias asumidas polas Comunidades Autónomas, xeraría a creación de corpos de psicólogos, educadores e traballadores sociais forenses. Finalmente, esta disposición derrógase pola Lei Orgánica 9/2000 de 22 de decembro.

A Lei Orgánica 5/2000 establece na súa disposición final terceira, punto 3, que os Equipos Técnicos estarán adscritos aos Xulgados e Fiscalías de Menores; por outra banda, o artigo 4 do Regulamento da Lei 5/2000 di no seu apartado 2 que:

«Os profesionais integrantes dos Equipos Técnicos dependerán orgánicamente do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias asumidas e estarán adscritos aos xulgados de menores. Durante a instrución do expediente, desempeñarán as funcións establecidas na Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, baixo a dependencia funcional do Ministerio Fiscal e do xuíz de menores cando o ordene.»

A Lei 5/2000, de responsabilidade penal de menores, na súa disposición adicional terceira, modificada pola Lei Orgánica 8/2006, de 4 de decembro, establece que os Equipos Técnicos estarán compostos por persoal funcionario ou laboral ao servizo das Administracións Públicas, e que actuarán baixo os principios de independencia, imparcialidade e profesionalidade, o que vén redondear e ampliar o cadro xeral de principios exposto xa no seu día polo Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal de menores, dotando dunha clara función pública e de autoridade a estes Equipos.

O rol do psicólogo nos Equipos Técnicos dos Xulgados e Fiscalías de Menores supón, ademais das funcións propias da especialidade, e debido ás características singulares dos seus postos de traballo, as que a continuación se expoñen, en virtude da aplicación da Lei Orgánica 5/2000, de responsabilidade penal de menores modificada pola Lei 8/2006, de 4 de decembro:

1. Asistencia ao menor, unha vez aberto o expediente por parte da Fiscalía (art. 22. 1. f.).
2. Elaboración de informes profesionais forenses, que se compatibilizarán co resto dos informes dos membros do Equipo, xerando un informe técnico específico do posto de traballo e no que se fará constar a proposta de medida sancionadora-educativa aplicable ao menor (art. 27), cuestión esta última que significa unha actividade postulatoria, moi distinta á actividade propiamente pericial, máxime se temos en conta que o carácter obrigatorio de tal informe, así como o feito de

que as partes non poderán propoñer outros informes distintos; véxase, neste senso, como a acusación particular poderá propoñer probas que versen sobre o feito constitutivo de delito e as circunstancias da súa comisión, salvo no referente á situación psicolóxica, educativa, familiar e social do menor (disposición final segunda, da Lei orgánica 15/2003, de 25 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal).

3. Informar sobre a orden de prelación na imposición de diversas medidas (art. 13).
4. Informar sobre a modificación de medidas (art. 14).
5. Informar sobre a necesidade ou o tipo de medida cautelar a impoñer a un menor (art. 28).
6. Asistencia e participación en todo o proceso da audiencia (arts. 35 y 37).
7. Informar e propoñer en caso de posibles suspensións do fallo (art. 40).
8. Informar e propoñer en caso de apelación ante a audiencia provincial (art. 41).
9. Informar e propoñer en caso de execución de varias medidas (art. 47).
10. Informar e propoñer en caso de quebrantamento de execución (art. 50).
11. Informar e propoñer en caso de substitución de medidas (art. 51).
12. A realización de gardas de Fiscalía, ao obxecto de prestar a debida asistencia ao detido e de proceder ao estudo exploratorio inicial coa finalidade de propoñer a medida cautelar máis acorde ao interese do menor (artigo 28, apartados 1 e 2, modificados pola Lei Orgánica 8/2006, de 4 de decembre, pola que se modifica a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores).

Por outro lado, baixo determinadas condicións (escasa gravidade do delito, arrepentimento e outras), o psicólogo, como membro do Equipo Técnico, ou como representante do mesmo, realiza a mediación penal xuvenil (art. 19.3), que inclúe a conciliación, a reparación e a actividade extraxudicial, o que supón a posta en funcionamento de eficaces programas extraxudiciais. Se finalmente o Equipo valora positivamente a conclusión da reparación, dáselle coñecemento ao Ministerio Fiscal ao obxecto de que por parte da Fiscalía se proceda a comunicar ao xulgado o sobreseimento do expediente.

Os membros do Equipo, na súa condición individual, posúen a singularidade de representar a Institución no procedemento penal diante das Autoridades Xudiciais, diante do Ministerio Fiscal ou diante do Ente Público (arts. 13, 28, 35, 40, 41, 50 e 51 da Lei Orgánica 5/2000, de responsabilidade penal do menor). Cómpre destacar que este proceso de representación, máis alá de achegar os datos, as valoracións e as conclusións ás que houbese lugar con respecto a un menor determinado nun acto de audiencia, supón que o representante do Equipo -neste caso, o psicólogo- posúe a capacidade de cambiar a proposta sancionadora-educativa previamente informada á vista das circunstancias modificativas que puidesen ter ocorrido, ao tempo que participar no proceso xudicial, non en calidade de mero perito, senón como asesor das partes (defensa e acusación), así como de postulante con respecto ao Ministerio Fiscal e ao Maxistrado. Queda claro que, nesta participación, o representante non só sintetiza as posturas do organismo colexiado, senón que, debido á diversidade de categorías profesionais implicadas, das especializacións científico-profesionais a representar e do propio carácter e natureza do debate tido na Sala, asume un esforzo disciplinar multiparadigmático e interdisciplinar, o que supón un certo coñecemento das outras disciplinas científicas, así como unha aguda capacidade de síntese que facilite a aplicación das diversas disciplinas no foro, xa que a intervención, neste caso do psicólogo, está encamiñada a presentar a mellor proposta sancionadora das existentes no código penal de menores ao obxecto do superior interese do menor.

Pero ademais, a representación non só terá lugar na Sala; así, e de forma moi especial e entre outras ocasións, na valoración in-

AS RECOMENDACIONES CIENTÍFICAS  
DOS PSICÓLOGOS/  
AS SON MOI ESPECIALMENTE  
TIDAS EN CONSIDERACIÓN

tegral do menor cando, despois de realizar a exploración do mesmo, o representante do Equipo Técnico de garda emite a proposta respecto á natureza e ao tempo da medida cautelar aplicable ao menor, asumindo, deste xeito, un papel decisorio sobre o funcionamento e a dinámica do Equipo Técnico; así mesmo, constitúese en parte fundamental do sistema procesal, moi por riba do exixible en virtude da soa condición da súa titulación, e que só pode emanar do seu papel de representante do anteriormente referido órgano da xustiza de menores.

Sendo amplo o cometido xenérico da función asesora que ten o Equipo Técnico (Real Decreto 1774/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, artigo 4, apartado 1), e tendo en conta que xa diversos autores propuxeron un protocolo específico de intervención para o psicólogo forense no Equipo Técnico do Xulgado e Fiscalía de Menores (Alcázar, Verdejo e Bouso, 2008), deteremonos, á continuación, só nuns aspectos limitados.

Dado o seu grao de especialización forense no ámbito de menores, as súas recomendacións científicas son moi especialmente tidas en consideración, tanto no relativo á aprobación dos programas de execución de medida, por parte dos Maxistrados, como ao seguimento dos menores con medidas xudiciais, facilitando a pronta resposta ás demandas relativas aos artigos 50 e 51.

Ademais, a monitorización por parte do Equipo Técnico do seguimento do caso permite brindar apoio á autoridade xudicial e á institución encargada da execución da medida, que depende do Ente Público, en todas aquelas situacións de especial complexidade que requira específicos programas psicolóxicos ou integrais de intervención.

Finalmente, o asesoramento do psicólogo pode facilitar a oportunidade de modificar unha actuación/situación psicosocial ou xurídica dun mozo dado, en aras do interese do menor e das competencias profesionais desenvolvidas.



## Referencias bibliográficas

- Alcázar, M.A., Verdejo, A. e Bouso, J.C. (2008). El psicólogo forense en el Equipo Técnico de la Jurisdicción de Menores. Propuesta de un protocolo de intervención. *Anuario de Psicología Jurídica*, 18, 45-60.
- Cuello, J. (2000). *El nuevo derecho penal de menores*. Madrid: Civitas.
- Lei 21/1987, de 11 de novembro pola que se modifican determinados artigos do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil en materia de adopción. BOE nº 275, de 17 de novembro de 1987.
- Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil, BOE nº 15 de 17-01-1996.
- Lei Orgánica 4/92, de 5 de xuño, sobre reforma da Lei reguladora da Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores. BOE nº. 140, de 11 de xuño de 1992.
- Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 11, de 13-01-2000.
- Lei Orgánica 8/2006, de 4 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE nº 290, de 5-12-2006.
- Lei sobre protección á infancia de 12 de agosto de 1904. La Gaceta de Madrid, 17 de agosto de 1904.
- Palacios, J. (1997) *Menores y marginados. Perspectiva histórica de su educación e integración social*. Madrid: CCS.
- Roca, T. (1968). *Historia de la Obra de los Tribunales Tutelares de Menores en España*. Valencia: Consejo Superior de Protección de Menores.
- Suárez-Sandomingo, J.M. (1998). *Centros de menores, de onde a hoxe*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

# EMOCIÓN E MEMORIA PROSPECTIVA: TEORÍA E APLICACIÓN

Cadernos de Psicología, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

Fernando Gordillo León

Universidad Camilo José Cela.

José M. Arana Martínez

Universidad de Salamanca.

Juan José García Meilán

Universidad de Salamanca.

Juan Carro Ramos

Universidad de Salamanca.

Lilia Mestas Hernández

Universidad Nacional Autónoma de México.

## Resumo

Ata datas recentes non se prestara interese dabondo ao efecto da emoción sobre a memoria prospectiva. Ao empregar métodos tradicionais de indución emocional asumíuse que o estado de ánimo xerado se mantería constante ao longo da proba. Isto non é só un erro, tamén se afasta da funcionalidade real deste tipo de memoria na vida cotiá, onde a emoción aparece de maneira puntual afectando aos factores que participan na súa codificación, retención e recuperación. As tarefas do laboratorio deberían poder poñer en funcionamento estes aspectos para estudar como a emoción afecta aos elementos que participan na memoria prospectiva por separado e non de maneira conxunta. Diferentes estudos investigaron como o contido emocional das claves de recuperación e a tarefa prospectiva, afectan á memoria prospectiva, e tamén se propuxeron enfoques que tentan comprender como as consecuencias positivas ou negativas de realizar a tarefa prospectiva poderían afectar á súa lembranza posterior. Este último punto tería aplicación en campos onde se poida mellorar a probabilidade de execución de condutas programadas, como son as condutas preventivas (por exemplo, non superarei o límite de velocidade, non adiantarei indebidamente, etc.), potenciando a lembranza das consecuencias asociadas á súa non realización.

## Palabras chave

Condicionamento. Conduto preventiva. Emoción. Indución emocional. Memoria prospectiva.

## Introdución

A emoción é un proceso complexo e multidimensional, que comprende tres sistemas de resposta: o cognitivo/subxectivo, o condutual/expresivo e o fisiolóxico/adaptativo, e inflúe de maneira intensa e continua no noso comportamento social, preparando o organismo para a acción adaptativa (Reeve, 1994). Tal e como apunta Chóliz (2005), en moitas ocasións as diferenzas entre os

ESTE TIPO DE  
MEMORIA ESTÁ  
REFERIDA Á  
LEMBRANZA DE  
REALIZAR UNHA AC-  
CIÓN PROGRAMADA  
NUN MOMENTO  
DETERMINADO DO  
FUTURO

distintos enfoques teóricos débense ao papel outorgado a cada unha destas dimensións, pero do que non hai dúbida é do papel fundamental que representa no entendemento do funcionamento cognitivo humano (Davou, 2007). Esta estreita relación entre emoción e cognición reflíctese no interese de recentes investigacións que tratan esta relación de mutua influencia no senso contrario; é dicir, buscan comprender o papel da cognición no control dos procesos emocionais (por exemplo, Li, en prensa; Ray e Zald, 2012).

Malia o aumento nos últimos anos dos traballos que estudan a interacción entre a emoción e os procesos cognitivos (por exemplo, Frank e Svetieva, en prensa; Kellermann et al., 2011; Koole, 2009; Ochsner e Phelps, 2007), a memoria prospectiva (MP) (Kliegel e Jäger, 2006) non recibiu tanta atención como o resto dos procesos cognitivos na súa relación coa emoción. Este tipo de memoria está referida á lembranza de realizar unha acción programada nun momento determinado do futuro (Kliegel, McDaniel e Einstein, 2008). Necesaria para a planificación da conduta, implica a unha serie de procesos cognitivos, como son as funcións executivas; a memoria do traballo, episódica e retrospectiva; a atención; a autorregulación da conduta e a motivación (Meilán, Pérez, Arana e Carro, 2009). No paradigma clásico deste tópico de investigación, os suxeitos están inmersos na realización dunha actividade (*arefa concorrente*), dentro da cal deben realizar unha acción programada (*arefa prospectiva*) ante un determinado sinal (*clave de recuperación*).

Os estudos que trataron os efectos da emoción sobre a MP, na súa maioría fixérono inducendo estados emocionais con métodos tradicionais de maneira previa á realización da proba de memoria, que afectaban de maneira xeral e difusa a todas as compoñentes antes citadas (*arefa concorrente*, *prospectiva* e *claves de recuperación*). A dificultada, a partir desta consideración metodolóxica, é que o estado emocional inducido non se mantén constante (Kliegel e Jäger, 2006), dando lugar a que os resultados varíen da primeira á segunda metade da proba.

Este xeito *tradicional* de estudar a emoción en MP non se adecúa á manifesta relación que manteñen no contexto social. Poñamos como exemplo unha situación da vida cotiá: un día ao erguer-

nos *programamos* a acción de ir mercar unhas entradas de fútbol ás 18 horas (*tarafa prospectiva*) e durante o día diferentes anuncios sobre a retransmisión do partido lémbrennos a tarafa prospectiva a realizar (*clave de recuperación*); pero ata que chegue o intre de mercar as entradas estaremos no noso lugar de traballo realizando as tarefas habituais (*actividade concorrente*). Tendo en conta este exemplo resulta fácil comprender que as diferentes compoñentes que participan nas situacións habituais da vida, poden adquirir de maneira independente rexistros emocionais diferentes. Acudir ao partido pode ter unha connotación positiva (se nos gusta o fútbol...) ou negativa (se imos por compromiso...). A publicidade que nos lembra a cita está fortemente impregnada de emocionalidade para atraer a atención dos afeccionados, e non sempre está en consonancia co noso estado de ánimo. Por último, as tarefas habituais que realizamos no noso traballo poden dar lugar a diferentes estados de ánimo determinados por acontecementos puntuais agradables ou desagradables (loanza ou reprimenda do xefe). Por último, e seguindo con este exemplo, a complexidade da tarafa que realizamos no traballo pode estar influíndo no requirimento atencional e por conseguinte na eficacia da nosa memoria (Craik e Lockhart, 1972).

Polo tanto, resulta complicado obter datos fiables respecto ao efecto da emoción sobre a memoria prospectiva se non temos en conta as connotacións emocionais de todos e cada un dos factores que interveñen. Como xa dixemos, os traballos realizados ata a data trataron os efectos da emoción sobre a totalidade da tarafa; pola contra, son relativamente poucos e centrados nos últimos anos, os que estudaron os efectos que tería sobre a MP o contido emocional das claves de recuperación e a tarafa prospectiva prospectiva (Altgassen, Phillips, Henry, Rendell e Kliegel, 2010; Clark-Foos, Brewer e Marsh, 2009; Rendell et al., 2011; Rummel, Hepp, Klein e Silberleitner, 2012) e ningún, que saibamos, tratou o efecto da emoción inducida tras a realización ou non realización da tarafa prospectiva (véxase Gordillo, Arana, Meilan e Mestas, 2010).

EN XERAL, OS  
ESTADOS EMOCIO-  
NAIS NEGATIVOS  
PREXUDICAN A  
LEMBRANZA E A  
REALIZACIÓN DE  
INTENCIONS,  
TANTO NO LABORA-  
TORIO COMO NO  
CONTEXTO DA  
VIDA DIARIA

## Emoción e memoria prospectiva: teoría

A relación entre emoción e MP non foi tan estudada como a relación entre emoción e memoria retrospectiva (por exemplo, Fernández-Rey e Redondo, 2007; Gordillo, Arana, Mestas et al., 2010; Redondo e Fernández-Rey, 2010; Simón, Ruiz e Suengas, 2009), en parte pola dificultade metodolóxica que supón a indución emocional en tarefas de MP. Tal e como avanzamos na introdución, establecer un estado emocional constante para determinar o seu efecto sobre a MP resulta complicado de conseguir en tarefas de laboratorio, por canto tende a diluírse no transcurso da proba (por exemplo, Kliegel et al., 2005), e imposible de manter na vida real. Pero ademais, carece de validez ecolóxica, xa que non reflicte o efecto que a fluencia de emocións cambiantes e adecuadas á contorna exerce sobre o proceso intencional (formación, retención e execución da intención), que tamén se desenvolve nesa contorna, participando na formación de tales emocións e sendo influído por elas.

Na maioría dos traballos sobre emoción e memoria prospectiva os estados emocionais negativos prexudican a MP (Kliegel e Jäger, 2006). Neste senso, viuse que as emocións inespecíficas negativas (Meacham e Kushner, 1980; Schmidt, 2004) e os estados internos de ansiedade (Harris e Cumming, 2003; Harris e Menzies, 1999) ou depresión (Kliegel et al., 2005; Rude, Hertel, Jarrold, Covich e Hedlund, 1999) poden causar interferencias co recordo prospectivo, aínda que hai resultados inconsistentes (Cockburn e Smith, 1994; Livner, Berger, Jones e Bäckman, 2005; Nigro e Cicogna, 1999). En xeral, os estados emocionais negativos prexudican a lembranza e a realización de intencións, tanto no laboratorio como no contexto da vida diaria. Pero poucos son os estudos que achegan datos sobre o efecto que teñen as emocións positivas (alegría, felicidade, benestar, etc.) sobre a memoria prospectiva (Kliegel e Jäger, 2006). Estudos como o de Oaksford, Morris, Grainger e Williams (1996) ou o de Philips, Bull, Adams e Fraser (2002) amosan que o estado de ánimo positivo aumenta os procesos de planificación considerados moi importantes para a correcta execución da intención (por exemplo, Kliegel, Martin, McDaniel e Einstein, 2002). Ademais, para Kuhl e Kazén-Saad (1999), o afecto positivo parece afrouxar (reléase) a inhibición

do camiño entre as intencións almacenadas e os seus sistemas de *output* motor, polo que posiblemente facilita a execución dunha acción intentada.

A emoción non actúa sempre de maneira xeral e difusa sobre a conduta humana tal como podería deducirse a partir dos traballos comentados e do modo de indución emocional utilizado. Diversos estudos tamén estudaron o efecto do contido emocional das claves de recuperación sobre a MP. Estes estudos reportaron resultados contraditorios; dunha banda, infórmase de que a valencia asociada ás claves de recuperación prexudica a MP a través dunha disrupción no procesamento atencional (Clark-Foos et al., 2009) namentres que por outro lado se informa dunha facilitación grazas á maior saliencia que a emoción proporciona ás mencionadas claves (Altgassen et al., 2010).

Outra forma de abordar o tema é a través do contido emocional da conduta intencionada. Este aspecto foi tratado por Meacham e Kushner (1980), ao estudar como afecta o tipo de conduta intencionada (por exemplo, ir a unha cita co dentista para un tratamento moi doloroso ou ir recoller un amigo para ver unha película) á lembranza de realizala nun futuro. Os autores contrastan dúas hipóteses; a primeira considera a posibilidade de que o desagrado inherente a unha acción proxectada estivese prexudicando o seu recordo. Unha hipótese alternativa é que a lembranza da acción desagradable planeada se recordaría mellor, pero non se levaría a termo pola resistencia das persoas a realizar accións de contido desagradables. Os autores confirmaron este segundo suposto subministrando un cuestionario aos participantes despois de rematar a proba para interrogalos sobre esta hipótese.

Dous modelos resultan relevantes para comprender o efecto da emoción sobre a MP: o modelo de distribución de recursos de Ellis e Ashbrook (1988), e a teoría da eficiencia do procesamento de Eysenck e Calvo (1992). O primeiro propón que os estados emocionais dunha persoa regulan a distribución dos recursos de procesamento: os negativos levarían a un aumento dos pensamentos intrusivos e irrelevantes que teñen que competir coas actividades cognitivas pertinentes. Como consecuencia disto, a execución veríase prexudicada, sendo máis evidentes tales prexuízos sobre

as tarefas que requiren un alto grao de proceso controlados (autoiniciados).

Para o segundo modelo, a ansiedade ten efectos motivacionais e atencionais. O efecto motivacional é xeralmente positivo, xa que leva a aumentar o esforzo nunha tarefa cognitiva, namentres que o efecto atencional consiste nunha interrupción da capacidade de almacenamento e procesamento da *working memory* pola diminución da cantidade de recursos atencionais dispoñibles. Predise que as persoas con ansiedade alta farano igual que as de ansiedade baixa cando sexan tarefas sinxelas, namentres que o farán peor cando se trate de tarefas que demanden moita capacidade, debido a que os pensamentos distractores asociados á ansiedade compite cos recursos limitados.

O efecto prexudicial das emocións negativas podería explicarse a partir das investigacións centradas no modelo de distribución de recursos, pero non queda tan claro respecto ás emocións positivas (Arana, Gordillo, Meilán, Carro e Mestas, 2012). Un posible efecto facilitador das emocións positivas sobre a MP poderíase intuír a partir das investigacións que constataron o seu papel modulador sobre diferentes funcións cognitivas. Atopouse que o afecto positivo mellora a fluencia verbal (Philips et al., 2002); reduce as interferencias nas tarefas coma o Stroop-task (Kuhl e Kazén, 1999); ten beneficios sobre a flexibilidade cognitiva (Dreisbach, 2006; Dreisbach e Goschke, 2004; Dreisbach et al., 2005), e amplía o alcance da atención e dos repertorios de acción-pensamento (Fredrickson e Branigan, 2005); pola contra, mediante métodos de indución emocional de maneira previa á tarefa de MP, non se atoparon datos que avalen un posible efecto facilitador das emocións positivas sobre a MP (véxase Kliegel e Jäger, 2006).

Por outro lado, os traballos que estudaron os efectos da emoción sobre a MP derivados do contido emocional das claves de recuperación (Clark-Foos et al., 2009) e da conduta intencionada (Rendell et al., 2010) atoparon efectos beneficiosos da emoción positiva, respecto á negativa, sobre a MP. Este efecto podería explicarse por un incremento nos procesos de planificación (Oaksford et al., 1996; Phillips et al., 2002), e unha mellora na flexibilidade cognitiva, que permitiría interromper a actividade concorrente para realizar a conduta intencionada con maior efica-



UNHA DAS  
PRINCIPAIS  
VARIABLES QUE  
INTERVEÑEN NA  
CONDUTA DE  
COMPRA É A  
MEMORIA  
PROSPECTIVA

cia. Pola contra, ata a data, non hai traballos que estudasen o efecto que as consecuencias positivas e negativas de realizar ou non realizar a conduta intencionada sobre a MP.

### **Emoción e memoria prospectiva: aplicación**

A psicoloxía do consumidor ten por obxecto predicir e comprender a actitude de compra (Katona, 1967) a través de teorías e modelos da psicoloxía básica que permitan a descrición, explicación e predición da conduta humana dentro dos mercados reais (Sandoval, 1994). O modelo de xerarquía de resposta (Lavidge e Steiner, 1961) establece que a compra do produto producírase só despois de que a mensaxe publicitaria afectase aos niveis cognitivo, afectivo e conativo ou intencional do comportamento humano. Os niveis cognitivo e afectivo dentro do condicionamento clásico e operante, están a acaparar o interese científico neste campo (Faro, 2010; Kinm e Labroo, 2011; Sweldens, Van Osselaer e Janiszewski, 2010; Valenzuela, Mellers e Strebel, 2010; Van Doorn e Stapel, 2011), pero, ¿que acontece co nivel intencional?

Ata o de agora, estudouse relativamente pouco a conduta de compra que leva consigo o acto específico de adquirir o produto publicitado. Este aspecto pode resultar pouco relevante en tanto unha vez que se atraeu a atención e se xerou unha resposta afectiva no consumido, suponse que chegado o momento, as persoas mercarán o produto en cuestión. Pero desde que se toma a decisión ata que se merca o produto habitualmente hai un amplo intervalo de tempo e unha secuencia de acontecementos que podería estar a determinar a realización ou non do propio acto de compra. Unha das principais variables que interveñen neste caso é a memoria prospectiva. Desde esta perspectiva é posible discernir estratexias de actuación que permitan potenciar a lembranza da conduta a realizar ou conduta intencionada. A idea de potenciar o recordo retrospectivo mediante a manipulación de variables como a escena publicitaria tratouse con acerto en diferentes estudos (Krishna, Lwin e Morrin, 2010; Morrin e Ratneshwar, 2000, 2003), pero ata o de agora ningún traballo ou consideración teórica dentro da psicoloxía do consumidor estivo centrado na MP.

Unha vez que se analizou o valor dos niveis intencionais dentro do comportamento de compra para potenciar as vendas dun produto, podemos concretalo nun caso especial de publicidade, como son as campañas de accidentes de tráfico. Neste campo, o feito de lembrar o anuncio que nos amosaba as consecuencias mortais dun adiantamento no preciso momento de tomar a decisión de adiantar pode significar a diferenza entre ter ou non ter un accidente. Polo tanto, nos seguintes apartados, presentarase unha proposta de análise da información publicitaria a partir do nivel intencional da conduta humana. As implicacións partirán do contexto publicitario máis xeral da mercadotecnia e concretaranse na publicidade relativa á prevención dos accidentes de tráfico, cunha clara xeneralización ás diferentes contornas de prevención de riscos (por exemplo, laboral, drogadicción, sexualidade, etc.).

O condicionamento clásico e operante está presente no comportamento humano, e pode influír en procesos cognitivos como a percepción, a atención, a memoria e a consciencia (Davies, 1987). Na publicidade, cando se establecen situacións agradables non directamente relacionadas coas características intrínsecas do produto, estase a utilizar o condicionamento clásico; pola contra, cando se explican as características propias do produto estamos a recorrer a un condicionamento operante. O condicionamento clásico non tende necesariamente a cambiar os hábitos de compra, senón a modificar as opinións, os gustos e as actitudes cara a un determinado produto, asociando, por exemplo, estímulos agradables aos produtos nunha secuencia temporal (por exemplo, asociar a imaxe dunha muller atractiva a unha marca de refrescos); namentres que o condicionamento operante actuará directamente sobre a conduta de compra do individuo. No entanto, estes efectos sobre a decisión de compra nos seres humanos veñen mediados por un procesamento cognitivo moi elaborado que estaría determinando a eficacia do condicionamento.

De maneira xeral, o que a publicidade pretende é que as persoas no futuro realicen a conduta que se lles induciu durante o anuncio. Proposto así, podemos interpretar o marco de actuación dos axentes que interveñen no proceso de mercadotecnia, como unha serie de etapas que van desde a visualización do produto nun anuncio ata a súa compra. Estas etapas poden interpretarse dentro

AS EMOCIÓN  
AFECTAN Á  
INTENCIÓN DE  
COMPRA E AO  
RECOÑECIMENTO,  
PERO NON AO  
RECORDO  
ESPONTÁNEO

do paradigma de MP en tanto unha vez que decidiu mercar un determinado produto, tense que lembrar realizar unha conduta intencionada (*mercar o produto*) dentro da actividade concorrente (*actividades diarias*), que foi codificada nas instrucións (*anuncio*), e que pode ser activada mediante claves inmersas na actividade concorrente (por exemplo, nome da marca, tenda onde o venden).

Esta nova interpretación do esquema «oferta-decisión-compra» dentro do ámbito científico da memoria prospectiva, propón a posibilidade de que os problemas na eficacia dalgúns anuncios poidan provir non tanto do correcto condicionamento da conduta de compra, como dos déficit no recordo posterior (memoria prospectiva) de realizar a devandita compra. Se ben os anuncios poden xerar de maneira eficaz a decisión de comprar mediante emocións asociadas aos produtos, en cambio poden resultar ineficaces á hora de potenciar o recordo de compralos no momento adecuado. Este suposto dedúcese do traballo de Cifuentes e Sánchez (2005), no que se induciron tres tipos de humor en diferentes anuncios. Queríase comprobar se estes tipos de humor poderían xerar actitudes positivas cara ao anuncio. Os resultados amosaron que o humor influía na intención de compra e no recoñecemento do produto, pero non no seu recordo espontáneo. Outros estudos atoparon que o humor facilita a lembranza da marca (Weinberger e Campbell, 1991), aínda que non afecta ao grao de recoñecemento da mesma (Berg e Lippman, 2001).

Estes datos poderían estar a indicar que cando as persoas realizan unha avaliación do valor inherente do produto, a emoción que xerou a decisión de mercalo podería estar a exercer un efecto facilitador, non só sobre a intención de compra, tamén sobre o recordo de realizala no momento adecuado. Os estudos sinalados indican que as emocións afectan á intención de compra e ao recoñecemento, pero non ao recordo espontáneo (Cifuentes e Sánchez, 2005), é dicir, as consideracións actuais empregadas en publicidade logran facilitar o recordo retrospectivo da marca, pero non o prospectivo (recuperación espontánea). Este aspecto resulta importante, xa que pode supoñer unha perda significativa de vendas non porque o produto non convenza os consumidores, senón porque non consegue a oportunidade de compra que a miú-

do é fortuíta, non premeditada, ou inmersa nun continuo de actividades que tenden a provocar o esquecemento.

Para analizar a posibilidade de potenciar o recordo da conduta de compra a partir da teoría e da investigación dispoñible en MP, debemos ter en conta que boa parte dos datos obtidos neste campo circunscribense a tarefas de laboratorio onde os períodos de retención (intervalo entre a codificación e a execución da intención) son curtos, namentres na vida diaria estes intervalos son moito máis amplos. Cómpre concretar que con intervalos curtos é previsible que os estados emocionais afecten no sentido establecido pola teoría de distribución de recursos (Ellis e Ashbrook, 1988) en tanto a emoción negativa xeraría pensamentos intrusivos que prexudicarían a MP, mentres que as emocións positivas o favorecerían a través dos procesos de planificación; porén, con períodos de retención longos coma os supostos para as condutas de compra, a emoción podería estar a afectar ao recordo espontáneo do produto que se activaría con maior facilidade coa presenza de sinais do ambiente (por exemplo, publicidade do produto). Este suposto ten unha base teórica dentro da psicoloxía do consumidor no referente ao efecto que as emocións asociadas ao produto teñen sobre o recordo do devandito produto, e tamén en MP dentro das teorías da recuperación espontánea (Einstein e McDaniel, 1996, Guynn, McDaniel e Einstein, 2001). Dunha banda, isto indícanos que a emoción exerce un efecto significativo no recordo do produto, e doutra, infórmanos de como se produce este mellor recordo, e de como se pode interpretar dentro do proceso intencional que se establece nas etapas de compra dun produto.

Se xa de por si resultan interesantes estes estudos, en tanto que afectan á economía de mercado, hai outro aspecto igualmente interesante en termos de custos humanos. Referímonos ás campañas de prevención de riscos, en concreto á prevención de accidentes de tráfico (véxase Gordillo, Arana e Mestas, 2012). Estas campañas teñen como núcleo de actuación os anuncios que en determinadas épocas do ano os gobernos poñen en antena coa finalidade de concienciar e previr accidentes, en especial, durante os períodos vacacionais e fins de semana. Malia o progresivo descenso do número de accidentes de tráfico e de vítimas mortais, resulta de esencial interese o desenvolvemento de estratexias que

permitan acelerar este descenso en tanto que o custo se mide en perdas humanas.

Neste senso, os estudos experimentais que se fagan para analizar a efectividade das campañas publicitarias considerándoas como un tipo de tarefa de MP, deberían ter en consideración o seguinte. Se tal como se expón nas teorías da recuperación espontánea a asociación sinal-conduta é a principal causa de que ao se presentar o sinal, a conduta intencionada se execute, e que esta especial activación do sinal é a que determina a probabilidade de execución da conduta, podemos dicir que para fomentar un incremento do recordo da conduta en tarefas con intervalos de retención longos, ou noutras palabras e dentro do campo publicitario, para conseguir que un anuncio de prevención de accidentes de tráfico sexa máis eficaz á hora de ser recordado no momento preciso da condución, requírese asociar, durante a emisión do anuncio, as consecuencias da conduta cunha clave de recuperación clara, como pode ser, por exemplo, o sinal de adiamento. Esta clave, unha vez asociada ás consecuencias de maneira efectiva na narrativa do anuncio, será moi efectiva á hora de evocar o anuncio e as consecuencias da conduta que se pretende evitar. Pola contra, a actual estrutura das campañas de prevención obvia este aspecto e desenvolve un guión que non establece unha relación clara entre os estímulos presentados, impedindo que se xere unha clave de recuperación capaz de evocar as consecuencias da conduta de risco no momento de realizala. Por exemplo, se o sinal de adiamento foi correctamente asociado ás consecuencias da conduta de risco durante a emisión do anuncio, será moito máis probable que o recordo de non realizar esa conduta se active e achegue argumentos á hora de tomar a decisión de realizala ou non, que fagan primar a precaución na decisión tomada.

## Conclusiones

A memoria prospectiva non é un tipo de memoria delimitada por conceptos claros e estruturas específicas, moi ao contrario, participan diferentes procesos cognitivos e estruturas neuronais. A emoción é parte deste complexo sistema de xeración e cumprimento de intencións, e ben a estudemos como procesos motivacionais

A VERDADEIRA  
 IMPORTANCIA  
 DESTA APLICACIÓN  
 NON ESTÁ NO  
 AUMENTO  
 DAS VENDAS DUN  
 PRODUTO, SENÓN  
 NA POSIBILIDADE  
 DE INCREMENTAR A  
 EFICACIA DAS  
 CAMPAÑAS DE  
 PREVENCIÓN

ou de xeito máis básico a través das súas compoñentes principais, debemos partir dunha metodoloxía que nos permita elaborar hipóteses e que amplíe, en definitiva, a nosa curiosidade sobre o tema, que ata agora non se xerou, posiblemente por dificultades metodolóxicas. Este foi o obxectivo do presente traballo, establecer un marco teórico e aplicado que sitúe este tipo de memoria dentro do foco de atención de futuras investigacións, entre outras cousas, pola súa ampla implicación no contexto social.

Os resultados dos experimentos que aborden a proposta de aplicación práctica que desenvolvemos neste artigo poden dilucidar a forma de modular a conduta intencional (compra do produto) para que non só se desencadee cando o produto está fronte ao suxeito; tamén para que poida ser lembrada con máis frecuencia, e por tanto, aumente a probabilidade de que a devandita conduta sexa executada. A verdadeira importancia desta aplicación non está no aumento das vendas dun produto, senón na posibilidade de incrementar a eficacia das campañas de prevención (tráfico, laboral, alcol, drogas), de xeito que ao mellorar o recordo futuro (memoria prospectiva) da conduta preventiva inducida polo condicionamento (anuncio), teñamos máis probabilidades de executala no futuro (tarefa prospectiva). Este novo enfoque pode servir para aclarar se é posible condicionar unha conduta intencionada, e de selo, o tipo de estímulos que serían máis adecuados, o intervalo de exposición que sería idóneo; así como as propiedades óptimas do contexto, ou a calidade principal do estímulo clave (o que desencadea a conduta intencionada). Unha vez coñecidos estes datos poderemos estruturar a información dos anuncios como tarefas de memoria prospectiva, mellorando os puntos que sustentan a ineficacia na consolidación da mensaxe.

Por último, dicir que este artigo supón tan só un posicionamento teórico que pretende achegar instrumentos cos que iniciar proxectos de investigación enfocados á análise detallada das condicións que permitirían optimizar a eficacia das mensaxes publicitarias. Isto pasa por saber se é posible modular a conduta intencionada (Gordillo, Arana, Meilán et al., 2010), e de selo, baixo que procedementos pode facerse. Sen dúbida, isto supón seguir a investigar e a contestar as preguntas que nos últimos anos xur-

diron sobre un proceso cognitivo tan complejo como a memoria prospectiva.

### Referencias bibliográficas

- Altgassen, M., Phillips, L. H., Henry, J. D., Rendell P. G. e Kliegel, M. (2010). Emotional target cues eliminate age differences in prospective memory. *The Quarterly Journal of Experimental Psychology*, 63(6), 1057-1064.
- Arana, J. M., Gordillo, F., Meilán, J. J. G., Carro, J. e Mestas, L. (2012). *Efectos sobre la memoria prospectiva de la emoción generada por las consecuencias distintas de acordarse o no de realizar tal tarea prospectiva repetitiva. Aportaciones recientes al estudio de la motivación y las emociones* (pp. 79-85) Sevilla: Fénix Editora.
- Berg, E. M. e Lippman, L. G. (2001). Does humor in radio advertising affect recognition of nivel product brand names? *Journal of General Psychology*, 128, 194-205.
- Chóliz, M. (2005). *Psicología de la Emoción: el proceso emocional* (pp.1-33). España. Departamento de Psicología Básica. Universidad de Valencia. Extraído el 18 Mayo, 2012, de [www.uv.es/~choliz](http://www.uv.es/~choliz).
- Cifuentes, C. M. e Sánchez, J. (2005). Condicionamiento clásico de tres tipos de humor en publicidad. *Universitas Psychologica*, 5(1), 101-126.
- Clark-Foos, A., Brewer, G. A., e Marsh, R. L. (2009). The valence of event-bases prospective memory cues or the context in which they occur affects their detection. *American Journal of Psychology*, 122(1), 89-97.
- Cockburn, J. e Smith, P. T. (1994). Anxiety and errors of prospective memory among elderly people. *British Journal of Psychology*, 85, 273-282.
- Craik, F. I. M. e Lockhart, R. S. (1972). Levels of processing: A framework for memory research. *Journal of Verbal Learning and Verbal Behavior*, 11, 671-684.
- Davies, P. (1987). Conditioning, the basis of all psychological activity. *Advances in Psychology* 40, 23-35.
- Davou, B. (2007). Interaction of Emotion and Cognition in the Processing of Textual Material. *Meta: Translator Journal*, 52(1), 37-47.

- Dreisbach, G. (2006). How positive affect modulates cognitive control: The costs and benefits of reduced maintenance capability. *Brain and Cognition* 60, 11-19.
- Dreisbach, G. e Goschke, T. (2004). How positive affect modulates cognitive control: Reduced perseveration at the cost of increased distractibility. *Journal of Experimental Psychology: Learning, Memory, and Cognition*, 30, 343-353.
- Dreisbach, G., Müller, J., Goschke, T., Strobel, A., Schulze, K., Lesch, K. P. e Brocke, B. (2005). Dopamine and cognitive control: The influence of spontaneous eye-blink rate and dopamine gene polymorphisms on perseveration and distractibility. *Behavioral Neuroscience*, 119, 483-490.
- Einstein, G. O., e McDaniel, M. A. (1996). Retrieval processes in prospective memory: Theoretical approaches and some new empirical findings. En M. A. Brandimonte, G. O. Einstein e M. A. McDaniel (Eds.), *Prospective memory: Theory and application*. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum Associates.
- Ellis, H. C. e Ashbrook, P. W. (1988). Resource allocation model of the effects of depressed mood states on memory. In K. Fiedler & J. Forgas (Eds.), *Affect, cognition, and social behaviour* (pp. 25-43). Toronto: Hogrefe.
- Eysenck, M. W. e Calvo, M. G. (1992). Anxiety and performance: The processing efficiency theory. *Cognition and Emotion*, 6, 409-434.
- Faro, D. (2010). Changing the Future by Reshaping the Past: The Influence of Causal Beliefs on Estimates of Time to Onset. *Journal of Consumer Research*, 37, 279-291.
- Fernández-Rey, J. e Redondo, J. (2007). Recognition memory for pictorial stimuli: Biasing effects of stimulus emotionality. *Psicothema*, 19(3), 375-380.
- Frank, M. G. e Svetieva, E. (en prensa). Lies worth catching involve both emotion and cognition: Commentary on Vrij and Granhag (2012). *Journal of Applied Research in Memory and Cognition*.
- Fredrickson, B. L. e Branigan, C. A. (2005). Positive emotions broaden the scope of attention and thought-action repertoires. *Cognition and Emotion*, 19, 313-332.
- Gordillo, F., Arana, J. M., Meilán, J. J. G. e Mestas, L. (2010). Efecto de la emoción sobre la memoria prospectiva: un nuevo enfoque basado en procedimientos operantes. *Escritos de Psicología*, 3(4), 33-40.



- Gordillo, F., Arana J. M., e Mestas, L. (2012). ¡Tan simple como recordar las consecuencias! La memoria intencional como recurso sanitario en la prevención del riesgo de accidente de tráfico. *Gaceta Sanitaria*, 26(1), 97-98.
- Gordillo, F., Arana, J. M., Mestas, L., Salvador, J., Meilán, J. J. G., Carro, J. e Pérez, E. (2010). Emoción y memoria de reconocimiento: la discriminación de la información negativa como un proceso adaptativo. *Psicothema*, 22(4), 765-771.
- Guynn, M. J., McDaniel, M. A., e Einstein, G. O. (2001). Remembering to perform actions: A different type of remembering? In H. D. Zimmer, e R. L. Cohen (Eds.), *Memory for action: A distinct form of episodic remembering?* New York: Oxford University Press.
- Harris, L. M. e Cumming, S. R. (2003). An examination of the relationship between anxiety and performance on prospective and retrospective memory tasks. *Australian Journal of Psychology*, 55, 51-55.
- Harris, L. M. e Menzies, R. G. (1999). Mood and prospective memory. *Memory*, 7, 117-127.
- Katona, G. (1967). What is consumer psychology. *American Psychologist*, 22, 219-26.
- Kellermann, T. S., Sternkopf, M. A., Schneider, F., Habel, U., Turetsky, B. I., Zilles, K. e Eickhoff. (2011). *Modulating the processing of emotional stimuli by cognitive demand. Social Cognitive and Affective Neuroscience*, 7 (3), 263-373.
- Kinn, S. e Labroo, A. A. (2011). From Inherent Value to Incentive Value: When and Why Pointless Effort Enhances Consumer Preference. *Journal of Consumer Research*, 38(4), 712-742.
- Kliegel, M., Martin, M., McDaniel, M. A. e Einstein, G. O. (2002). Complex prospective memory and executive control of working memory: A process model. *Psychologische Beiträge*, 44, 303-318.
- Kliegel, M., McDaniel, M. A. e Einstein, G. O. (Eds.) (2008). *Prospective memory: Cognitive, neuroscience, developmental, and applied perspectives*. Mahwah, NJ: Lawrence Erlbaum.
- Kliegel, M. e Jäger, Th. (2006). The influence of negative emotions on prospective memory: A review and new data (invited paper). *International Journal of Computational Cognition*, 4(1), 1-17.
- Kliegel, M., Jäger, T., Phillips, L. H., Federspiel, E., Imfeld, A., Keller, M., e Zimprich, D. (2005). Effects of sad mood on time-based prospective memory. *Cognition & Emotion*, 19, 1199-1213.

- Koole, S. L. (2009). The psychology of emotion regulation: An integrative review. *Cognition & Emotion*, 23(1), 4-41.
- Krishna, A., Lwin, M. O. e Morrin, M. (2010). Product Scent and memory. *Journal of Consumer Research*, 37, 57-67.
- Kuhl, J. e Kazén, M. (1999). Volitional facilitation of difficult intentions: Joint activation of intention memory and positive affect removes Stroop interference. *Journal of Experimental Psychology: General*, 128, 382-399.
- Lavidge, R. C. e Steiner, G. A. (1961). A Model for Predictive Measurements of advertising effectiveness. *Journal of Marketing*, 59-62.
- Li, K. K. (en prensa). Asymmetric memory recall of positive and negative events in social interactions. *Experimental Economics*.
- Livner, A., Berger, A. K., Jones, S. e Bäckman, L. (2005). *Effects of depression on prospective and retrospective memory functioning among elderly adults*. Poster presented at the 2nd International Conference on Prospective Memory in Zurich, Switzerland.
- Meacham, J. A. e Kushner, S. (1980). Anxiety, prospective remembering and performance of planned actions. *Journal of General Psychology*, 103, 203-209.
- Meilán, J. J. G., Pérez, E., Arana, J. M. e Carro, J. (2009). Neuropsychological and cognitive factors in event-based prospective memory performance in adolescents and young people with an intellectual disability. *British Journal of Developmental Disabilities*, 55, 61-75.
- Morrin, M. e Srinivasan, R. (2000). The Impact of Ambient Scent on Evaluation, Attention, and Memory for Familiar and Unfamiliar Brands. *Journal of Business Research*, 49(2), 157-165.
- Morrin, M. e Srinivasan, R. (2003). Does It Make Sense to Use Scents to Enhance Brand Memory? *Journal of Marketing Research*, 40, 10-25.
- Nigro, G. e Cicogna, P. (1999). Comparison between time-based and event-based prospective memory tasks. *Ricerche di Psicologia*, 3, 55-68.
- Oaksford, M., Morris, F., Grainger, B. e Williams, J. M. G. (1996). Mood, reasoning, and central executive processes. *Journal of Experimental Psychology: Learning, Memory, and Cognition*, 22, 477-493.
- Ochsner, K. N. e Phelps, J. J. (2007). Emerging perspectives on emotion-cognition interactions. *Trends in Cognitive Science*, 11(8), 317-318.

- Philips, L. H., Bull, R., Adams, E. e Fraser, L. (2002). Positive mood and executive function: Evidence from Stroop and fluency tasks. *Emotion*, 2(1), 12-22.
- Ray, R. D. e Zald. (2012). Anatomical insights into the interaction of emotion and cognition in the prefrontal cortex. *Neuroscience and Biobehavioral Reviews* 36, 479-501.
- Redondo, J. e Fernández-Rey, J. (2010). Reconocimiento de fotografías de contenido emocional: efectos de la valencia cuando se controla el arousal. *Psicológica*, 31, 65-86.
- Reeve, J. (1994). *Motivación y Emoción*. Madrid: McGraw-Hill.
- Rendell, P. G., Phillips, L. H., Henry, J. D., Brumby-Rendell, T., Garcia, X. P., Altgassen, M. e Kliegel, M. (2011). Prospective memory, emotional valence and ageing. *Cognition and Emotion*, 25(5), 916-925.
- Rude, S. S., Hertel, P. T., Jarrold, W., Covich, J. e Hedlund, S. (1999). Depression-related impairments in prospective memory. *Cognition & Emotion*, 13, 267-276.
- Rummel, J., Hepp, J., Klein, S. A. e Silberleitner, N. (2012). Affective state and event-based prospective memory. *Cognition & Emotion*, 26(2), 351-361.
- Sandoval, M. (1994). La psicología del consumidor: una discusión de su estado actual y aportes al mercadeo. *Suma Psicológica*, 1(2), 163-76.
- Schmidt, S. R. (2004). Autobiographical memories for the September 11th attacks: Reconstructive errors and emotional impairment of memory. *Memory & Cognition*, 32, 443-454.
- Simón, T., Ruiz, T. e Suengas, A. G. (2009). Memoria y envejecimiento: recuerdo, reconocimiento y sesgo positivo. *Psicothema*, 21(3), 409-415.
- Sweldens, S., Van Osslaer, S. M. J. e Janiszewski, C. (2010). Evaluating conditioning procedures and the resilience of conditioned brand attitudes. *Journal of Consumer Research*, 37, 473-489.
- Valenzuela, A., Mellers, B. e Strebel, J. (2010). Pleasurable Surprises: A Cross-Cultural Study of Consumer Responses to Unexpected Incentives. *Journal of Consumer Research*, 36, 792-805.
- Van Doorn, J. V. e Stapel, D. A. (2011). When and How Beauty Sells: Priming, Conditioning, and Persuasion Processes. *Journal of Consumer Research*, 38.
- Weinberger, M. e Campbell, L. (1991). The use and impact of humor in radio advertising, *Journal of Advertising Research*, 31, 44-52.

# A MEMORIA DO TRAUMA OU O TRAUMA DA MEMORIA

Cadernos de Psicología, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

Jorge Barudy

Director de Centro EXIL e do IFIV Barcelona.

ASISTIMOS A UNHA  
VERDADEIRA  
REVOLUCIÓN NA  
TEORÍA E NAS  
INVESTIGACIÓNS  
NEUROCIENTÍFICAS

## Introdución

Hoxe en día existen datos científicos dabondo para afirmar que o funcionamento da mente humana depende da organización e do funcionamento do cerebro. Á súa vez, o bo ou mal funcionamento do cerebro, e por ende da mente, depende en boa parte da calidade das relacións interpersoais que as nais e os pais ou outros coidadores, son quen de ofrecer aos nenos e ás nenas, sobre todo durante a súa xestación e os tres primeiros anos de vida, como tamén nas súas fases posteriores. Polo tanto, a mente infantil emerxe da interface entre as experiencias relacionais dun neno ou unha nena cos seus proxenitores ou outros coidadores coa estrutura e o funcionamento do seu cerebro modelado pola súa xenética (Siegel, D. 2007). Noutras palabras, a mente infantil e despois a adulta emerxe da actividade cerebral, cunha estrutura e unha función que están directamente modeladas polas experiencias interpersoais. A entidade que denominamos «mente» pódese entender, no seu significado máis sinxelo, como o modelo de fluxo de enerxía e información. Como veremos, a enerxía e a información poden circular no interior do cerebro, ou entre distintos cerebros. Así pois, os modos segundo os cales a enerxía e a información circulan nun individuo, ou entre dous individuos, axudan a crear a experiencia mental.

Así, as novas ciencias do cerebro transformaron en poucos anos as concepcións sobre a orixe da mente, a organización e o funcionamento do cerebro e da mente só podían facelo estudando os cerebros de cadáveres ou a singularidade do funcionamento de persoas con dano cerebral. Agora, grazas aos avances da xenética e da tecnoloxía de imaxe do cerebro non invasiva, asistimos a unha verdadeira revolución na teoría e nas investigacións neurocientíficas. As novas ferramentas que se iniciaron co uso da resonancia magnética funcional (IRMf) ou a tomografía de emisión de positrons (PET), permiten observar o funcionamento do cerebro en tempo real, por exemplo, namentres un bebé advirte as expresións faciais da súa nai, percibe estímulos sonoros da contorna, se vincula emocionalmente, reacciona fronte ao estrés proveniente da contorna, sente medo, dor ou ansiedade (Moffett, S., 2007).

Outro elemento relevante é que estas investigacións, sobre todo as realizadas nas últimas décadas, demostraron que os coi-

dados, a estimulación e os bos tratos que os adultos proporcionan aos nenos e nenas, teñen un papel fundamental na organización, a maduración, o funcionamento do cerebro e do sistema nervioso. Na actualidade, non hai ningunha dúbida de que a saúde, e especificamente a saúde mental dos nenos, adolescentes e adultos está condicionada pola calidade das relacións interpersoais que os contextos humanos lles proporcionan desde o período en que crecen no útero das súas nais. Polo tanto, un neno ou nena, nace como un proxecto que se concretiza pouco a pouco. Este proxecto dará como resultado unha persoa sa, sempre e cando os seres humanos que constitúen a contorna en que lle tocou nacer, poidan asegurarlle, xa desde a súa xestación no útero materno, os coidados, a estimulación, a protección e a educación, é dicir, os bos tratos indispensables para asegurar o seu desenvolvemento.

Relacionado co anterior e como introdución ao tema deste artigo intentaremos explicar un dos resultados do funcionamento da mente que é *a memoria*, entendéndoa como a forma segundo a que a experiencia pasada modela o funcionamento presente e futuro da mente. Isto permitiranos abordar máis facilmente o xeito en que o cerebro humano rexistra as experiencias particularmente traumáticas do pasado. Tocaremos tanxencialmente os riscos de rememorar os recordos con contidos traumáticos, isto na medida en que o recordo e as expresións destes recordos poden producir novas experiencias traumáticas. Un exemplo é cando as persoas afectadas por experiencias traumáticas son obrigadas a rememorar sen ser preparadas e/ou acompañadas, outro exemplo disto é cando os sistemas familiares e sociais impoñen a lei do silencio, porque a revelación dos recordos que conteñen os traumas pode desestabilizar a estabilidade e o poder dos membros dominantes do sistema.

### **A memoria en tanto fenómeno bio-neurolóxico, social e cultural**

Explicar en profundidade o que é a memoria como fenómeno bio-neurolóxico, social e cultural é un desafío que escapa aos alcances deste artigo; pola contra, para poder entender o contido deste artigo é importante lembrar que a memoria ten que ver coa

activación no cerebro das neuronas que responden aos estímulos sensoriais ou sensacións procedentes do mundo exterior, ou ás imaxes que se forman interiormente, creadas polo mesmo cerebro. Tamén é importante «lembrar» que as neuronas son as células básicas do cerebro, polo tanto do funcionamento da mente. Son células longas que posúen un núcleo central e prolongacións emisoras e receptoras conectadas con outras neuronas. O mecanismo básico da función neuronal é o seguinte: unha especie de corrente eléctrica pasa polo «axón», ou lonxitude neuronal, ata a súa ramificación terminal, onde conecta con outras neuronas en conexións singulares coñecidas como «sinapse». O impulso eléctrico produce a liberación dun neurotransmisor (substancia química) que flúe a través do pequeno espazo sináptico para activar (ou inhibir) a neurona receptora. A cuestión clave é a seguinte: cada neurona está conectada cunhas 10.000 neuronas máis. Existen arredor de cen mil millóns de neuronas. Ademais, crese que existe unha serie increíble de tipos de impulsos que as «conectan e desconectan», creándose complexas redes de conexións comparables a circuitos electrónicos.

Cando se activan determinados sectores de neuronas interconectadas, grupos de neuronas e conxuntos de grupos de neuronas que forman camiños específicos e sistemas cerebrais, prodúcese os distintos procesos mentais. A **memoria** é un destes procesos.

Un tende a pensar ou imaxinar que a memoria consiste en miles de pequenos «arquivos de memoria» na cabeza que cando se ten acceso a un deles, e se trae ao plano do consciente, o seu resultado é un determinado recordo. Pero en realidade, a memoria é o resultado de asociacións que ocorren cando o noso cerebro procesa algo no presente -unha idea, un sentimento, un cheiro, unha imaxe- e relaciona esta experiencia con outras parecidas no pasado. Estas asociacións establecidas no cerebro emerxen dunha serie de neuronas que se uniron unhas con outras para dar orixe a redes neuronais singulares, que son á vez depósitos de información de experiencias pasadas e fontes de fenómenos presentes. En esencia, a memoria humana é a maneira en que un acontecemento do pasado nos inflúe no presente. Para ilustrar esta idea, podemos poñernos na situación seguinte.

.....

BASICAMENTE,  
A MEMORIA  
É ASOCIACIÓN

.....

Unha nai que atopa no fondo dun armario os primeiros zapatíños que usou a súa filla, que agora teñen 8 anos, cando era un bebé de poucos meses. A nai seguramente sentirá emocións especiais e viranlle un cúmulo de lembranzas á cabeza, como o da forma dos seus peíños, o seu cheiro particular e máis tarde lembrará os seus primeiros pasos. Un montón de asociacións poden irromper na conciencia da nai, incidindo nos seus sentimentos e estado de ánimo no presente, influenciada polas conexións co pasado. Basicamente, a memoria é **asociación**. O descrito ten unha tradución neuronal, cada vez que vivimos unha experiencia, un puñado de neuronas prende, ou mellor dito, actívase electricamente. Ao activárense, enlázanse ou únense a outras neuronas; estas unións crean redes, o que significa que cada experiencia cambia literalmente a composición física do cerebro, xa que as neuronas conectan e sepáranse constantemente baseándose nas nosas experiencias. Como explica Daniel Siegal (2007), «as neuronas que prenden ao mesmo tempo conectan entre si ao mesmo tempo». Dito doutro modo, con cada nova experiencia, certas neuronas prenden, e cando iso pasa, conectan, ou enlazan, con outras neuronas que prenden simultaneamente. Este fenómeno ten que ver coa memoria e pode ser máis fácil entendelo se facemos referencia ás nosas experiencias da vida cotiá. Por exemplo, cando ía buscar as miñas fillas á escola collín o costume ou o mal costume de levarlles caramelos. Chegou unha primeira vez para que asociasen cada saída de clase co recibir os caramelos. Unha explicación simplista sería que as tiña acostumado mal. A explicación, desde o punto de vista do funcionamento do cerebro, é que as neuronas das miñas fillas, activadas ao final da clase, tamén se activaban e interconectaban coas neuronas que integraran a experiencia de gustar caramelos. As neuronas que prenden ao mesmo tempo conectan entre si ao mesmo tempo. Así funciona a memoria, o feito de saír das clases trae case automaticamente o recordo dos caramelos. Cada vez que se repita na nosa vida unha primeira experiencia, o noso cerebro vincularaa coa segunda. O desencadeante pode ser un acontecemento interno, un pensamento ou un sentimento ou un acontecemento externo que o cerebro relaciona con algo do pasado; sexa o que sexa, este recordo desencadeado creará despois expectativas para o futuro. O cerebro preparárase continuamente para o futuro baseándose no que ocorreu previamente.



## Memoria do pasado e memoria do presente

Os recordos moldean as nosas percepcións actuais levándonos a prever o que acontecerá despois. O noso pasado moldea entón o noso presente e o noso futuro e faino por mediación de asociacións dentro do cerebro. O descrito, que algúns visionarios da psicoloxía desde perspectivas diferentes, como por exemplo, S. Freud (1895) e máis tarde J. Bowlby (1998) xa o enunciaran, ten unha importancia fundamental para comprender que cando as experiencias do pasado son dolorosas e destrutivas, estas terán a través da memoria unha presenza no presente; o novo é que agora se sabe con certeza que existen redes neuronais que se encargarán de que isto sexa así. O concepto de *memorias traumáticas* adquire, a partir do enunciado anteriormente toda a súa pertinencia. O feito de aceptar que o pasado inflúe o presente non quere dicir que as reviviscencias teñan unha emocionalidade idéntica ao vivido no pasado. Afortunadamente, unha serie de novas experiencias, que poden englobarse no que hoxe se coñece como a resiliencia, poden actuar como mediadores que mitigan o contido doloroso e daniño das lembranzas do pasado. Desgraciadamente, para moitas persoas afectadas por agresións e carencias crónicas e acumulativas, estas oportunidades ou experiencias no seu presente están ausentes ou foron insuficientes, o que pode conducir ao que denominamos «memorias organizadas por traumas». Isto significa que no funcionamento actual do cerebro dun neno ou dun adulto que viviu traumas complexos e acumulativos no pasado, prevalecen determinadas rexións, redes ou circuitos neuronais organizados por esas experiencias. Estas actívanse con experiencias do presente que espertan estes circuitos.

Unha cuestión importante, de orde xeral, é que aínda que aquí falemos de determinadas rexións e circuitos cerebrais, en realidade, o cerebro é un conxunto complexo de sistemas integrados que tenden a funcionar xuntos. Os malos tratos cos diferentes traumas como consecuencia provocan que a mente dun neno ou dun adulto pida funcionar dunha maneira non integrada e no caso da memoria, manifestarse no que se coñece como as memorias traumáticas e que nós acostumamos a denominar «memorias organizadas por traumas» (Barudy, 2011).

.....

A EXPERIENCIA  
ACTIVA AS  
NEURONAS

.....

Seguindo as ideas de Siegel (2007), todo o escrito anteriormente ten como finalidade reforzar a idea de que a memoria non é un *arquivador*, as liñas que seguen son para argumentar que tampouco é como unha *fotocopiadora*. Isto vén dicir que cando a memoria se activa, non reproduce exactamente os feitos do pasado.

Dito doutro xeito, cada vez que recuperamos un recordo, alterámolo. É posible que o que se recorde, se achegue ao que ocorreu exactamente, pero o mesmo acto de rememorar unha experiencia modifícaa, por veces de xeito significativo. En termos científicos, a recuperación do recordo activa un campo neural parecido, pero non idéntico, ao creado no momento da codificación. Así pois, os recordos vanse distorsionando -ás veces un pouco e outras, moito-, crese ou necesítase crer que son precisos, pero isto non é así. Existen numerosos factores e experiencias que poden explicar «a modificación» da codificación primaria, afondar nisto tamén escapa ás posibilidades deste artigo. Como avance, enunciaremos a importancia dos contextos interpersoais onde se lembra, o peso da cultura, a prohibición de recordar -imposta polos réximes ditatoriais ou democráticos incompletos-, e por último, a disociación estrutural da personalidade en que o cerebro ou a mente se defende do horror de lembrar o horror.

### **Desenvolvemento cerebral, memoria e relacións humanas**

Como xa sinalamos, a experiencia activa as neuronas. En relación con isto tamén aprendemos de autores como Antonio Damasio (2001, 2010) e Daniel Siegel (2007) que a activación neuronal activa a expresión dos xenes para que poidan producir as proteínas precisas e así modelar a estrutura cerebral. Dese xeito, as experiencias, entre as máis relevantes, as interpersoais, modelan o funcionamento da actividade neuronal do momento e poden potencialmente modelar a estrutura en continua mutación do cerebro durante toda a vida. Os recentes descubrimentos en neurociencia consideran, de feito, que o cerebro non perde a plasticidade, é dicir, que permanece aberto ás continuas influencias da contorna durante toda a vida. Un bo número de xenes conteñen a información que determinará a estrutura fundamental do cerebro

humano. Antes do nacemento, fórmanse os elementos básicos das estruturas máis profundas do cerebro. No momento do nacemento, pola contra, o cerebro está menos formado respecto a todos os demais órganos. Durante os tres primeiros anos, establecera-se un número inmenso de conexións sinápticas, determinadas en primeiro termo polo xenoma, pero modeladas pola experiencia. Durante a seguinte década, a experiencia creará máis conexións sinápticas á medida que o neno adquire novos coñecementos e habilidades durante o período escolar. Durante os primeiros anos da vida, desenvólvense os circuítos cerebrais básicos, responsables de procesos mentais relacionados coa emoción, a memoria, o comportamento e as relacións interpersoais. Tales procesos inclúen a xeración e a regulación da emoción; a capacidade de flexibilidade de resposta ou o comportamento atento e reflexivo; o sentido autobiográfico do eu e a elaboración dunha «autonarrativa»; a capacidade de comprender e atender ás mentes dos outros, e a habilidade para establecer unha comunicación interpersoal. A memoria terá en todos estes procesos un papel moi importante. Estes coñecementos permítennos comprender a memoria como unha función dinámica, que se expresará de xeito diferente: dunha banda, segundos as distintas etapas do desenvolvementos (nesta perspectiva, os procesos da memoria e do desenvolvemento van, de feito, xuntos); e pola outra, segundo o predominio do bo trato ou do mal trato da contorna humana.

### **Os procesos da memoria e o desenvolvemento: memoria implícita e explícita**

No que se refire á evolución da memoria no desenvolvemento, o neno dispón durante o primeiro ano de vida dunha forma «implícita» de memoria que inclúe as formas da memoria emocional, comportamental, perceptiva e somatosensorial. A memoria implícita pecha tamén as xeneralizacións de experiencias reiteradas, chamadas «modelos mentais» ou esquemas, por exemplo, os chamados modelos internos de traballo (Bowlby, J. 1969) que van en correspondencia segundo os distintos tipos de apego. Así, un neno ou unha nena de dous anos, cun modelo de apego seguro, pode amosar seguridade e confianza tanto nas relacións interper-

soais como na exploración da súa contorna, pero non sabe que esta experiencia ten que ver cunha memoria implícita composta de sensacións agradables e seguras, resultado do afecto, a estimulación, a satisfacción das súas necesidades e a educación que achegaron unha nai e/ou un pai ben tratantes. Cando nos nenos ou nas nenas se activan os recordos implícitos, non teñen a sensación interior de que se está a evocar algo. Estes recordos implícitos inflúenos simplemente nas súas emocións, comportamentos e percepcións en forma activa, aquí e agora, sen que sexan conscientes da súa conexión con algunha experiencia do pasado.

O caso de Josefina pódenos axudar a ilustrar este aspecto:

«Josefina naceu en África do norte e foi adoptada cando tiña 4 anos por uns pais europeos. Aos 14 meses de vida foi abandonada nas portas dun convento pola que seguramente era a súa nai biolóxica; ata o momento da súa adopción viviu nun orfanato que, polas descrições dos seus pais adoptivos, que a visitaron no seu país antes de poder adoptala, podemos supoñer que sufriu carencias afectivas severas e falta de estimulación. No momento da adopción presentaba signos de desnutrición, unha tendencia á pasividade e unha tristeza que segundo a súa nai era conmovedora. Os primeiros anos na súa nova familia non provocaron na pequena os cambios que os seus novos pais agardaban; era como se a cativa Josefina trouxese o orfanato con ela.»

Desde o punto de vista do fenómeno da memoria que abordamos neste artigo, podemos afirmar que o que condicionaba a forma de ser de Josefina na súa familia adoptiva era o vivido antes da adopción, e que aínda que non tiña recordos explícitos, o vivido quedara rexistrado na súa memoria implícita e determinaba a súa forma de ser.

A mediados do segundo ano de vida desenvólvese nos nenos unha segunda forma de memoria: a memoria «explícita». Préséntase nas súa dúas formas principais: obxectiva ou semántica, e autobiográfica ou episódica. En ambos os dous tipos de memoria, existe un recordo que está asociado a unha sensación interior: «estou a lembrar algo, agora»; o recordado pode aparecer como unha imaxe. No que se refire á memoria autobiográfica existe tamén unha vivencia de si mesmo nun momento do pasado. O seguinte exemplo serve para ilustrar a existencia desta memoria explícita nunha nena:

CODIFICAMOS  
 A MEMORIA  
 IMPLÍCITA AO  
 LONGO DE TODA  
 A NOSA VIDA, E  
 NOS PRIMEIROS  
 DEZAOITO MESES  
 SOAMENTE  
 CODIFICAMOS  
 IMPLICITAMENTE

Unha simpática nena de 7 anos expresa espontaneamente nunha conversa cos seus pais:

«Cando estaba na gardería, lembro que non me gustaban as lentellas; para non comelas facía unha montañiña no prato con elas e dentro dela un túnel, e así escondía as outras.»

Botando contas, os pais chegan á conclusión abraiados de que a súa filla estaba a describir unha experiencia de cando tiña dous anos e medio. Para relatar isto, a nena está a evocar algo así como «lembro»; isto inicia un relato que corresponde á memoria semántica dese acontecemento, acompañada da descrición da súa vivencia nese momento do pasado.

Como podemos ver, os nenos pequenos terán unicamente formas implícitas de recordo. Dificilmente poderán, polo tanto, recuperar na idade adulta o que foi modelado nas súas mentes nos primeiros meses da súa vida. Este é o descubrimento común, universal, da «amnesia da infancia», e crese que se debe ao tempo, xeneticamente determinado, do desenvolvemento da estrutura cerebral precisa para a formación da memoria explícita. En particular, a maduración do hipocampo no lóbulo temporal centra. Esta non se realiza ata despois de ter cumprido o primeiro ano de idade e semella esencial para a codificación explícita. Máis tarde, a parte dianteira das rexións frontais neocorticais -chamada codia prefrontal- madurará dabondo para permitir que comece a memoria autobiográfica.

Por exemplo, como Siegel (2012) ilustra nun dos seus textos, cando un é adulto, a memoria que permite andar en bicicleta sen ter presente que se está a lembrar como se fai, é o que se denomina a memoria implícita. Pero cando se responde cun relato á pregunta, «¿cando e como aprendiches a andar en bicicleta?», está operando no dominio da memoria explícita.

Codificamos a memoria implícita ao longo de toda a nosa vida, e nos primeiros dezaoto meses soamente codificamos implicitamente. Un bebé codifica os cheiros, os sabores e os ruídos da súa casa e dos seus pais, a sensación de fame no estómago, o pracer ao saborear o leite morno, a maneira en que o corpo da súa nai se tensa en resposta á chegada de certo parente. A memoria implícita codifica as nosas percepcións, as nosas emocións, as nosas sensa-

cións corporais e á medidas que nos imos facendo maiores, outras condutas, como gatear, camiñas e ir en bicicleta.

A idea esencial sobre a memoria implícita que debemos entender sobre todo no que se refire aos trastornos que presentan os nenos e as nenas, é que os recordos implícitos levan a calquera persoa a crear expectativas sobre como funciona o mundo a partir das súas experiencias previas. Isto, como insistimos, ten unha explicación no funcionamento da mente, resultado da conexión entre as neuronas. Como as neuronas que prenden ao mesmo tempo conectan entre si ao mesmo tempo, isto crea modelos mentais, baseados no que ocorreu no pasado. Por exemplo, se un papá abraza ao seu bebé todas as noites cando volve á casa do traballo, o seu fillo terá un modelo mental interiorizado de que a chegada á casa desta figura significativa virá acompañada de afecto e de conexión. As memorias implícitas permiten a existencia do fenómeno que se coñece como **imprimación**, que explica que o cerebro se prepara para responder dunha maneira determinada a un estímulo seguindo unha pauta anterior. Cada vez que o pai chega á casa existe unha gran posibilidade de que o estado mental do seu fillo sexa o de alguén que agarda unha aperta. O seu mundo interior non só está preparado para recibir ese xesto cariñoso, senón que mesmo se anticipará movendo os brazos cando escoite o coche no camiño de acceso. Conforme se fai maior, a imprimación seguirá a producirse con condutas máis complexas. Ao contrario deste exemplo, se o pai cada vez que chega á casa lle pregunta se se portou ben ou mal e, diga o que diga o neno, o castiga, é probable que o seu mundo interior relacione a chegada do seu pai cunha situación de ameaza, que máis tarde se poderá manifestar nunha timidez extrema e nunha dificultade para relacionarse con outras persoas.

Desde hai xa algún tempo, a nosografía psiquiátrica aceptou a existencia na súa nomenclatura do trastorno de estrés postraumático, o TEPT, que dun xeito «implícito» reconece os fenómenos descritos. Este trastorno explícase porque os recordos implícitos dunha experiencia terriblemente perturbadora que polo seu contido ameazou a vida en algún momento anterior, codifícanse no cerebro dunha persoa. Máis tarde, un son, unha imaxe ou outra experiencia no presente, desencadeará a activación dos recordos deses acontecementos, provocando unha reacción neurofisiolóxi-

EN CONTEXTOS  
DE AMEAZA, NON  
HAI TEMPO NIN  
POSIBILIDADE DE  
ANALIZAR A  
SITUACIÓN ENTRE  
OUTRAS PARA  
UTILIZAR  
EXPERIENCIAS  
ANTERIORES

ca de ameaza extrema, sen que existan razóns reais para ela e sen que a persoa caia na conta de que a súa reacción está relacionada co vivido no pasado, con orixe na súa memoria implícita.

Non está de máis lembrar que as memorias implícitas son un recurso evolutivo, polo tanto, a súa existencia pode protexer e manter a salvo aos seres humanos en situacións perigosas. As memorias implícitas «empurran» a mente e o corpo a reaccionar rapidamente, mesmo permiten automatizar as nosas respostas en momentos de perigo. Nese momento, o cerebro reacciona para facer fronte ás ameazas, polo tanto, non se detén a lembrar -activar a memoria explícita- para situar e repetir as respostas anteriores para situacións semellantes. Neste senso, a memoria implícita actívase para responder a sensacións que ao desencadear determinadas emocións (medo, rabia...), activan comportamentos destinados a facer fronte ás ameazas. En contextos de ameaza, non hai tempo nin posibilidade de analizar a situación entre outras para utilizar experiencias anteriores. O descrito preséntase con frecuencia nos nenos e nenas traumatizados, as súas memorias implícitas de situacións que lles produciron dor e estrés no pasado están nas súas memorias implícitas, podendo desencadear respostas defensivas fronte a perigos que non existen no presente. Moitas crises de pánico, crises agresivas, reaccións fóbicas, descompensacións depresivas ou trastornos de déficit atencional e ata crises convulsivas poden comprenderse mellor á luz destes novos descubrimentos.

### **Memoria implícita e procesos terapéuticos**

Nas nosas prácticas terapéuticas, a integración dos coñecementos sobre a memoria implícita permitiunos, entre outras cousas, reforzar a idea de que, aínda que ningunha persoa é «consciente» do que lle aconteceu de moi pequena, as experiencias que tiveron coas persoas que os coidaron, teñen un impacto forte e duradeiro nos seus procesos mentais, que se manteñen aínda na vida adulta. Os recordos implícitos codifican o primeiro que aprendemos do mundo e modelan directamente as nosas experiencias no presente, sen existan pegadas das nosas respostas no presente dos acontecementos pasados. O anterior reforza todo o que se pode enunciar sobre a importancia dos bos tratos infantís para asegurar

o desenvolvemento san da mente humana. (Barudy J., Dantagnan M., 2005). Isto é un desafío, máis vixente no contextos cultural actual, porque tratar ben implica asegurar as achegas precisas para asegurar o crecemento e o desenvolvemento de todos e de todas, especialmente dos nenos e das nenas, achegar unha educación adecuada, ademais de excluír toda forma de violencia e de abuso nas relacións interpersoais. Asegurarlles os bos tratos aos nenos e nenas é tamén non usalos como «obxectos» para realizar os proxectos (baseados en frustracións persoais) dos adultos, tanto ao nivel familiar como social. En relación con isto último, son múltiples os exemplos de manipulación e de utlización dos nenos e das nenas como obxectos de consumo e para obrígalos a consumir nos modelos culturais dominantes.

Os estudos sobre o desenvolvemento, son concluíntes en que non se debe abafar os nenos pequenos con estímulos sensoriais para forzalos a alcanzar excelentes niveis de funcionamento mental. Non é necesario tratar de formar «super-bebés» e logo «super-nenos» bombardeándoos con excesivos estímulos e esixencias. En cambio, a investigación sobre o apego e distintos descubrimentos no campo da xenética e da neurobioloxía do desenvolvemento, fan pensar que é o apego seguro entre pais e fillos, resultado dos coidados e da estimulación respectuosa no marco de relacións interpersoais afectuosas, o fundamental para a formación dunha mente sa.

Aínda son demasiados os adultos, incluídos moitos e moitas profesionais da saúde mental infantil ou da educación infantil, que cando falan da memoria ou das dificultades que teñen os nenos e as nenas para aprender, se refiren soamente á memoria explícita, é dicir, ao que en rigor implica recordos conscientes de experiencias do pasado; seguramente porque non puideron coñecer e integrar nas súas profesións o que a investigación mostraron sobre a existencia e a importancia das memorias implícitas, cuns contidos «inconscientes» que poden mesmo alterar ou bloquear os recordos resultantes da memoria explícita. Un dos obxectivos deste artigo é contribuír a espertar o interese polo fenómeno das memorias implícitas e a súa interconexión con outras funcións da mente, incluída a memoria explícita. Isto, tanto polo noso propio ben como persoas e profesionais como o das persoas, especialmente dos ne-



O MÉTODO  
 TERAPÉUTICO  
 TRAUMA-TERAPIA  
 FOCAL SISTÉMICA  
 CONSISTE EN OFRE-  
 CER UNHA  
 RELACIÓN  
 TERAPÉUTICA DE  
 BO TRATO PARA  
 RECREAR UNHA  
 EXPERIENCIA TERA-  
 PEUTA-PACIENTE  
 ANÁLOGA AO  
 APEGO SEGURO

nos e nenas, aos que pretendemos educar ou «curar». Se todos os profesionais que se ocupan da educación ou da terapia doutras persoas puidesen integrar «na súa memoria» a existencia destes dous tipos de memoria -a implícita e a explícita- estamos convencidos de que aumentarían as súas posibilidades de comprender os chamados trastornos dos seus pacientes, considerándoos tamén como manifestacións de experiencias que lles están facendo ou lle fixeron dano, pero que por diferentes factores non forman parte dos seus recordos explícitos, pero si das súas memorias implícitas.

O noso quefacer cotián atendendo nenos e nenas, así como adultos afectados por traumas complexos e acumulativos resultados de diferentes tipos de violencia que constitúen violacións dos dereitos humanos, fíxonos moi sensibles á importancia de explorar con eles e elas o contido das súas memorias implícitas. Isto abriunos a novas comprensións sobre a orixe dos seus trastornos e o sentido dos seus síntomas, así como nos estimulou a investigar ata atopar o modelo terapéutico que denominamos **trauma-terapia focal sistémica**. En síntese, este método terapéutico consiste en ofrecer unha relación terapéutica de bo trato, para recrear unha experiencia terapeuta-paciente análoga ao apego seguro, así como en apoiar e promover as súas capacidades e recursos resilientes. Todo isto, entre outras finalidades, para facilitar a elaboración e integración na mente das súas memorias implícitas traumáticas, para abrir novas oportunidades de benestar. Este método integra dun xeito secuencial e progresivo un conxunto de técnicas terapéuticas que polos seus contidos son coherentes cos descubrimentos sobre o funcionamento da mente e en particular da memoria que expuxemos neste artigo, así como o conxunto de coñecementos achegados polas investigacións no campo da psico-traumatoloxía. Recollendo a importancia dos intercambios verbais ou conversas terapéuticas, introducíronse ademais nesta metodoloxía unha serie de actividades non verbais que permiten traballar os trastornos do apego, as emocións, os sentimentos, os modelos condutuais, os modelos internos de traballo, as memorias implícitas, o reforzo dos recursos resilientes, as narrativas que lle dan sentido ás experiencias... Por isto se empregan instrumentos, nos que a sala de terapia, que chamamos **sala de valentes** é un dos alicerces, na cal existen elementos para realizar actividades en caixa de area (san-

dplay therapy), terapia de xogo, arte terapia, terapias corporais, musicoterapia, traballo con monicreques, terapias narrativas...

Os bos resultados da nosa experiencia no centro terapéutico EXIL, Barcelona (*Centro de Atención médica, psicológica e social para vítimas de violencia, tortura e doutras violacións dos dereitos humanos*) foron corroborados polos obtidos ou que se están a obter, por outras e outros terapeutas pertencentes hoxe á RED APEGA, que se formaron no noso instituto de formación (IFIV «*Instituto de Formación e Investigación-Acción sobre as Consecuencias da Violencia e a Promoción da Resiliencia*») e que exercen en diversas partes de España: A Coruña, Valencia, San Sebastián, Xirona e Mallorca.

### Referencias bibliográficas

- Barudy, J. e Dantagnan, M. (2006). *Los buenos tratos a la infancia: Parentalidad apego y resiliencia*. Barcelona: Gedisa
- Barudy, J. e Dantagnan, M. (2010). *Los desafíos invisibles de ser madre o padre: Manual de evaluación de las competencias y la resiliencia parental*. Barcelona: Gedisa.
- Bowlby, J. (1998). *El apego*. Barcelona: Paidós.
- Damasio, A. (2001). *El error de Descartes: La emoción, la razón y el cerebro humano*. Barcelona: Crítica.
- Damasio, A. (2010). *Y el cerebro creó al hombre*. Barcelona: Destino.
- Freud, S. (2002). *La Etiología de la Histeria*. Madrid: Alianza Editorial.
- Moffet, S. (2007). *El enigma del Cerebro*. Barcelona: Robinbook.
- Siegel, D. (2007). *La mente en desarrollo*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Siegel, D. (2012). *El cerebro del niño*. Bilbao: Desclée de Brouwer

# MEMORIA E TERAPIA EMDR

Cadernos de Psicoloxía, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

**Anabel González Vázquez**

Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

**Dolores Mosquera**

LOGPSIC

## Resumo

A terapia EMDR está fortemente ligada aos estudos sobre a memoria. O tratamento EMDR baséase na identificación, acceso, e procesamento das memorias asociadas cos problemas actuais do paciente, é dicir, aquelas experiencias que o cerebro non podería asimilar e integrar, e ao quedar almacenadas disfuncionalmente, alimentan os síntomas actuais. Ademais o modelo teórico de EMDR ten sido asociada cos conceptos da memoria de traballo, as diferenzas entre a memoria traumática e memoria común, e memoria a curto e longo prazo. A relación destes conceptos coa terapia EMDR basearase nunha revisión da evidencia empírica recente.

## Palabras chave

EMDR, memoria, procesamento de información, trauma.

## Introdución

A memoria é a capacidade dun organismo para almacenar, reter e recuperar a información e a experiencia. O procesamento de información faise a través de tres etapas na formación e na recuperación da memoria: *rexistro* (recibir, procesar e combinar a información), *almacenamento* (información codificada) e *recuperación* (poder traer a información almacenada para usala nunha actividade ou proceso).

En psicoloxía manéxase principalmente dous modelos da memoria. Estes modelos son representacións abstractas de como se cre que funciona a memoria. O modelo de Atkinson-Shiffrin ou de almacenamento múltiple (1968) propón tres tipos de memoria: sensorial, a curto prazo e a longo prazo. Este modelo foi criticado por demasiado simplista. Baddeley e Hitch (1974) propoñen un modelo de memoria de traballo que substitúe o de memoria a curto prazo.

O feito de como as experiencias son procesadas e codificadas é, por unha banda, un aspecto básico da conceptualización dos

.....

A TERAPIA EMDR  
É UNHA TERAPIA  
EN 8 FASES, QUE  
SE BASEA NA IDEN-  
TIFICACIÓN, NO  
ACCESO E NO RE-  
PROCESAMENTO  
DAS MEMORIAS

.....

problemas psicolóxicos en EMDR e, por outra, un campo da psicoloxía en que a experiencia clínica e a investigación sobre EMDR están a achegar unha perspectiva interesante e en boa medida novidosa.

O modelo teórico de EMDR baséase no sistema de procesamento da información intrínseco do cerebro e en como son almacenadas as memorias. Os síntomas e problemas actuais do paciente considéranse resultado de experiencias perturbadoras previas que non se procesaron adecuadamente, e permanecen nun estado específico, é dicir, están almacenadas disfuncionalmente (Shapiro, 1995, 2001, 2007 e Solomon e Shapiro, 2008). Estas memorias almacenadas disfuncionalmente teñen as características da memoria traumática.

Outro concepto moi ligado á EMDR é o das redes de memoria. Ás memorias poden considerarse redes amplamente distribuídas de conexións sinápticas entre neuronas moduladas pola experiencia. Estas redes entrecrúzanse e solápanse entre si, de xeito que unha neurona pode formar parte de moitas redes e, polo tanto, de moitas memorias. O cerebro pode aprender porque as conexións entre as neuronas non son permanentes.

### ¿Como funciona EMDR?

A Terapia de Desensibilización e Reprocesamento por Movementos Oculares (EMDR; Shapiro, 1995, 2001) é unha terapia en 8 fases, que se basea na identificación, no acceso e no reprocesamento das memorias que (ao estar almacenadas nun modo disfuncional) estarían a alimentar os síntomas e os problemas actuais dos pacientes.

A esencia do EMDR é a transmutación desta información almacenada disfuncionalmente a un xeito de almacenamento adaptativo que promova a saúde psicolóxica. En condicións naturais, considérase que o sistema innato de procesamento de información (AIP: Adaptive Information Processing System) asimila as experiencias recentes en redes neurais xa existentes. Estas redes de memoria son a base da percepción, das actitudes e das condutas. Cando este sistema funciona de modo adecuado, as experiencias

novas son asimiladas, integrándose e conectando con información que está almacenada, fainos aprender e axuda a guiarnos no futuro (Shapiro, 2001). Pero diante dun evento traumático, este sistema de procesamento adaptativo de información (AIP) bloqueáase, e a información, no canto de integrarse co resto das redes de memoria, almacénase de modo disfuncional.

O uso de movementos oculares (ou doutros tipos de estimulación bilateral como sons bilaterais ou estimulación táctil alternante) é só un dos ingredientes activos desta terapia, que activa e facilita a conexión entre a información almacenada disfuncionalmente e o resto de redes neurais. Os recordos traumáticos intégranse así con información adaptativa (como, por exemplo, outras experiencias nas que superamos situacións similares). Os estudos neurobiolóxicos sinalan que isto se debe a un cambio de información sensorial implícita a memorias consolidadas explícitas (Siegel, 2002; Van der Kolk, 2002) e de sistemas de memoria episódica, mediada polo hipocampo, a sistemas de memoria semántica, mediados polo neocórtex (Stickgold, 2002).

Nos estudos neurobiolóxicos sobre os movementos oculares, dúas hipóteses explicativas gardan relación con determinados aspectos das funcións mnésicas. Unha delas é a hipótese de que o movemento ocular produce un efecto ao nivel da memoria de traballo, sobrecargando a axenda visuoespacial, e deste xeito produce unha diminución na vividez e na emocionalidade dos recordos. A outra relaciona os movementos oculares co sono REM. Dado que a fase REM foi asociada aos procesos de consolidación da memoria, esta hipótese enlaza tamén as teorías sobre o xeito en que funciona a EMDR (como é a activación parasimpática) de modo que, mesmo se aínda é preciso dilucidar o mecanismo subxacente ao efecto do movemento ocular e a terapia EMDR, os resultados dispoñibles ata agora semellan inclinar a balanza cara aos procesos relacionados coa memoria.

Para a abordaxe de calquera patoloxía desde a EMDR o fundamental é seleccionar as dianas adecuadas, aqueles recordos clave que son a base do problema actual, así como os eventos posteriores que están tamén asociados neste mesmo clúster ou acio de sucesos conectados, e que funcionan como memorias alimentadoras ou disparadores traumáticos.

.....

(...) A MEMORIA  
TRAUMÁTICA É  
INCOMPLETA OU  
INCOHERENTE E  
ESTÁ PARCIALI-  
ZADA CARA AOS  
DETALLES QUE SON  
SIGNIFICATIVOS  
EMOCIONALMENTE,  
AMEAZANTES, NO-  
VOS OU DE ESPECIAL  
IMPORTANCIA PARA  
O INDIVIDUO

.....

Nos seguintes apartados deste artigo explicaremos algúns conceptos como son os da memoria traumática e a memoria ordinaria, e describiremos os estudos que sustentan a relación entre movementos oculares e memoria de traballo e memoria a longo prazo. Posteriormente, describirase a evidencia empírica coa que conta a terapia EMDR ata a data e a conceptualización que se fai sobre o traballo terapéutico, desde este enfoque baseado no concepto de redes de memoria.

### **Memoria traumática e memoria ordinaria**

A memoria traumática ten características diferentes á memoria ordinaria. Namentres que a memoria ordinaria ten menos viveza perceptiva e está conectada co resto da experiencia, a memoria traumática é incompleta ou incoherente e está parcializada cara aos detalles que son significativos emocionalmente, ameazantes, novos ou de especial importancia para o individuo. Diversos autores describen as diferenzas que se ven en clínica entre a memoria ordinaria e a memoria traumática (Crabtree, 1993; LeDoux, 1992; Van der Kolk e Ducey, 1989; Van der Kolk e Van der Hart, 1991). A memoria narrativa sería integradora, maleable e adecuada aos esquemas cognitivos do individuo. Pola contra, a memoria traumática sería ríxida, non narrativa, automática e activaríase desconectada das experiencias comúns. Segundo estes autores, a non integración do recordo na memoria explícita do suceso, é o que mantén este recordo inmodificado.

Un paciente contáranos un recordo traumático do seguinte modo:

«Lembro o meu pai na porta, con esa cara, esa mirada... Había moita luz, entraba o sol pola fiestra, lembro o calor, pero detrás de min había escuridade, un frío que xeaba os ósos. Naquel cuarto todo estaba sempre ordenado, impecable, sen un lixo. Só estaba nun recuncho unha das miñas bonecas, co seu vestido verde que estaba un pouco gastado, asomando por debaixo do sofá, na esquina».

As situacións traumáticas, caracterizadas por emocións abafantes e pola vivencia da ameaza para a integridade do self, asociáronse con alteracións mnésicas (Van der Kolk, 1994), que van desde a extrema viveza dos recordos característicos dos flashbacks post-traumáticos, á amnesia do evento. Nunha situación traumáti-

ca, pode estar alterada a atención, centrándose a mente no estado de alerta só en determinados elementos. A memoria a curto prazo permanece fragmentada, sen poder asociarse a outras experiencias que lle dean significado, non pode consolidarse na memoria a longo prazo e polo tanto, ese recordo non pode ser integrado na historia do paciente, na memoria narrativa.

A atención pode permanecer focalizada nos disparadores traumáticos, levando consigo diversos cambios cognitivos nos individuos con TEPT. O estrés asociado á experiencia traumática pode relacionarse tamén cunha «sobreconsolidación» da memoria traumática (McGaugh, Intrioni-Collision, Cahill et al., 1993; Pitman, 1989), o que ten como consecuencia recordos moi arraigados. A afectación do hipocampo pode á súa vez interferir na consolidación da memoria, xerando amnesias e síntomas disociativos.

Terr (1988, 1991) describe amnesias e alteracións no recordo en nenos cronicamente traumatizados. Os recordos traumáticos ocorridos na infancia parecen ter características diferenciais respecto a un evento traumático definido ocorrido na idade adulta. Por iso as secuelas da traumatización temperá non parecen encaixables nos síntomas do trastorno por estrés post-traumático (Van der Kolk et al., 2005). Mesmo así, cando se trata dun evento traumático único sucedido na infancia, vemos memorias traumáticas moi semellantes ás do trauma ocorrido na idade adulta. As recoleccións verbais dun trauma único nunha infancia que, do contrario tería estado libre de traumas, son pronunciadas nunha forma incrivelmente clara e detallada. Uns poucos detalles do evento traumático poderían estar facticamente mal debido a que o neno inicialmente percibiu erroneamente ou avaliou a secuencia do que pasara a destempo. Pero os nenos co que Terr denomina memorias traumáticas Tipo I parecen lembrar os eventos e dan relatos claros e detallados das súas experiencias. Esta extraordinaria recuperación das memorias verbais, completas, precisas de case todos os traumas únicos, fai que un conclúa que estas memorias se manteñen vivas dun xeito moi especial (Terr, 1991), case como se estivesen a suceder *aquí e agora*.

En cambio, os nenos que experimentaron os traumas de Tipo II adoitan esquecer. Poden esquecer segmentos enteiros da súa nenez (da infancia aos nove anos, por exemplo). Onde un ve a di-



=====

O TRAUMA  
CRÓNICO  
TEMPERÁN  
PARECE  
AFECTAR AO  
NEURODESEN-  
VOLVEMENTO

=====

ferenza entre estes nenos «esquecedizos» e os mozos comúns, é na relativa indiferenza á dor, a falta de empatía, a falla para definir ou recoñecer os sentimentos, e na absoluta evitación da intimidación psicolóxica do neno traumatizado múltiples veces. Brutalizados repetidamente, os nenos insensibilizados empregan a negación masiva (Terr, 1991). Desde esta perspectiva, o cuestionamento que algúns autores como McNally (2004) fan da amnesia dissociativa, propoñendo a imposibilidade de que poidan considerarse consecuencias do trauma tanto o recordo especialmente vívido da situación como a ausencia do mesmo nos casos de amnesia, se expliquen con base nun mesmo modelo. En ambos os dous casos, os recordos quedarían almacenados con gran viveza, e en ambos os dous non habería unha integración co resto da experiencia do suxeito. No caso da amnesia dissociativa, esta falta de integración sería máis marcada, chegando o suxeito nun estado mental a non lembrar contidos almacenados nun estado mental diferente (fenómeno relacionado coa memoria dependente do estado). Cando esta amnesia é revertida, os recordos presentan as características de viveza, rixidez e fragmentación perceptiva, característicos do recordo traumático.

O trauma crónico temperán parece afectar ao neurodesenvolvemento (Teicher et al., 2002). Os sistemas glucocorticoide, noradrenérxico e de vasopresina-oxitocina actívanse en resposta ao estrés. Estas neurohormonas teñen efectos na neuroxénese, nas sinapses e na mielinización en períodos especialmente sensibles do desenvolvemento. As zonas mediais do corpo caloso, o neocórtex frontotemporal, o hipocampo e a amígdala e o verme cerebeloso, estarán afectados. O funcionamento da memoria verase alterado nestes casos, e polo tanto, os eventos traumáticos non producirán efectos completamente superpoñibles en pacientes cronicamente traumatizados na infancia se os comparamos co trauma agudo. O modo de traballar con EMDR nestes casos será tamén diferente, precisándose diversas adaptacións nos protocolos habituais para o TEPT secundario a un evento traumático único.

## Evidencia empírica sobre a terapia EMDR

EMDR é unha terapia orientada ao tratamento do trauma, aínda que a súa aplicación se foi estendendo a moi distintas patoloxías. Nos últimos anos a súa eficacia foi avalada por un bo número de estudos empíricos e hoxe en día está recoñecida como unha terapia de elección para o tratamento do trastorno por estrés post-traumático. En diversas guías clínicas recoñeceuse como unha terapia efectiva e foi considerada como un tratamento de Categoría A (fortemente recomendados) para o tratamento do trauma (American Psychiatric Association, 2004; Bleich, Kotler, Kutz & Shalev, 2002; Chambless et al., 1998; CREST, 2003; Department of Veterans Affairs & Department of Defense, 2004; Foa, Keane & Friedman, 2000; INSERM, 2004; National Institute for Clinical Excellence, 2005; Therapy Advisor, 2004; the SAMHSA's National Registry of Evidence-based Programs and Practices (2011) e o United Kingdom Department of Health, 2001).

Varias metanálises revisan os estudos dispoñibles concluíndo que EMDR é de eficacia igual ou superior a terapias de orientación cognitivo-condutual (Bisson & Andrew, 2007; Bradley, Greene, Russ, Dutra & Westen, 2005; Davidson & Parker 2001; Seidler & Wagner, 2006), sobre todo cando é aplicado adecuadamente (Maxfield & Hyer, 2002). Nalgúns estudos apúntanse varias das vantaxes de EMDR: unha maior eficiencia e rapidez (Van Etten e Taylor, 1998).

Diversos estudos randomizados avalan a eficacia desta terapia no trastorno de estrés post-traumático en diversas poboacións (Carlson, Chemtob, Rusnak, Hedlund & Muraoka, 1998; Abbasnejad, Mahani & Zamyad, 2007; Ahmad, Larsson, Sundelin-Whalsten, 2007; Chemtob, Nakashima & Carlson, 2002; Cvtek, 2008; Hogberg et al., 2007; Hogberg et al., 2008; Ironson, Freund, Strauss & Williams, 2002; Lee, Gavriel, Drummond, Richards & Greenwald, 2002; Marcus, Marquis & Sakai, 1997; Marcus, Marquis & Sakai, 2004; Power, McGoldrick, Brown et al., 2002; Scheck, Schaeffer & Gillette, 1998; Shapiro, 1989; Soberman, Greenwald & Rule, 2002; Taylor et al., 2003; Vaughan, Armstrong, Gold, O'Connor, Jenneke & Tarrier, 1994; Van der Kolk, Spinazzola, Blaustein, Hopper, Hopper, Korn & Simpson, 2007;

Wanders, Serra & de Jongh, 2008; Wilson, Becker & Tinker, 1995; Wilson, Becker & Tinker, 1997).

### **EMDR, memoria traumática e redes de memoria**

O concepto de trauma descrito nos criterios do Trastorno de Estrés Post-traumático é o que en EMDR se denomina trauma «T». Pero este concepto de trauma desde esta perspectiva faise tamén extensivo a todas aquelas situacións máis relacionadas co apego, a falta de atención ou a negligencia, e a situacións cotiás que poden ter un papel destacable na patoloxía e que se denominan traumas con t minúsculo, «t». O concepto de trauma descríbese en terapia EMDR do seguinte xeito:

«Moitos de nós pensamos que o trauma consiste en grandes acontecementos que aparecen nos diarios. Veteranos de guerra, superviventes de catástrofes naturais e ataques terroristas, eses son os que sofren un trauma na imaxinación popular.

Pero, de feito, por definición, un trauma é calquera feito que tivo un efecto negativo duradeiro. Todos coñecemos xente que perdeu o traballo, os seus seres queridos e ata posesións e que como resultado, sufriron verdadeiramente. Cando se perde a paz do espírito ou se nunca se tivo, pode haber serias consecuencias físicas e psicolóxicas, sexa o que sexa a causa.

Á marxe dos 'disparadores', as causas atópanse xeralmente en antigas experiencias da vida. A esas experiencias, chamámolas traumas.»

(Shapiro, 2007)

Por exemplo, unha persoa padece unha depresión recorrente, que se fixo crónica nos dous últimos anos. O primeiro episodio depresivo prodúcese tras a morte do marido, sen que houbera un motivo claro que desencadease os seguintes episodios. Este evento sería un trauma T e unha das dianas a seleccionar e traballar desde a EMDR. Destacan tamén síntomas intrusivos de dous tipos. Un recordo dunha discusión cun compañeiro e a posterior perda do emprego, que ocorreu xa despois de que o cadro se cronificase, pero que de modo recorrente ocupa os pensamentos do suxeito. Este tamén sería un evento traumático aínda que dubidosamente cumpriría o criterio A para o TEPT. Outro síntoma intrusivo é o

O PROTOCOLO  
 ESTÁNDAR DE EMDR  
 INCLUIRÁ NON SÓ  
 OS ELEMENTOS  
 PERCEPTIVOS DO  
 RECORDO, SENÓN  
 TAMÉN AS CREN-  
 ZAS E SISTEMAS  
 DE SIGNIFICADO,  
 AS EMOCIÓN E AS  
 SENSACIÓNS  
 FÍSICAS

pensamento «son un inútil». O paciente asocia este pensamento a unha profesora en primaria que o humillou repetidamente na clase durante un ano e ao fracaso no seu intento de conseguir uns estudos, que tivo que abandonar despois de repetidos bloqueos. Desde a EMDR, o terapeuta axuda ao paciente a buscar (non a nivel cognitivo) onde sentiu por primeira vez a sensación que ten pensando «son un inútil», e esta sensación conéctaa con momentos máis cotiáns cunha nai extremadamente crítica, que lle facía frecuentes comentarios negativos. Estas experiencias serán tamén procesadas, e corresponderían ao que denominamos t, todas aquelas situacións que, sen reunir os requisitos para o criterio A do TEPT, quedan igualmente bloqueados e asociados á perturbación, ou empregando a terminoloxía da EMDR, quedan almacenados disfuncionalmente.

O protocolo de EMDR para o traballo con recordos procura acceder a diversos elementos da memoria, non só á memoria explícita ou declarativa (máis relacionada co hipocampo dereito e co córtex orbitofrontal), senón tamén á memoria implícita, que almacena datos emocionais, sensoriais (órganos dos sentidos) e somáticos (sensacións cenestésicas, dor). Estas memorias ás veces non poden conectar (tálamo) co córtex (significado cognitivo) ou coa amígdala (significado emocional). O tipo máis primitivo de memoria implícita é a memoria procedimental (Scaer, 2001). O protocolo estándar de EMDR incluírá por iso non só os elementos perceptivos do recorde, senón tamén as crenzas e sistemas de significado, as emocións e as sensacións físicas.

### EMDR, movementos oculares e memoria

Varias hipóteses foron propostas para explicar o papel dos movementos oculares (MO) no procesamento do trauma con EMDR. Unha delas é que os MO aumentarían a conexión entre ambos os dous hemisferios. Aínda que algúns estudos falan de cambios na coherencia interhemisférica frontal (Propper et al., 2007) e de que os MO horizontais son superiores aos verticais e ao non movemento para potenciar o recuerdo (Parker et al., 2008). Pola contra, Samara, Elzinga, Slagter & Nieuwenhuis (2011) ofrecen evidencia contraria a esta hipótese, que parece cuestionarse tamén po-

los estudos doutros autores (Engelhard, Van den Hout & Smeets, 2011; Gunter & Bodner, 2008) que amosan entre outros aspectos analizados, que os movementos oculares verticais teñen efectos similares aos horizontais, o que tamén cuestionaría a hipótese da coherencia interhemisférica.

Outra hipótese explicativa céntrase no sistema nervioso autónomo, amosándose en moitos estudos unha activación colinérxica e unha inhibición simpática, que algúns autores relacionan cun efecto similar observado no sono REM (Elofson et al., 2008), namentres que outros investigadores o asocian á resposta de orientación (Schubert et al., 2011). Como fenómeno illado, os cambios autonómicos con diminución da activación foron comprobados en diversos estudos (Sack, Lempa & Lemprecht, 2007; Sack, Nickel et al., 2003; Sack, Hofmann, Wizelman & Lempa, 2008; Sack, Lempa et al., 2008; Wilson et al.; 1996, Barrowcliff et al., 2003). Os efectos da terapia EMDR, porén, parecen ir máis alá dos que se conseguen simplemente con relaxación, o que fai pensar que este efecto é só unha parte dun fenómeno máis amplo aínda non completamente elucidado.

Unha terceira hipótese relaciónase co reflexo de orientación (Sokolov, 1963), considerándose que o efecto de activación parasimpática e a diminución da activación simpática estaría relacionado con este mecanismo. O reflexo de orientación prodúcese cando a atención é atraída por un estímulo novo, intenso e significativo. A cabeza e os ollos xiran cara ao estímulo. Habería unha activación, con cambios no ritmo respiratorio, máis circulación cerebral e inhibición do ritmo alfa no EEG, diante dun estímulo potencialmente ameazante, producíndose unha relaxación cando se comproba a inocuidade do estímulo. Nesta resposta organizada interveñen moitas modalidades sensoriais e diversos sistemas (hormonal, vascular, muscular, movemento ocular, visceral, sistema nervioso), o organismo cesa de inmediato a súa rutina para centrar a atención nun estímulo novo ou rechamante, a conduta conxélase, os sentidos reorientanse e a activación aumenta. Son estes fenómenos os que se rexistran nos estudos de investigación básica. O seu papel no procesamento de recordos traumáticos basearíase no principio de exclusión (Anokin, 1965), segundo o cal calquera actividade holística suprime outras, co que o organis-

mo non pode atender dúas actividades complexas. Deste modo, a resposta condicionada ante o estímulo (traumático) suprímese (Lynn, 1966). No TEPT, a vítima do trauma pode buscar, focalizarse e reaccionar en exceso a claves remotamente relacionadas co perigo ou coa situación traumática. A resposta de orientación sería ríxida, non flexible e adecuada ao contexto.

Con movementos oculares activaríase o reflexo de orientación nun contexto seguro, producíndose unha resposta visceral positiva, ao igual que ocorre cando o suxeito comproba que o estímulo non é unha ameaza.

A relación do reflexo de orientación co tratamento con EMDR propúxose desde tres modelos: o modelo cognitivo da resposta de orientación (Andrade et al., 1997; Lipke, 1999), o modelo neurobiolóxico (Bergmann, 2000; Servan-Schreiber, 2000; Stickgold, 2002) e o modelo condutual (Armstrong & Vaughan, 1996; MacCulloch & Feldman, 1996). O efecto sobre a memoria traumática produciríase segundo algúns autores (Schubert et al., 2011) debido a que o reflexo de orientación é un reflexo investigador que ten como resultado unha resposta básica de relaxación. Tamén se suxeriu que o inicio dunha resposta de orientación altera a rede de memoria traumática, interrompendo asociacións previas con emocións negativas, e permitindo a integración de nova información. Os resultados que demostran unha maior flexibilidade atencional despois de movementos oculares considerárase que avalan a hipótese do reflexo de orientación (Kuiken et al., 2002, 2010). E por último, propúxose tamén que a resposta de orientación induciría mecanismos neurobiolóxicos, que facilitarían a activación de memorias episódicas e a súa integración na memoria cortical semántica (Stickgold, 2002).

### **Movementos oculares e memoria de traballo**

O modelo máis aceptado sobre a memoria de traballo Becker & Morris, 1999; Baddeley, 2003) inclúe un executivo central, que sería un sistema atencional que controla a acción de dous subsistemas. Estes dous subsistemas son a axenda visuoespacial, que almacena información visual e espacial, e o bucle fonolóxico, que

O EFECTO DOS  
 MOVEMENTOS  
 OCULARES EN  
 DIMINUÍR A VIVEZA  
 E O MALESTAR  
 DOS RECORDOS  
 AUTOBIOGRÁFICOS  
 EN ADULTOS SANS  
 FOI COMPROBADO  
 POR NUMEROSOS  
 ESTUDOS

almacena información baseada na fala. Dado que a memoria de traballo ten unha capacidade limitada, propúxose que os movementos oculares compiten con esta limitada capacidade da axenda visuoespacial (Andrade, Kavanagh & Baddeley, 1997) e do executivo central (Gunter & Bodner, 2008).

Para estudar a memoria de traballo analizáronse factores como a viveza da imaxe e a intensidade da emocionalidade asociada ao recordo. O efecto dos movementos oculares en diminuír a viveza e o malestar dos recordos autobiográficos en adultos sans foi comprobado por numerosos estudos: Sharpley et al., 1996; Andrade et al., 1997; Kavanagh et al., 2001; Van den Hout et al., 2001, 2010; Kemps and Tiggemann, 2007; Gunter and Bodner, 2008; Maxfield et al., 2008; Schubert et al., 2011; Hornsveld et al., 2010; Kapoula et al., 2010; Schubert et al., 2011). Isto é así non só respecto aos recordos pasados, senón tamén ás imaxes futuras temidas (Engelhard, Van den Hout, Janssen & Van der Beek, 2010; Engelhard et al., 2011), e prodúcese tanto con recordos positivos coma negativos (Engelhard, Van Uijen & Van den Hout, 2010).

Un efecto semellante viuse con outras actividades que sobrecargan a memoria de traballo, como debuxar unha figura complexa (Gunter & Bodner, 2008), a aritmética mental (Engelhard, Van den Hout & Smeets, 2011; Van den Hout et al., 2010) e verbal (Kemps & Tiggemann, 2007), ou xogar ao tetrís. Non todos estes elementos consumen memoria de traballo na mesma medida e non se demostrou que este tipo de tarefas asociadas ao protocolo de intervención produzan en mostras clínicas resultados equivalentes. Outros estudos ofrecen resultados discordantes. Por exemplo, Lilley et al., 2009, comparando movementos oculares con exposición soa e contar, ven que o segundo non ten efecto na vividez, o que apoiaría que os movementos oculares teñen un efecto específico.

### **Movementos oculares e recuperación de recordos**

Os movementos oculares (MO) parecen producir un efecto na recuperación de recordos. Ademais, os MO favorecen a rememora-

ción de recordos autobiográficos neutrais en adultos sans, tanto no que respecta aos recordos recentes como da infancia (Christman et al., 2003, 2006). Vese que se activan máis memorias autobiográficas por palabras neutrais e emocionais (Parker and Dagnall, 2010). Os individuos recordan máis palabras neutrais (Christman et al., 2003; Lyle et al., 2008a; Parker et al., 2008), máis detalles nunha narrativa dun evento visual (Parker et al., 2009), máis forma de referencia e localización de información (Brunyé et al., 2009). Resulta interesante que os recordos que se potencian ou se traen á conciencia con EMDR parecen ser máis fidedignos. Por exemplo, en comparación cun grupo control, os pacientes recoñecen menos palabras enganosas no paradigma DRM (consistente en dar unha lista de palabras relacionadas cunha lista previa, pero que non estaban propiamente na primeira lista) (Christman et al., 2004; Parker & Dagnall, 2007). Parker, Buckley & Dagnall (2009) ven tamén que os movementos oculares aumentan os recordos auténticos dun evento e a recolección de detalles, diminuindo o efecto da desinformación.

### **Extinción e reconsolidación da memoria traumática**

Algúns autores propuxeron que a terapia EMDR é unha variante da exposición, atopándose evidencia no sentido contrario en diversos traballos (Lee, Taylor & Drummond, 2006; Rogers & Silver, 2002; Rogers et al., 1999). Suzuki et al., 2004, suxiren que a extinción e a reconsolidación da memoria teñen distintas implicacións temporais e bioquímicas. Segundo estes autores, a exposición prolongada formaría unha nova memoria que compite coa orixinal. A reconsolidación usaríase para integrar nova información na memoria a longo prazo, e é deste modo como parece probable que funcione a EMDR, un aspecto que necesita aínda máis soporte empírico.



## EMDR e neuroimaxe

Estudos de neuroimaxe amosan tamén que o volume do hipocampo (implicado nos procesos de memoria e diminuído no TEPT), aumenta despois do tratamento con EMDR (Bossini et al., 2007; Bossini et al., 2011; Kevin, Lazrove & Van der Kolk, 1999). Outra área relacionada co hipocampo e coa amígdala, a atención, o procesamento da información e a resposta da alerta, é o córtex prefrontal, cunha actividade que se modifica tras EMDR (Propper et al., 2007; Othani et al., 2009; El Khoury-Malhame et al., 2011; Oh & Choi, 2007; Lansing et al., 2005; Pagani et al., 2011). Hai numerosos estudos de neuroimaxe do tratamento con EMDR ou os movementos oculares (SPECT: Pagani et al., 2007; Oh et al., 2007; Lansing et al., 2005; Lenvin et al., 1999; FRM: Nardo et al., 2010; Richardson et al., 2009; Bossini et al., 2007; NIRS: Othani et al., 2009 e EEG: Pagani et al., 2011; Pagani et al., 2011; Harper et al., 2009; Lamprecht, 2004; Propper et al., 2007)

## EMDR e sono REM

A relación entre EMDR e sono REM resulta especialmente interesante, sendo Stickgold (2008) o seu principal defensor. Stickgold propón que o sono REM está implicado no proceso de consolidación da memoria. Extraería o esencial dunha experiencia, descubriría patróns e secuencias atopando relacións ocultas entre recordos e resolvería problemas nos que estivemos a traballar durante o día. Promovería tamén o *insight*: nos individuos que puideron soñar, as asociacións son máis xerais, o cerebro está procesando a información como un todo, a múltiples niveis. O sono REM estaría segundo este autor directamente relacionado coas funcións mnésicas, estabilizando, potenciando e integrando novas memorias, integrando recordos actuais con outros máis antigos, e imaxinando posibles futuros baseándose nisto. Pero esta relación vai máis alá do procesamento de información, asociándose tamén ás funcións máis globais como o dotar de significado as experiencias. O sono parece reforzar sobre todo a memoria con compoñentes emocionais (Payne, Stickgold, Swanberg & Kensinger, 2008).

É POSIBLE QUE  
A FUNCIÓN DOS  
MOVEMENTOS  
OCULARES GARDE  
RELACIÓN CON  
FENÓMENOS  
NEUROBIOLÓXICOS  
AÍNDA NON BEN  
COÑECIDOS

O sono REM parece ter tamén un papel na neuroxénese, estimulando as conexións neurais en acabados de nacer. Se hai deprivación do sono, hai diminución de masa cerebral e aumento da morte neuronal. Dado que hoxe sabemos que a plasticidade neuronal non desaparece no adulto, a fase REM seguiría probablemente implicada na neuroxénese.

Aínda que esta hipótese sobre o sono REM non é compartida por todos os autores, o certo é que algunhas das funcións propostas por Stickgold para o sono REM pódense observar nos pacientes que reciben EMDR, aínda que estes aspectos (frecuentes *insights*, conexión de eventos actuais e pasados, dotación de significado, potenciación da creatividade) non foron cuantificados axeitadamente ata a data, xa que os estudos están máis centrados nos síntomas clínicos do TEPT ou da patoloxía específica que está a ser estudada.

Diversos autores sinalaron a posible conexión entre sono REM e a EMDR (Stickgold 2002, 2008; Christman et al., 2003; Kuiken et al., 2001, 2002). Parece lóxico pensar que os movementos oculares non persistiron nas especies superiores sen ningún motivo, tendo en conta ademais que o sono REM é máis rudimentario en especies inferiores, e máis elaborado e presente en homínidos. É posible que a función dos movementos oculares garde relación con fenómenos neurobiolóxicos aínda non ben coñecidos, e dos que os modelos de funcionamento cerebral, tendentes á comprensión de funcións discretas máis que holísticas (moito máis complexas e difíciles de cuantificar). Diversos autores sinalan como, máis alá de afectacións circunscritas, no TEPT simple e complexo se ven afectadas as áreas integradoras cerebrais e a actividade global (Lanius 2008). O cambio con EMDR non parece tampouco restrinxido a unha función psíquica (Nardo et al., 2010). Áreas como o cingulado posterior, o parahipocampo e a illa relacionáronse co TEPT e a súa actividade vese modificada con EMDR. Estas rexións están implicadas na integración, na codificación e na recuperación das memorias autobiográficas, o procesamento emocional (condicionamento clásico, avaliación cognitiva, experimentación de estados emocionais), percepción interoceptiva e experiencia consciente autorreferida. Pagani et al., 2011, nun estudo con EEG analizando a terapia EMDR (non

UN ASPECTO  
FUNDAMENTAL A  
TER EN CONTA É O  
GRAN SALTO QUE  
HAI ENTRE A  
INVESTIGACIÓN  
BÁSICA E O  
TRABALLO CLÍNICO

movimentos oculares illados) comproba que se produce unha activación de redes corticais e de funcións cognitivas que coordinan funcións neurais distribuídas: atención dependente da selección de estímulo, memoria de traballo e consciencia, que se potencia enormemente na segunda sesión respecto á primeira.

### Discusión

EMDR é unha terapia en desenvolvemento, e malia o amplo aval empírico da súa eficacia, o seu modelo teórico aínda está medrando e retroalimentándose con base nos resultados da investigación recente e na experiencia clínica. A evolución desta abordaxe psicoterapéutica, que se xera nun descubrimento casual (serendipity) para ir despois explorando as súas bases neurobiolóxicas, favorece que os modelos teóricos teñan aínda un carácter tentativo e provisional.

Malia que o volume de traballos que analizan o efecto dos movementos oculares é grande, moitos destes estudos empregan mostras pequenas ou carecen dun deseño afinado. Para poder enunciación conclusións máis definitivas, precisaríanse algúns estudos máis con mostras amplas e cun deseño que tomara nota da debilidade das investigacións previas. Estes estudos están desenvolvéndose e probablemente nos vindeiros anos, o modelo irase perfilando e definindo.

Un aspecto fundamental a ter en conta é o gran salto que hai entre a investigación básica e o traballo clínico. Moitos estudos sobre movementos oculares desenvólvense en laboratorio, analizando un elemento illado do procedemento EMDR, nun contexto moi diferente do da terapia, e en ocasións con mostras non clínicas. Numerosos factores poden influír nestes resultados, e trasladalos de modo directo ao efecto do tratamento dunha patoloxía mental pode levar a numerosos erros. O que se describe neste artigo ten que entenderse como unha reflexión aberta sobre a evidencia recente e o traballo con EMDR, percorrendo as distintas áreas que teñen relación cos procesos de memoria.

## Conclusións

EMDR e memoria parecen estar estreitamente conectados. Os efectos da terapia EMDR poden entenderse parcialmente a través das teorías sobre a memoria, tendo en conta conceptos como as redes de memoria, as diferenzas entre a memoria traumática e a ordinaria, a memoria de traballo e a memoria a longo prazo. Pero a perspectiva que a EMDR achega sobre os procesos de memoria ábreunos tamén a posibilidade de entender aspectos sobre o funcionamento cerebral para os que quizais de momento non teñamos máis que unhas poucas pezas do quebracabezas. Como na historia dos científicos que observaban un elefante, quizais moitas das evidencias das que dispoñemos ata a data só poderán entenderse cando dispoñamos dun marco teórico máis global onde integralas.

## Referencias bibliográficas

- Abbasnejad, M. Mahani, K. N. e Zamyad, A. (2007). Efficacy of «eye movement desensitization and reprocessing» in reducing anxiety and unpleasant feelings due to earthquake experience. *Psychological Research*, 9 (3-4), 104-117.
- American Psychiatric Association Board of Trustees (1993). *Statement on Memories of Sexual Abuse*. Washington. DC: American Psychiatric Association.
- Andrade, J., Kavanagh, D. e Baddeley, A. (1997). Eye movement and visual imagery: A working memory approach to the treatment of post-traumatic stress disorder. *British Journal of Clinical Psychology*, 36, 209-223.
- Anokhin, P.K. (1965). The role of the orienting-exploratory reaction in the formation of the conditioned reflex. En *Russian monographs on brain and behavior*, 3. *Orienting reflex and exploratory behavior*. Washington: American Institute of Biological Sciences.
- Atkinson, R.C. e Shiffrin, R.M. (1968). Human memory: A proposed system and its control processes. En Spence, K.W. e Spence, J.T. (Eds.), *The psychology of learning and motivation* (pp. 89-195). New York: Academic Press.
- Armstrong, N. e Vaughan, K. (1996). An orienting response model of eye movement desensitization. *Journal of Behavior Therapy and Experimental Psychiatry*, 27, 21-32.

- Baddeley, A. (2003). Working memory: looking back and looking forward. *Nature Reviews. Neuroscience*, 4(10), 829-839.
- Barrowcliff, A.L., Gray, N.S., MacCulloch, S., Freeman, T.C.A. e Mac-Culloch, M.J. (2003). Horizontal rhythmical eye-movements consistently diminish the arousal provoked by auditory stimuli. *British Journal of Clinical Psychology*, 42, 289-302.
- Barrowcliff, A.L., Gray, N.S., Freeman, T.C.A. e Mac-Culloch, M.J. (2004). Eye-movements reduce the vividness, emotional valence and electrodermal arousal associated with negative autobiographical memories. *Journal of Forensic Psychiatry and Psychology*, 15, 325-345.
- Becker, J.T. e Morris, R.G. (1999). Working Memory. *Brain and Cognition*, 41, 1-8.
- Bergmann, U. (2000). Further thoughts on the neurobiology of EMDR: The role of the cerebellum in accelerated information processing. *Traumatology*, 6(3), 175-200.
- Bisson, J. e Andrew, M. (2007). *Psychological treatment of post-traumatic stress disorder (PTSD)*. Cochrane Database of Systematic Reviews 7, Issue 3. Art. No: CD003388.
- Bleich, A., Kotler, M., Kutz, I. e Shalev, A. (2002). *A position paper of the (Israeli) National Council for Mental Health: Guidelines for the assessment and professional intervention with terror victims in the hospital and in the community*. Jerusalem: Israeli National Council for Mental Health.
- Bossini L., Fagiolini, A. e Castrogiovanni, P. (2007). Neuroanatomical changes after EMDR in posttraumatic stress disorder. *Journal of Neuropsychiatry and Clinical Neuroscience*, 19, 457-458.
- Bossini L., Tavanti M., Calossi S., Polizzotto NR., Vatti G., Marino D. e Castrogiovanni P. (2011). EMDR treatment for posttraumatic stress disorder, with focus on hippocampal volumes: a pilot study. *Journal of Neuropsychiatry & Clinical Neurosciences*, 23(2), 1-2.
- Bradley, R., Greene, J., Russ, E., Dutra, L. e Westen, D. (2005). A multidimensional meta-analysis of psychotherapy for PTSD. *American Journal of Psychiatry*, 162, 214-227.
- Brunyé, T. T., Mahoney, C. R., Augustyn, J. S. e Taylor, H. A. (2009). Horizontal saccadic eye movements enhance the retrieval of landmark shape and location information. *Brain and Cognition*, 70, 279-288.
- Carlson, J., Chemtob, C.M., Rusnak, K., Hedlund, N.L y Muraoka, M.Y. (1998). Eye movement desensitization and reprocessing (EMDR):

- Treatment for combat-related post-traumatic stress disorder. *Journal of Traumatic Stress*, 11, 3-24.
- Chambless, D.L. et al. (1998). Update of empirically validated therapies, II. *Clinical Psychologist*, 51, 3-16.
- Chemtob, C.M., Nakashima, J. e Carlson, J.G. (2002). Brief-treatment for elementary school children with disaster-related PTSD: A field study. *Journal of Clinical Psychology*, 58, 99-112.
- Christman, S.D., Garvey, K.J., Propper, R.E. e Phaneuf, K.A. (2003). Bilateral eye movements enhance the retrieval of episodic memories. *Neuropsychology*, 17(2), 221-229.
- Christman, S.D., Propper, R.E. e Dion, A. (2004). Increased interhemispheric interaction is associated with decreased false memories in a verbal converging semantic associated paradigm. *Brain and Cognition*, 56, 313-319.
- Christman, S.D., Propper, R.E. e Brown, T.J. (2006). Increased interhemispheric interaction is associated with earlier offset of childhood amnesia. *Neuropsychology*, 20(3), 336-345.
- CREST (2003). *The management of post traumatic stress disorder in adults*. Belfast: Clinical Resource Efficiency Support Team of the Northern Ireland Department of Health, Social Services and Public Safety.
- Cvtek, R. (2008). EMDR treatment of distressful experiences that fail to meet the criteria for PTSD. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2, 2-14.
- Davidson, P.R. e Parker, K.C.H. (2001). Eye movement desensitization and reprocessing (EMDR): A metaanalysis. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 69, 305-316.
- Department of Veterans Affairs & Department of Defense (2004). *Clinical Practice Guideline for the Management Of Post-Traumatic Stress*. Washington, DC: Veterans Health Administration, Department of Veterans Affairs and Health Affairs, Department of Defense.
- El Khoury-Malhame, M., Lanteaume, L., Beetz, E., Roques, J., Reynaud, E., Samuelian, J.C., Blin, O., Garcia, R. e Khalfa, S. (2011). Attentional bias in post-traumatic stress disorder diminishes after symptom amelioration. *Behaviour Research and Therapy*, 49, 796-801.
- Elofsson, U.O.E., Von Scheele, B., Theorell, T. e Sondergaard, H.P. (2008). Physiological correlates of eye movement desensitization and reprocessing. *Journal of Anxiety Disorders*, 22, 622-634.

- Engelhard, I.M., et al. (2011). Reducing vividness and emotional intensity of recurrent «flashforwards» by taxing working memory: An analogue study. *Journal of Anxiety Disorders*, 25, 599-603.
- Engelhard, I.M., Van den Hout, M.A., Janssen, W.C. e Van der Beek, J. (2010). Eye movements reduce vividness and emotionality of “flashforwards”. *Behaviour Research and Therapy*, 48, 442-447.
- Engelhard, I.M., Van Uijen, S.L. e Van den Hout, M.A. (2010). The impact of taxing working memory on negative and positive memories. *European Journal of Psychotraumatology*, 1, 5623-5631.
- Engelhard, I.M., van den Hout, M.A. e Smeets, M. A. (2011). Taxing working memory reduces vividness and emotional intensity of images about the Queen's Day tragedy. *Journal of Behavior Therapy and Experimental Psychiatry*, 42(1), 32-37.
- Foa, E.B., Keane, T.M. e Friedman, M.J. (2000). *Effective treatments for PTSD: Practice Guidelines of the International Society for Traumatic Stress Studies*. New York: Guilford Press.
- Gunter, R.W. e Bodner, G.E. (2008). How eye movements affect unpleasant memories: Support for a working-memory account. *Behaviour Research and Therapy*, 46, 913-931.
- Harper, M. L., Rasolkhani-Kalhorn, T. e Drozd, J. F. (2009). On the neural basis of EMDR therapy: Insights from qeeg studies. *Traumatology*, 15, 81-95.
- Hogberg, G. et al., (2007). On treatment with eye movement desensitization and reprocessing of chronic posttraumatic stress disorder in public transportation workers: A randomized controlled study. *Nordic Journal of Psychiatry*, 61, 54-61.
- Hogberg, G. et al., (2008). Treatment of post-traumatic stress disorder with eye movement desensitization and reprocessing: Outcome is stable in 35-month follow-up. *Psychiatry Res*, 159, 101-108.
- Hornsveld, H.K., Landwehr, F., Stein, W., Stomp, M., Smeets, S. e Van den Hout, M.A. (2010). Emotionality of loss-related memories is reduced after recall plus eye movements but not after recall plus music or recall only. *Journal of EMDR Practice and Research*, 4, 106-112.
- INSERM (2004). *Psychotherapy: An evaluation of three approaches*. Paris: French National Institute of Health and Medical Research.
- Ironson, G.I., Freund, B., Strauss, J.L. e Williams, J. (2002). Comparison of two treatments for traumatic stress: A community-based study of EMDR and prolonged exposure. *Journal of Clinical Psychology*, 58, 113-128.

- Kapoula, Z., Yang, Q., Bonnet, A., Bourtoire, P. e Sandretto, J. (2010). EMDR Effects on Pursuit Eye Movements. *PLoS ONE*, 5(5), e10762.
- Kavanagh, D.J., Freese, S., Andrade, J. e May, J. (2001). Effects of visuospatial tasks on desensitization to emotive memories. *British Journal of Clinical Psychology*, 40, 267-280.
- Kemps, E. e Tiggemann, M. (2007a). Reducing the vividness and emotional impact of distressing autobiographical memories: The importance of modality-specific interference. *Memory*, 15(4), 412-422.
- Levin, P., Lazrove, S. e Van der Kolk, B. A. (1999). What psychological testing and neuroimaging tell us about the treatment of posttraumatic stress disorder (PTSD) by eye movement desensitization and reprocessing (EMDR). *Journal of Anxiety Disorders*, 13, 159-172.
- Kuiken, D., Bears, M., Miall, D. e Smith, L. (2002). Eye movement desensitization reprocessing facilitates attentional orienting. *Imagination, Cognition and Personality*, 21, 3-20.
- Kuiken, D., Chudleigh, M. e Racher, D. (2010). Bilateral eye movements, attentional flexibility and metaphor comprehension: The substrate of REM dreaming? *Dreaming*, 20, 227-247.
- Kuiken, D., Bears, M., Miall, D. e Smith, L. (2002). Eye movement desensitization reprocessing facilitates attentional orienting. *Imagination, Cognition and Personality*, 21, 3-20.
- Lamprecht, F., Kohnke, C., Lempa, W., Sack, M., Matzke, M. e Munte, T. (2004). Event-related potentials and EMDR treatment of post-traumatic stress disorder. *Neuroscience Research*, 49, 267-272.
- Lansing, K., Amen, D.G., Hanks, C. e Rudy, L. (2005). High resolution brain SPECT imaging and EMDR in police officers with PTSD. *Journal of Neuropsychiatry and Clinical Neurosciences*, 17, 526-532.
- LeDoux, J.E. (1992). Emotion and the Amygdala. En Aggleton, J.P. (Ed.), *The Amygdala: Neurobiological Aspects of Emotion, Memory and Mental Dysfunction* (pp. 339-351). New York: Wiley-Liss.
- Lee, C., Gavriel, H., Drummond, P., Richards, J. e Greenwald, R. (2002). Treatment of post-traumatic stress disorder: A comparison of stress inoculation training with prolonged exposure and eye movement desensitization and reprocessing. *Journal of Clinical Psychology*, 58, 1071-1089.
- Lee, C.W., Taylor, G. e Drummond, P.D. (2006). The active ingredient in EMDR: Is it traditional exposure or dual focus of attention? *Clinical Psychology and Psychotherapy*, 13, 97-107.



- Levin, P., Lazrove, S. e Van der Kolk, B.A. (1999). What psychological testing and neuroimaging tell us about the treatment of posttraumatic stress disorder (PTSD) by eye movement desensitization and re-processing (EMDR). *Journal of Anxiety Disorders*, 13, 159-172.
- Lilley, S.A., Andrade, J., Graham Turpin, G., Sabin-Farrell, R. e Holmes, E.A. (2009). Visuospatial working memory interference with recollections of trauma. *British Journal of Clinical Psychology*, 48, 309-321.
- Lipke, H. (1999). Comments on «Thirty years of behavior therapy... and the promise of the application of scientific principles». *The Behavior Therapist*, 22, 11-14.
- Lyle, K.B., Logan, J.M. e Roediger, H.L. (2008). Eye movements enhance memory for individuals who are strongly right-handed and harm it for individuals who are not. *Psychonomic Bulletin & Review*, 15(3), 515-520.
- Lynn, R. (1966). *Attention, arousal and the orientation reaction*. Oxford: Pergamon Press.
- Mac-Culloch, M.J. e Feldman, P. (1996). Eye movement desensitization treatment utilizes the positive visceral element of the investigatory reflex to inhibit the memories of post-traumatic stress disorder: A theoretical analysis. *British Journal of Psychiatry*, 169, 571-579.
- Marcus, S., Marquis, P. e Sakai, C. (1997). Controlled study of treatment of PTSD using EMDR in an HMO setting. *Psychotherapy*, 34, 307-315.
- Marcus, S., Marquis, P. e Sakai, C. (2004). Three- and 6-month follow-up of EMDR treatment of PTSD in an HMO setting. *International Journal of Stress Management*, 11, 195-208.
- Maxfield, L., Melnyk, W.T. e Hayman, C.A.G. (2008). A working memory explanation for the effects of eye movements in EMDR. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2, 247-261.
- Maxfield, L. e Hyer, L.A. (2002). The relationship between efficacy and methodology in studies investigating EMDR treatment of PTSD. *Journal of Clinical Psychology*, 58, 23-41.
- McGaugh, J.L., Introini-Collison, L.B., Cahill, L.F., Castellano, C., Dalmaz, G., Parent, M.B. e Williams, C.L. (1993). Neuromodulatory systems and memory storage: Role of the amygdala. *Behavioural Brain Research*, 58(1), 81-90.
- McNally, R. (2004). Is Traumatic Amnesia Nothing but Psychiatric Folklore? *Cognitive behaviour therapy*, 33(2), 97-101

- Nardo, D., Hogberg, G., Looi, J. C., Larsson, S., Hallstrom, T. e Pagani, M. (2010, May). Gray matter density in limbic and paralimbic cortices is associated with trauma load and EMDR outcome in PTSD patients. *Journal of Psychiatric Research*, 44(7), 477-485.
- National Institute for Clinical Excellence (2005). *Post traumatic stress disorder (PTSD): The management of adults and children in primary and secondary care*. London: NICE Guidelines.
- Oh, D.H. e Choi, J. (2007). Changes in the regional cerebral perfusion after eye movement desensitization and reprocessing: A SPECT study of two cases. *Journal of EMDR Practice and Research*, 1(1), 24-30.
- Ohtani, T., Matsuo, K., Kasai, K., Kato, T. e Kato, N. (2009). Hemodynamic responses of eye movement desensitization and reprocessing in posttraumatic stress disorder. *Neuroscience Research*, 65, 375-383.
- Pagani, M. et al. (2007). Effects of EMDR psychotherapy on 99mTc-HMPAO distribution in occupation-related post-traumatic stress disorder. *Nuclear Medicine Communications*, 28, 757-765.
- Pagani, M., Di Lorenzo, G., Vernardo, A., Lauretti, G., Russo, R., Monaco, L.; Cogolo, P., Nicolais, G. y Fernández, I. (2011). Pre intra and post-treatment EEG imaging of EMDR preliminary results from 9 cases. *Journal of EMDR Practice & Research*, 5, 1-14.
- Parker, A. e Dagnall, N. (2007). Effects of bilateral eye movements on gist based false recognition in the DRM paradigm. *Brain and Cognition*, 63, 221-225.
- Parker, A., e Dagnall, N. (2010). Effects of handedness and saccadic bilateral eye movements on components of autobiographical recollection. *Brain and Cognition*, 73, 93-101.
- Parker, A., Buckley, S. e Dagnall, N. (2009). Reduced misinformation effects following saccadic bilateral eye movements. *Brain and Cognition*, 69, 89-97.
- Parker, A., Relph, S. e Dagnall, N. (2008). Effects of bilateral eye movements on the retrieval of item, associative, and contextual information. *Neuropsychology*, 1, 136-145.
- Payne, J.D., Stickgold, R., Swanberg, K. e Kensinger, E.A. (2008). Sleep Preferentially Enhances Memory for Emotional Components of Scenes. *Psychological Science*, 19(8), 781-788.
- Pitman, R.K. (1989). Post-traumatic stress disorder, hormones and memory. *Biological Psychiatry*, 26, 221-223.
- Power, K.G., McGoldrick, T., Brown, K., et al. (2002). A controlled comparison of eye movement desensitization and reprocessing versus

- exposure plus cognitive restructuring, versus waiting list in the treatment of posttraumatic stress disorder. *Journal of Clinical Psychology and Psychotherapy*, 9, 299-318.
- Propper, R., Pierce, J.P., Geisler, M.W., Christman, S.D. e Bellorado, N. (2007). Effect of bilateral eye movements on frontal interhemispheric gamma EEG coherence: Implications for EMDR therapy. *Journal of Nervous and Mental Disease*, 195, 785-788.
- Richardson, R., Williams, S.R., Hepenstall, S., Gregory, L., McKie, S. e Corrigan, F. (2009). A single-case fMRI study EMDR treatment of a patient with posttraumatic stress disorder. *Journal of EMDR Practice and Research*, 3, 10-23.
- Rogers, S. e Silver, S.M. (2002). Is EMDR an exposure therapy? A review of trauma protocols. *Journal of Clinical Psychology*, 58, 43-59.
- Rogers, S., Silver, S., Goss, J., Obenchain, J., Willis, A. e Whitney, R. (1999). A single session, controlled group study of flooding and eye movement desensitization and reprocessing in treating posttraumatic stress disorder among Vietnam war veterans: Preliminary data. *Journal of anxiety disorders*, 13(1), 119-130.
- Sack, M., Hofmann, A., Wizelman, L. y Lempa, W. (2008). Psychophysiological changes during EMDR and treatment outcome. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2, 239-246.
- Sack, M., Lempa, W. Steinmetz, A., Lamprecht, F. e Hofmann, A. (2008). Alterations in autonomic tone during trauma exposure using eye movement desensitization and reprocessing (EMDR) - results of a preliminary investigation. *Journal of Anxiety Disorders*, 22, 1264-1271.
- Sack, M., Lempa, W. e Lamprecht, W. (2007). Assessment of psychophysiological stress reactions during a traumatic reminder in patients treated with EMDR. *Journal of EMDR Practice and Research*, 1, 15-23.
- Samara, Z., Elzinga, M., Slagter, H. e Nieuwenhuis, S. (2011). Do horizontal saccadic eye movements increase interhemispheric coherence? Investigation of a hypothesized neural mechanism underlying EMDR. *Frontiers in Psychiatry*, 2(4), 1-9.
- Scaer, R.C. (2001). *The body bears the burden. Trauma, dissociation and disease*. New York: The Haworth Medical Press.
- Scheck, M., Schaeffer, J.A. e Gillette, C. (1998). Brief psychological intervention with traumatized young women: The efficacy of eye movement desensitization and reprocessing. *Journal of Traumatic Stress*, 11, 25-44.

- Schubert, S.J., Lee, C.W. e Drummond, P.D. (2011). The efficacy and psychophysiological correlates of dual-attention tasks in eye movement desensitization and reprocessing (EMDR). *Journal of Anxiety Disorders*, 25, 1-11.
- Seidler, G.H. e Wagner, F.E. (2006). Comparing the efficacy of EMDR and trauma-focused cognitive-behavioral therapy in the treatment of PTSD: A meta-analytic study. *Psychological Medicine*, 36, 1515-1522.
- Servan-Schreiber, D. (2000). Eye movement desensitization and reprocessing: Is psychiatry missing the point? *Psychiatric Times*, 17, 36-40.
- Shapiro, F. (1989). Efficacy of the eye movement desensitization procedure in the treatment of traumatic memories. *Journal of Traumatic Stress Studies*, 2, 199-223.
- Shapiro, F. (1995). *Eye movement desensitization and reprocessing: Basic principles, protocols, and procedures*. New York: Guilford Press.
- Shapiro, F. (2001). *Eye movement desensitization and reprocessing: Basic principles, protocols, and procedures* (2ª ed.). New York: Guilford Press.
- Shapiro, F. (2007). EMDR and case conceptualization from an adaptive information processing perspective. En F. Shapiro, F. Kaslow e L. Maxfield (Eds.), *Handbook of EMDR and family therapy processes* (pp. 3-36). New York: Wiley.
- Sharpley, C.F., Montgomery, I.M. e Scalzo, L.A. (1996). Comparative efficacy of EMDR and alternative procedures in reducing the vividness of mental images. *Cognitive Behaviour Therapy*, 25(1), 37-42.
- Siegel, D.J. (2002). The developing mind and the resolution of trauma: Some ideas about information processing and an interpersonal neurobiology of psychotherapy. En F. Shapiro (Ed.), *EMDR as an integrative psychotherapy approach: Experts of diverse orientations explore the paradigm prism* (pp. 85-122). Washington, DC: American Psychological Association Press.
- Stickgold, R. (2008). Sleep-dependent memory processing and EMDR action. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2, 289-299.
- Soberman, G.B., Greenwald, R. y Rule, D.L. (2002). A controlled study of eye movement desensitization and reprocessing (EMDR) for boys with conduct problems. *Journal of Aggression, Maltreatment, and Trauma*, 6, 217-236.
- Sokolov, Y.N. (1963). *Perception and the Conditioned Reflex*. Oxford: Pergamon Press.

- Solomon, R. e Shapiro, F. (2008). EMDR and the Adaptive Information Processing Model. Potential Mechanisms of Change. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2(4), 315-325.
- Stickgold, R. (2002). EMDR: A putative neurobiological mechanism of action. *Journal of clinical psychology*, 58(1), 61-75.
- Suzuki, A., et al. (2004). Memory reconsolidation and extinction have distinct temporal and biochemical signatures. *Journal of Neuroscience*, 24, 4787-4795.
- Taylor, S. et al. (2003). Comparative efficacy, speed, and adverse effects of three PTSD treatments: Exposure therapy, EMDR, and relaxation training. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 71, 330-338.
- Teicher, M.H., Andersen, S.L., Polcari, A., Anderson, C.M. e Navalta, C.P. (2002). Developmental neurobiology of childhood stress and trauma. *Psychiatric Clinics of North America*, 25(2), 397-426.
- Terr, L. (1988). What happens to memories of early childhood trauma? *Journal of the American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, 27, 96-104.
- Terr, L. (1991). Childhood traumas: An outline and overview. *American Journal of Psychiatry*, 156(10), 1536-1544.
- Van den Hout, M., Muris, P., Salemink, E. e Kindt, M. (2001). Autobiographical memories become less vivid and emotional after eye movements. *British Journal of Clinical Psychology*, 40, 121-130.
- Van den Hout, M., Engelhard, I.M., Smeets, M.A.M., Hornsveld, H., Hoogeveen, E., de Heer, E., et al. (2010). Counting during recall: Taxing of working memory and reduced vividness and emotionality of negative memories. *Applied Cognitive Psychology*, 24, 303-311.
- Van der Kolk, B.A. (2002). Beyond the talking cure: Somatic experience and subcortical imprints in the treatment of trauma. En F. Shapiro (Ed.), *EMDR as an integrative psychotherapy approach: Experts of diverse orientations explore the paradigm prism* (pp. 57-84). Washington, DC: APA Press.
- Van der Kolk, B.A. (1994). The body keeps the score: Memory and the evolving psychobiology of post-traumatic stress. *Harvard Review of Psychiatry*, 1, 253-265.
- Van der Kolk, B.A. e Ducey, C.P. (1989). The psychological processing of traumatic experience: Rorschach patterns in PTSD. *Journal of Traumatic Stress*, 2, 259-274.

- Van der Kolk, B.A. e Van der Hart, O. (1991). The intrusive past: The flexibility of memory and the engraving of trauma. *American Imago*, 48, 425-454.
- Van der Kolk, B.A., Roth, S., Pelcovitz, D., Sunday, S. e Spinazzola, J. (2005). Disorders of Extreme Stress: The Empirical Foundation of a Complex Adaptation to Trauma. *Journal of Traumatic Stress*, 18(5), 389-399.
- Van der Kolk, B.A., Spinazzola, J., Blaustein, M.E., Hopper, J.W., Hopper, E.K., Korn, D.L. e Simpson, W.B. (2007). A randomized clinical trial of eye movement desensitization and reprocessing (EMDR), fluoxetine, and pill placebo in the treatment of posttraumatic stress disorder: treatment effects and long-term maintenance. *Journal of Clinical Psychiatry*, 68(1), 37-47.
- Van Etten, M. e Taylor, S. (1998). Comparative efficacy of treatments for posttraumatic stress disorder: A metaanalysis. *Clinical Psychology and Psychotherapy*, 5, 126-144.
- Vaughan, K., Armstrong, M.F., Gold, R., O'Connor, N., Jenneke, W. e Tarrier, N. (1994). A trial of eye movement desensitization compared to image habituation training and applied muscle relaxation in post-traumatic stress disorder. *Journal of Behavior Therapy & Experimental Psychiatry*, 25, 283-291.
- Wanders, F., Serra, M. e de Jongh, A. (2008). EMDR Versus CBT for Children With Self-Esteem and Behavioral Problems: A Randomized Controlled Trial. *Journal of EMDR Practice and Research*, 2, 180-189.
- Wilson, D., Silver, S.M., Covi, W. e Foster, S. (1996). Eye movement desensitization and reprocessing: Effectiveness and autonomic correlates. *Journal of Behaviour Therapy and Experimental Psychiatry*, 27, 219-229.
- Wilson, S., Becker, L.A. e Tinker, R.H. (1995). Eye movement desensitization and reprocessing (EMDR): Treatment for psychologically traumatized individuals. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 63, 928-937.
- Wilson, S., Becker, L.A. e Tinker, R.H. (1997). Fifteen-month follow-up of eye movement desensitization and reprocessing (EMDR) treatment of post-traumatic stress disorder and psychological trauma. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 65(6), 1047-1056.

# PASEO POLA MEMORIA

Cadernos de Psicología, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

**José Manuel Pazos Riveiro**

Psicólogo educativo.

NO ACTO DA  
MEMORIA  
DESENVÓLVESE  
UNHA AUTÉNTICA  
BATALLA ENTRE O  
NOVO E O VELLO,  
ENTRE O DADO  
NO PRESENTE E O  
XA POSUÍDO NA  
EXPERIENCIA E NO  
COÑECIMENTO DO  
SUXEITO

## Resumo

Os que xa nin peiteamos canas fomos asistindo, ao longo da nosa vida de profesión, a sucesivos movementos e transformacións dos modelos de aprendizaxe froito de avances ou retrocesos, que de todo hai, nas formas de entender e saber sobre a nosa memoria.

## Introdución

*Considerar, analizar e estudar os procesos psicolóxicos básicos por separado non deixa de ser un artificio didáctico* (Boggino, 2001). As operacións de memoria non se poden separar das da comprensión ou do coñecemento. Cómpre estar advertido e ter moi presente esta admonición. Por moito que nestes derradeiros tempos, algúns/as autores/as atribúan unha estrutura anatómica aos sistemas de memoria, (Ballesteros, 2010).

«A memoria refírese aos procesos de adquisición, retención e recuperación da información, pero a súa virtualidade e potencia non fica na simple conservación do adquirido nin no rememoro dun contido análogo.»

No acto da memoria desenvólvese unha auténtica batalla entre o novo e o vello, entre o dado no presente e o xa posuído na experiencia e no coñecemento do suxeito. Un proceso de asimilación dos novos significados a esquemas e estruturas previas. Estes aparecen como instrumentos de organización das lembranzas e actúan reasignando unha nova significación aos coñecementos do suxeito. Neste xogo de memoria, aprendizaxe e intelixencia, a construción do coñecemento consiste nunha reorganización do recordo que, ao tempo e progresivamente, permanece e muda, gañando novas interpretacións, adscribíndose a novos esquemas e incardinándose en estruturas máis amplas.

Na aprendizaxe xenuína están implicados distintos procesos que outorgan, reteñen, reelaboran e evocan significados. Pero nin sequera esta evocación pode ser a mesma dun intre a outro. Cada proceso ten ocorrido nun intre concreto, de xeito que ningunha lembranza é igual a si mesma. A evocación, a recuperación serán diferentes, segundo o suxeito, dono desas estruturas e esquemas



cognitivos, pase e medre no tempo. Velái o dito de Freud: *construímos do presente ao pasado*.

A *memorización compresiva* é un proceso dinámico: encher de significación os coñecementos previos do suxeito, mediante a incorporación de novos datos.

Abofé que esta introdución é pretenciosa. Se por escura e mal escrita, é responsabilidade miña, se por nos achegar ao balcón do infindo do noso coñecemento, entón acertamos. Van alá millóns de anos empregados na súa, que é a nosa, construción.

### A letra con sangue entra

Veñen de cumprirse setenta e cinco anos. Abriuse a gábea do sangue neste país. Sangue derramado dun millón de mortos. Sangue transterrado ao alén mar. Sangue dorido dos irmáns divididos en roxos e azuis.

De resultas un ensino tenebroso. Aprendizaxe mecánica. Repetición literal. Proclamas, adoutramento. Repetir, memorizar, repetir:

A lista dos reis godos. A dos fillos de Xacob. A táboa do sistema periódico. As potencias da alma. As cotas superiores a mil metros da xeografía española. Os cabos do mundo. Escribir mil veces «no se habla en clase». Escribir cincuenta veces cada teorema da xeometría euclidiana. Memorizar os pecados capitais. Os golfos do mundo. As virtudes cardinais. Os ríos do mundo. As virtudes teolóxicas. Repetir, memorizar, repetir... Exemplos tirados da memoria vivida.

Aniquilada a forza librepensadora e cientificamente anovadora do corpo de mestres da República, entregouse o ensino dos fillos de España «a la unidad de destino en lo universal». Camadas falanxistas que ocuparon a escola e sentaron sobre os libros ardidos. Filtro da limpeza moral e dos bos costumes, malvestidos intelcualmente do Bacharelato Elemental, e dous cursos de Maxisterio.

«Esta nova milicia da cultura, os mestres, deben abxurar e refugar das ideas liberais e rousseaunianas de respecto á conciencia e liberdade do neno. O eixo e éxito de toda a filosofía da educación patriótica é xustamente a contraria».

Pedro Sainz Rodríguez, *ministro de Instrucción Pública do primeiro goberno de Franco*, 1938.

A preocupación educativa do Réxime foi exclusivamente ideolóxica e política. Os instrumentos:

- Ensino relixioso: tridentino e cesaropapista.
- Ensino patriótico: fascistoide, imperialista.
- Ensino cívico: ultraconservador e maniqueo.

«Trátase de facer españois que sintan a nosa historia, non de formar homes que a coñezan plenamente». Para tal conseguir:

- Métodos educativos da «España tradicional».
- Rexeito absoluto das doutrinas pedagóxicas do estranxeiro porque, segundo o B.O.E., son hipócritas, estrañas, exóticas e despóticas.
- Pleno emprego do sistema clásico na tradición española da repetición, para obter a máis grande fixación e solidez dos coñecementos.

Veláí como describe o Libro Blanco da Lei Villar Palasí, 1969, o panorama arrasado durante trinta anos. A educación actual ten dúas vías:

- Nivel económico Alto ou Medio Alto; Escola Primaria, Bacharelato, Universidade.
- Nivel económico Medio e Baixo; Escola Primaria.

O Ensino caracterízase por: rixidez, uniformidade, enciclopedismo. É dogmático, expositivo, moi de cara á ciencia e moi de costas ao alumno. Exemplo da súa eficacia:

- 100 alumnos/as que entran na Ensino Primario, ano 1951.
- Pasan a Bacharelato 27.
- Aproban o Bacharelato Elemental 18.
- Aproban Bacharelato Superior 10.
- Superan a proba de Acceso á Universidade 5.
- Rematan carreira universitaria 3.

Para atallar estes males, esta Lei, Agosto 1970, sanciona, por primeira vez en España, o **dereito á educación** para todos os cidadáns e tamén a flexibilidade e adaptación do ensino ás **caracte-**

POR FAS OU POR NE-  
 FAS, A PSICOLOXÍA  
 TEN ALGO QUE VER  
 NESE INTENTO DE  
 POÑER O SUXEITO  
 NO CENTRO DE  
 ATENCIÓN

**rísticas sociais e persoais** do alumno. É un reflexo dos ventos de cambio que sopran en toda Europa, principiando polas rúas de Santiago nos anos 67/68 que resoan coa esixencia dun ensino científico popular e democrático.

Por fas ou por nefas, a Psicoloxía ten algo que ver nese intento de poñer o suxeito no centro de atención. Piaget, por exemplo, un biólogo que emprega a Psicoloxía como método para estudar como pasamos de estados de pouco coñecemento a estados de coñecemento avanzado, descubre e describe os estadios de desenvolvemento cognitivo desde a infancia á adolescencia. Os mesmos intercambios adaptativos que se producen entre os organismos e o medio a nivel biolóxico teñen lugar no proceso do coñecemento a nivel psicolóxico. O seu desenvolvemento prodúcese por etapas que deben ser percorridas nun orde e temporalidade pautada, que non se poden saltar, baixo pena de dar ao traste con todo o proceso.

Asistimos así á reinstauración da mente e das súas capacidades e operacións no foco da atención da Psicoloxía. A referencia a Jean Piaget está aquí xustificada pola importantísima repercusión que as súas teorías tiveron e seguen a ter no eido da educación, da instrución e da aprendizaxe.

Neste percorrido pola Memoria da memoria imos facer unha paradiña nunha das súas actividades máis características, a memoria e comprensión da linguaxe, exemplo do seu funcionamento plástico, global e interactivo.

### **Memoria e comprensión da linguaxe**

A comprensión da linguaxe é unha tarefa de gran complexidade por mor dos moitos factores que na súa construción interveñen e se influen mutuamente. Poucos, por non dicir ningún outro eido da Psicoloxía, teñen espertado tanto interese desde os seus comezos, pero especialmente, desde eses sesenta do século pasado. *A comprensión da linguaxe, no discurso falado ou no texto escrito, ten como obxectivo e meta, a construción da representación mental do significado; é dicir, supón a transformación de símbolos lingüísticos en mentais, nun percorrido que vai da linguaxe ao pensamento.*

*O punto de partida: series de patróns acústicos ou gráficos. O estado final ou meta: representación mental. Entre un e outro: transformacións e procesos mediadores que interactúan para o seu éxito. Unha mancha de estudosos deste saber coinciden en expresalo así: «comprender un texto, entender o discurso, significa construír un modelo mental situacional que dá conta do que di o texto ou o falante. Nese modelo fúndense o novo que se expresa e o vello e xa coñecido polo suxeito»* (Carpenter e Just, 1987, Johnson-Laird, 1983, Van Dik e Kinstch, 1983, García Madruga e Martín Cordero, 1995).

Estas son as *operacións mentais intermedias* que teñen lugar na comprensión e que, ao tempo, representan distintos niveis de procesamento:

- *Recoñecemento de palabras* codificando os patróns gráficos e/ou acústicos de cada unha delas.
- *Acceso ao dicionario interno* da memoria a longo prazo, MLP, do que extraer o significado das palabras.
- *Análise sintáctica* que indica ou expresa as relacións gramaticais entre as palabras dentro de cada oración.
- *Análise semántica* que infire ou constrúe as relacións de significado dos diferentes compoñentes de cadansúa oración.

Hai que ter moi en conta, advirten e coinciden estes autores, que a elaboración do discurso, a comprensión de textos, *non é un proceso lineal que se desenvolva desde os niveis máis baixos aos máis altos do recoñecemento das palabras á análise semántica. O característico é a interacción de todos os niveis en todas as direccións do procesamento.* E aínda por riba, o carácter *inmediato da actuación*, que busca obter unha interpretación coherente e consistente da entrada da información, tan axiña como sexa posible. *Esa é a razón pola que cada proceso entra en funcionamento aínda que os anteriores non estean finalizados.* Deste modo, procesos superiores, como o da análise semántica, poden vir en axuda e esclarecer relacións gramaticais escuras, o son non percibido da palabra ou a grafía dubidosa, segundo sexa o texto oral ou escrito.

### *A memoria de traballo*

Todo este labor, todos estes procesos e as súas múltiples conexións, son posibles por obra dun sistema ou dun almacén de memoria, a memoria de traballo, que pon á disposición todos os seus recursos e capacidades:

- *o executivo central*, encargado, precisamente de controlar os outros sistemas que traballan á xunta.
- *o bucle fonolóxico*: encargado do procesamento da linguaxe.
- *a axenda viso-espacial* da que depende a construción das imaxes mentais.

O subsistema fonolóxico e a axenda viso-espacial conectan coa MLP, aquel para todo o relacionado coa linguaxe e o seu significado e a outra, para o coñecemento espacial. Para que non se perdan, depositan os seus resultados nunha unidade de almacenamento temporal, *o almacén ou buffer episódico*.

Este é o modelo actualizado da memoria de traballo que propón Baddeley, 2000.

De xeito coherente e cabal, a memoria de traballo vai urdindo e tecendo a información semántica, proporcionada polas sucesivas oracións e partes do discurso, agregando, paseniño, toda esa riqueza, *rematando así a construción do modelo mental*. Fica claro que esta estrutura non é, en absoluto, un depósito de información senón *a fonte dos recursos cognitivos precisos para levar adiante as complexas computacións simbólicas que existe a comprensión do texto*.

Aí Martín Cordero os procesos intermedios. Pero, xa o dicíamos arriba, hai un punto de partida, ou segundo se mire, un campo de traballo a incorporar: o texto.

### *A estrutura do texto*

Cando un lector afronta a lectura, non repetirei máis que o mesmo vale dicir para o discurso oral, vai na procura da construción dunha representación mental do mesmo. Esta representación é produto non só dos coñecementos previos do suxeito, senón tamén das características dos contidos do texto, fundamentalmente, da

súa estrutura. Como veremos, os contidos son indisolubles das formas que adopta na súa presentación.

Calquera teoría que se ocupe da comprensión de textos debe dar conta de como o sistema cognitivo humano é quen de reproducir a estrutura xerárquica do texto, de non facelo así, non é posible a comprensión cabal da mensaxe que o autor trata de transmitir.

O feito experimental básico a este respecto, amosado polos protocolos de recordo libre dos suxeitos, consiste en que a memoria de contidos dun texto depende do nivel no que estes se sitúen dentro da súa estrutura xerárquica. A este fenómeno aplícaselle o nome de «*efecto dos niveis*». Os contidos e ideas máis importantes ocupan unha posición máis alta e serán, probablemente, máis lembrados que aqueloutros de nivel máis baixo. Un psicólogo, Walter Kintsch e un lingüista, Teun Van Dijk, desenvolveron, por estes anos, un modelo prestixiado abondo, no que describen e explican, pormenorizada e cabalmente, como se constrúe un texto.

O lector do texto representa o significado do mesmo mediante a construción dunha **microestrutura**: conxunto de proposicións formadas por un predicado e un ou máis argumentos, conectados entre si mediante a repetición destes.

- *Predicado*: nunha proposición o predicado representa o que se afirma ou nega do suxeito. O predicado máis importante é o que sinala accións do suxeito, o verbo. Pero, tamén pode ser un membro da oración funcionalmente complementario do suxeito, ligado a el por implicación mutua. Estas últimas funcións asúmenas outras partes da oración: adxectivos, adverbios...
- *Argumento*: Elemento que determina o predicado. O suxeito da oración é un dos argumentos determinantes do predicado, verbo; pero tamén o determinan outros argumentos. Así, «Manolo escribe»: argumento, Manolo; predicado escribe. «Manolo escribe cartas»: argumentos, Manolo e cartas.

**Macroestrutura**: a partir da microestrutura o lector/receptor constrúe a representación semántica do significado global do texto tal como se atopa nos protocolos da súa lembranza. A formación da macroestrutura supón que o suxeito acada a coherencia global,

O TEXTO,  
 CALQUERA TEXTO,  
 TODOS OS TEXTOS,  
 VEÑEN PRESENTA-  
 DOS DE FORMAS  
 DISTINTAS, PERO  
 CONSTANTES, SE-  
 GUNDO SEXA  
 O TEMA QUE  
 PRETENDEN DAR  
 A COÑECER

conectando entre si todas as ideas vinculadas pola súa relación co significado do conxunto do texto.

*A macroestrutura está formada polas macroproposicións. Representa o tema ou a idea xeral inferida, creada, polo suxeito mediante o emprego de macroestratexias que aplica a partir do seu saber e da información que lle proporciona o texto. O lector decátase, porque ten coñecementos de seu, de como está construído, organizado, descobre os sinais que se inclúen, os títulos, as frases temáticas, os marcadores retóricos, os resumos...*

*Son tres as macroestratexias sinaladas como as máis empregadas: supresión, xeneralización e construción, que permiten organizar a información da microestrutura do texto, describindo os feitos dun xeito máis global. Vai, así, avantando da microestrutura a esa idea global do texto, a macroestrutura, por pasos sucesivos: Coherencia local e repetición de argumentos, agrupamento de proposicións e selección - construción das proposicións de alto nivel, ideas globais, principais. A memoria salienta que estas son as proposicións que máis se repiten no seu almacén e as que teñen vínculos con máis argumentos. Por iso fican gravadas.*

O texto, calquera texto, todos os textos, veñen presentados de formas distintas, pero constantes, segundo sexa o tema que pretenden dar a coñecer. **A superestrutura:** *formas de organización, esquemas, moldes distintos pero adecuados, que gardan relación co tipo ou coa natureza do contido que se expón.* Unha guía na que se amosa o texto e coa que o suxeito pode atopar máis facilmente a cerna do discurso.

*Axiña captan os nenos a superestrutura dun conto: personaxes que desenvolven accións en secuencias de episodios dentro de escenarios. De xeito moi distinto «danse a ver» os textos que relatan situacións históricas ou que expoñen conflitos: unha superestrutura que presenta unha relación de causalidade entre os feitos: os antecedentes ou causas e as súas consecuencias.*

B. Meyer, 1985, amosou a existencia de moldes distintos para os distintos textos, que anticipan ou deixan á vista, os propósitos do autor: *enumeración, secuencia temporal, causación, comparación-contraste, problema-solución, descrición...* E poden empregarse como as matriuskas, encapsulando unhas noutras...

Ata aquí a teoría, ben contrastada experimentalmente, do que sabemos do funcionamento da nosa memoria sobre a comprensión dos textos. Pero, ¿teñen repercusión á hora da aprendizaxe e da educación nas aulas escolares?

Toda esta **complexidade de niveis superiores** implicados na comprensión da linguaxe esquecese ou non se atenden na medida da súa importancia, en toda a súa extensión e profundidade, na idade do ensino e da educación obrigatoria. Parecería como se, por considerar que a aprendizaxe da lectoescritura fose unha tarefa das etapas iniciais do Ensino Primario, concluíse aí, nos seus primeiros chanzos máis inmediatos da descodificación gráfica ou sintáctica, pero sen penetrar e acadar o dominio dos niveis semántico e do significado. Craso erro, tanto polo que significa non chegar ao cumio, canto porque así os procesos e niveis básicos fican moi comprometidos. Lémbrese o devandito sobre a interactividade e a facilitación dos procesos iniciais polos de máis alto nivel.

A tarefa da comprensión **non remata** nunca. Bo será que cada profesor no seu eido, teña sempre moi presente como facilitar o acceso aos coñecementos do seu texto específico. A macroestrutura e a superestrutura. Aí se establecen as diferenzas máis acusadas na transmisión de coñecementos das distintas materias. Nada teñen que ver os procedementos empregados para unha demostración da filosofía, cos dun texto expositivo das ciencias naturais e ningún dos dous cos secuenciais da historia. Por non falar das matemáticas ou da física. Son os adultos, no nivel que lles corresponda de **mediadores** na construción de coñecementos, os que teñen que facer útiles estas ferramentas aos alumnos. A tarefa do dominio e comprensión de textos non é un labor exclusivo do ensino primario. Non enténdelo e practicalo así, explica, ao meu entender, erros, fracasos e desgustos abondos dos nosos escolares.

Para completar esta reflexión, un apuntamento máis: todas estas operacións mentais suceden en **tempo real**. Instantaneamente descodifícanse os signos lingüísticos de cada súa palabra da oración, identifícase e recupera o seu significado no almacén da MLP, infírese e extrae a idea desa frase en relación con aquelas coas que se relaciona e integra no parágrafo, ata obter un sentido global e independente do mesmo, para xustapoñelo aos anteriores e posteriores do texto



Canto máis tempo se demore ou se invista nos niveis inferiores, canto menos aleuto sexa o lector na descodificación dos primeiros estadios ou na construción de inferencias, menos posibilidades de chegar ao éxito no proceso de comprensión. Se non o acada, o proceso deberá recomenzar desde o principio, porque o material esvaeceuse e perdéronse moitas das súas trazas da memoria. Terán que ser recuperados nunha segunda ou terceira lectura. En moitos casos, para volver fracasar. Velaí a verdadeira diferenza entre lector experto e novato. Algúns, vai ti saber se por parvos ou por agudos, identifican comprensión lectora con velocidade. Iso significa non entender nada do que aquí estamos a dicir, nin da fondura dos nosos procesos de comprensión.

### Gabanza da memoria

Todo o antedito ten un resumo: **somos memoria**. O noso existir é o stream of thought de W. James, 1886, co que navegamos polos mares da nosa conciencia e existencia.

Ese tempo ou eido fundamental da educación e da aprendizaxe escolar, de cocedura e de enfeitado de nós como seres humanos é especialmente sensible ao éxito no bo uso e cultivo da memoria.

Todo o meu interese neste breve e pequeneiro artigo está aquí:

- importancia e complexidade do «artificio» da memoria,
- erros no seu exercicio.

Non sei se terei chegado a expoñer tales metas coa suficiente claridade.

Para dar conta do segundo apartado dei unha volta pola miña propia memoria e experiencia: repetir e copiar datos. Quixen exemplificar o «artificio», o primeiro, desenvolvendo as operacións da comprensión dos textos.

Os dous elementos son precisos. A memoria opera sobre datos. Ao chegar ao final quero insistir sobre este tema porque, preocupados polo respecto ao alumno, á maduración das súas etapas e estruturas de coñecemento, estadios, subestadios, procesos...

perdemos de vista e afrouxamos a tensión que hai que facer sobre os contidos.

Os meus compañeiros/as de instituto de Educación Secundaria reclaman insistentemente a memorización, diría a mecanización e a automatización de determinados contidos. Os profesores dos departamentos didácticos da área de letras, o verbo. O cabal coñecemento deste núcleo da oración, coa súa realidade expresiva de tipos de conxugación, modos e tempos. Os profesores da área das ciencias reclaman algo tan sinxelo como o dominio ata o nivel da automatización das operacións de sempre acumuladas as catro regras.

Parecería ridículo focalizar nestes dous contidos de memoria todo o resumo do que aquí levamos dito, pero se recollo estes dous exemplos é porque un e outras, verbo e regras de cálculo, invaden e propagan o seu poder en todas as aprendizaxes posteriores, de xeito que, de non ter o alumno un dominio cabal dos mesmos, comprometerá moi seriamente o éxito do seu futuro escolar, coa conseguinte redución do horizonte profesional. Dá mágoa ver e escoitar como reclaman a calculadora para facer unha suma ou multiplicación sinxela. Entristece ler textos de alumnos e alumnas incapaces de correlacionar de xeito doado os verbos de oracións compostas.

Hai, ademais, outra razón desta insistencia: estas aprendizaxes teñen que estar atinxidas e rematadas, ao máximo nivel, nunha unha idade que sinala o fin do ciclo de Primaria. Non é ningún descubrimento o dicir que memorizacións desta índole teñen nesa idade o seu tempo doado. Algo así como o seu período sensitivo ou crítico, a partir do cal a súa consecución convértese en máis e máis difícil.

Con estes fundamentos poderemos avanzar en aprendizaxes de máis rango e entidade, sen estes piares, o edificio do saber e comprender dificilmente poderá poñer o seu ramo.

Velaí un exemplo do que me parece unha desviación a corrixir na educación destes tempos. Un exemplo que non sinala a uns actores concretos de Primaria e Secundaria, sería un erro entendelo así, senón que quere amosar un modo equivocado de facer educación: *a hipertrofia da comprensión e a atrofia da memoria*.

## Referencias bibliográficas

- Baddeley, A. (1984). *Su memoria: cómo conocerla y dominarla*. Madrid: Debate.
- Baddeley, A. (1986). *Working memory*. Oxford: Oxford University Press.
- Baddeley, A. (2000). The episodic buffer. A new component of working memory. *Trends in Cognitive Science*, 4, 417-423.
- Ballesteros, S. (2010). *Psicología de la memoria*. Madrid: Universitas-Uned.
- Ballesteros, S. (2000). *Psicología General: Un enfoque cognitivo para el siglo XXI*. Madrid: Universitat.
- Carriedo, A. e Alonso, J. (1994). *¿Cómo enseñar a comprender un texto?* Madrid: Universidad Autónoma de Madrid.
- Coll, C., Palacios, J. e Marchesi, A. (1992). *Desarrollo psicológico y Educación*. Madrid: Alianza.
- García-Madruga, J.A. (1991). *Desarrollo y conocimiento*. Madrid: Siglo XXI.
- García-Madruga, J.A. e Martín-Cordero, J.I. (1995). *Comprensión y adquisición de conocimientos a partir de textos*. Madrid: Siglo XXI.
- MEC (1969). *La educación en España. Bases para una reforma educativa*. Madrid: Ministerio de Educación e Ciencia.
- Sánchez-Cabaco y otros (2001). *Psicología de la memoria: Ámbitos aplicados*. Madrid: Alianza.
- Sánchez-Cabaco y otros (1999). *Prácticas de Psicología de la memoria*. Madrid: Alianza.
- Sánchez-Miguel, E. (1998). *Comprensión y redacción de textos*. Barcelona: Edebé.
- Sánchez-Miguel, E. (1989). *Procedimientos para instruir en la comprensión de textos*. Madrid: Cide.
- Sebastián, M.V. (1983). *Lecturas de Psicología de la memoria*. Madrid: Alianza.
- Sopeña, A. (1994). *El florido pensil*. Barcelona: Crítica.

# **JOSÉ LUIS SAMPEDRO, PREMIO DOLORES LLÓPIZ - PSICOLOXÍA E SOCIEDADE 2013**

Cadernos de Psicoloxía, 2013, Vol. 34. ISSN: 0213-5973.

**Eliana Martíns**

Xornalista



(...) TODAS ESTAS  
 CARAS ÚNENSE  
 COHERENTEMENTE  
 BAIXO O SEU PERFIL  
 DE HUMANISTA,  
 CUNHA ACTITUDE  
 CRÍTICA E  
 ESCÉPTICA FRONTE  
 AO ESTABLECIDO  
 QUE NUNCA  
 RENUNCIOU A QUE  
 SE PODEN CAMBIAR  
 AS COUSAS

As circunstancias son as que son, e aceptámolas do mellor xeito posible. Pero a todos e todas nos gustaría ter tido a ocasión de escoitar as palabras do profesor Sampedro recollendo o premio Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade 2013, co convencemento de que daría un discurso memorable, aproveitando a oportunidade para expresar as súas ideas, como sempre fixo. Lamentablemente, non foi posible, debido ao seu recente falecemento, pero tentaremos recoñecer a esta figura o mellor posible.

É curioso que se lle renda homenaxe a un economista, que sexa reivindicado como un referente ético, máis aínda cando a economía está máis presente ca nunca no noso día a día, e volvémonos un pouco expertos e expertas, e sabemos de mercados, de primas de risco, de EREs... Pero é que era un economista pouco habitual. El mesmo distinguía dúas clases de economistas: aqueles que traballan para facer máis ricos aos ricos, e os que traballan para facer menos pobres aos pobres, no grupo no que el se incluía. Unha sensibilidade e un compromiso que o fixo ser unha persoa querida, admirada e respectada en vida, algo infrecuente.

Son moitas as caras de Sampedro, algunhas aparentemente paradoxais: temos a un subdirector xeral do Banco Exterior de España, un provocador catedrático de Estrutura Económica na Universidade Complutense de Madrid, que escribe novelas que afondan na natureza das emocións e nas contradicións do ser humano e que na súa vellez se converte na voz do movemento dos indignados. E en cambio, todas estas caras únense coherentemente baixo o seu perfil de humanista, cunha actitude crítica e escéptica fronte ao establecido que nunca renunciou a que se poden cambiar as cousas.

Só se pode escribir por necesidade interior, porque algo está dentro dun, non se pode evitar, dicía el. Foi, probablemente, a súa faceta de escritor a que abriu o camiño para expresar esa sensibilidade humana que se visibilizou na súa vellez e que lle valeu galardóns e un sitio propio na historia da literatura internacional. Podía permitirse dedicar dezanove anos da súa vida a escribir unha novela, porque era unha necesidade vital, cunha fama e un recoñecemento que lle chegaron de xeito tardío e colateral, non intencionado. Porque as súas novelas, para el eran cartas de amor, dirixidas a toda aquela persoa que tivese interese. E ese amor que recibía de

.....  
 (...) UN ANCIÁN QUE  
 LOITOU POR UNHA  
 SOCIEDADE MÁIS  
 XUSTA, CUNHA  
 CONFIANZA PLENA  
 NO SER HUMANO  
 .....

volta, convertido en afecto e recoñecemento dos seus lectores, cos que sempre tivo un vínculo especial, era crucial para el.

Moitas persoas descubrimos a Sampedro na súa faceta como economista, con publicacións infrecuentes nunha persoa de máis de oitenta anos que tiña unha especial proximidade cos movementos sociais alternativos, como o Foro de Porto Alegre, e que xa expresaba unha total confianza na xuventude como motor de cambio.

E despois, co tempo, redescubrímolo doutro xeito. Pensamos en que os nosos fillos e fillas sexan persoas felices, poder ofrecerlle uns estudos, unha boa familia, e en cambio, que pouco pensamos na súa liberdade. E escoitando unha persoa de máis de noventa anos, falar da importancia da educación, das agresións á inocencia da mente infantil, fainos reflexionar máis aínda na responsabilidade que temos para sacar adiante a persoas libres, cun pensamento crítico, capaces de cuestionar e de razoar aquilo que lle vén imposto.

En moitos medios, vemos como se refiren á mocidade de hoxe en día como unha xeración perdida. Acúsana de carecer de ideais, de conformistas, ao tempo que sofren o drama do paro de forma terrible, unha nova vaga de emigración, de xente cualificada que non quere marchar pero non ten máis remedio. Poucas persoas teñen fe nesta xeración, referíndonos ás persoas que teñen poder. Lonxe de acomodarse co paso do anos, de adoptar unha actitude reaccionaria ou pensar que estas guerras xa non eran as súas, Sampedro volveuse máis belixerante coa idade, cunha confianza cega na capacidade da xente máis nova; consciente de que o futuro o escribirán os mozos e as mozas.

Por iso foi a voz dos Indignados, do 15M, un ancián que loitou por unha sociedade máis xusta, cunha confianza plena no ser humano. Foi un home de máis de noventa anos quen animou aos máis novos a dar batalla, para gañala ou para perdela, e a defender as liberdades e os dereitos, a denunciar as inxustizas, a rebelarse e loitar contra a ditadura do medo que reprime a nosa capacidade de actuación baixo ameazas vertidas diariamente nos telexornais.

De Sampedro queda o seu legado: unha lúcida obra ensaística económica; unha rica achega á literatura a través das súas novelas e

contos, como *La sonrisa etrusca* ou *Octubre, Octubre*; e o seu compromiso social, expresado alí onde tiña oportunidade.

Para pechar esta reflexión, podemos traer unha frase que lle dedicou ao seu neto, pero que define unha actitude vital que exerceu durante os seus 96 anos de vida: «que procure vivir, que a vida é para vivila e non se me ocorre outra cousa mellor que facer con ela, e que non crea as cousas que lle contan polo mero feito de que llas contan».



# NORMAS DE PUBLICACIÓN

1. Cadernos de Psicoloxía publica artigos en galego de carácter empírico ou de natureza teórica que supoñan unha contribución ao progreso de calquera ámbito da Psicoloxía.
2. Os traballos deberán ser inéditos, é dicir, nin publicados nin en proceso de publicación. Dáse por suposto que todas as persoas que figuran como autores/as deron a súa conformidade e ceden os dereitos sobre o mesmo en caso de ser aceptado para a súa publicación.
3. Os traballos, elaborados en formato Word. Na primeira páxina incluírase o título do artigo en galego, os nomes dos/as autores/as, a institución á que pertencen, o enderezo do/a autor/a co que se manterá correspondencia e os posíbeis agradecementos. A segunda páxina incluírá de novo o título, un resumo (de entre 150 e 250 palabras), as frases destacadas (unha por cada 350 palabras como máximo) e as palabras-chave que se consideran suficientes e en galego. O resumo reflectirá o obxectivo do estudo, o método e os principios resultados ou conclusións. As figuras e táboas incluíranse ao final do manuscrito, unha en cada páxina. Deberanse compor polas/os autoras/es no modo definitivo (tal como desexen que aparezan) e estar numeradas correlativamente, indicándose a súa ubicación no texto.
4. A redacción dos manuscritos deberá seguir as normas de publicación da APA (Publication Manual of the American Psychological Association, 2005, 6ª edición). As máis importantes resúmense a continuación. As citas bibliográficas no texto faranse co apelido do/a autor/a e o ano de publicación (ambos entre paréntese e separados por unha coma). Se o/a autor/a forma parte da narración, ponse entre parénteses só o ano. Se

se trata de dous/dúas autores/as, sempre se citan ambos/as. Cando o traballo ten máis de dous e menos de seis autoras/es, cítanse todas/os a primeira vez e nas seguintes citas ponse só o apelido do/a primeiro/a seguido de «et al.» e máis o ano. Para máis de seis autoras/es, cítase o/a primeiro/a seguido de «et al.» e en caso de confusión engádense as/os autoras/es subseguintes até resultaren ben identificadas/os. En calquera caso, a referencia na listaxe bibliográfica deberá ser completa. Cando se citan diferentes/as autores/as dentro da mesma paréntese, ordénanse alfabeticamente. Para citar traballos do/a mesmo/a autor/a ou autores/as coa mesma data, engádense ao ano as letras a, b, c, até onde for necesario, repetindo o ano. As referencias bibliográficas irán alfabeticamente ordenadas ao final e atendendo á seguinte normativa:

- **Para libros:** Autor/a (apelido, coma, iniciais de nome e punto; se hai varias/os autoras/es, sepáranse con coma colocando antes do último un «e»); ano (entre parénteses) e punto; título completo en cursiva e punto; cidade de edición, dous puntos e editora. No caso de tratarse dun libro traducido con posterioridade á publicación orixinal, engádesse no fin «orix.» e o ano. Exemplo:

Eysenck, H. J. (1957) *Usos y abusos de la psicología*. Madrid: Biblioteca Nueva (Orix. 1953).

- **Para capítulos de libros:** Autor(es); ano; título do traballo que se cita e, a continuación, introducido con «En», o/a ou os/as directores/as, editores/as ou compiladores/as (iniciais do nome e apelido) seguido entre parénteses de Dir., Ed. ou Comp., engadindo un «s» no caso do plural; o título do libro en cursiva e, entre parénteses, a paxinación do capítulo citado; a cidade e a editora. Exemplo:

Cantón, J. e Cortés, M. (2006). Sintomatología, evaluación y tratamiento del abuso sexual infantil. En V. E. Caballo e M. A. Simón (Dirs.), *Manual de psicología clínica infantil y del adolescente* (pp. 293-312). Madrid: Pirámide.

- **Para revistas:** Autor(es); ano; título do artigo; nome completo da revista en cursiva; vol. en cursiva; e páxina inicial e final. Exemplo:

Botella, C., Guillén, V. e Martínez, P. (1997). Avaliación e tratamento psicolóxico da hipocondría. *Cadernos de Psicología*, 28, 40-58.

- **Para outra casuística** acúdase ao manual citado da APA (2005).

5. Os traballos serán enviados preferentemente en versión electrónica ao e-mail do COPG ([copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)) ou ao seu enderezo de correo postal (Colexio Oficial de Psicología de Galicia, Rúa Espiñeira 10, baixo, 15706 Santiago de Compostela) á atención do Director de Cadernos de Psicología. A súa recepción acusarase de inmediato e no prazo máis breve posíbel informarase acerca da súa aceptación. A responsabilidade da decisión de publicar ou non un orixinal, así como a de determinar a data en que isto se levará a cabo correspóndelle colexiadamente ao Consello de Redacción e, en última instancia, ao Director.

